



areal
revista cultural de Sada

nº **27**
diciembre | 2023

A. C. IRMÁN
SUÁREZ
PICALLO



editorial

O número 27 de Areal chega neste remate do ano cheo de contidos variados que nos levan de viaxe a través da nosa historia e da actualidade máis inmediata, pero tamén polos universos da ficción literaria.

No anterior editorial aludíamos á conmemoración dun dobre centenario: o da chegada a Sada do tranvía e do edificio da Terraza, dous emblemas de modernidade que remataron por facer parte nuclear da nosa identidade. Dedicamos á segunda a capa deste número de Areal para celebrarmos esta peza icónica do noso patrimonio cultural, esta xoia do

modernismo galego tan identificada coa imaxe da nosa vila. Tamén para chamar de novo a atención acerca do seu estado de conservación, que esixe de medidas urxentes. Se non somos quen de preservar e de cooidar o noso símbolo máis recoñecible, aquilo que máis nos singulariza, que seremos capaces de conservar?

edita

A. C. Irmáns Suárez Picallo · Sada

coordinación e maquetaxe

Manuel Pérez Lorenzo

consello de redacción

Rubén Anido Regueiro, Claudia Varela Lourido, Laura I. Pita Campos, Carlos Babío Urkidi, Mercedes Leobalde, Manuel Pérez Lorenzo

Imaxe das capas

A Terraza de Sada

revisión lingüística

Mercedes Leobalde

coordinación artística

Carmen Castelo Monteagudo

impresión

Lugami Artes Gráficas

depósito legal

C 3217-2010

ISSN

2254-8688

tiraxe

1000 exemplares

contacto

info@suarezpicallo.gal

www.arel.gal

areal
revista cultural de Sada

A ENTREVISTA

Montse Pena Presas: «A lingua é unha mostra de como percibimos o mundo».

Conversamos coa filóloga sadense nun ano cheo de novidades

REDACCIÓN

O pasado 15 de agosto, Montse Pena era a encargada de pronunciar o pregón das festas de Sada. Poucas semanas antes, coñecía a nova do seu ingreso como académica correspondente da RAG, recoñecemento ao que xa é unha moi sólida traxectoria no campo da crítica literaria e do estudo da nosa literatura. Naquela xornada inaugural das celebracións patronais, aludía ao aprecio que as persoas temos polos lugares, «porque temos unha memoria apegada a eles que funciona como un mapa dos afectos». «Eu serei sempre unha nena de Sada», recoñecía.

Hoxe conversamos con ela que, malia levar moitos anos residindo fóra da nosa localidade, forma parte da súa paisaxe. E abordamos algunhas cuestións de actualidade para explorar o seu enfoque, sempre enriquecedor.





En que proxectos estás a traballar na actualidade?

Curiosamente, e a pesar de que en principio non me apetecía pola cercanía afectiva, en dous volumes sobre Luísa Villalta, un para edicións Laiovento, que coordino con Mercedes Queixas, e outro para a Universidade de Santiago, que coordino con María Xesús Nogueira. Suporto que precisamente por esa cercanía, preocupábame moito achegar unha visión monolítica de Villalta e de aí que, nos dous casos, se trate de volumes colectivos.

A túa bibliografía é ampla, tanto en ensaios como en textos de carácter didáctico. Cal é o libro que che gustaría escribir e que aínda non escribiches?

Posiblemente, moitos. Á miña cabeza non lle faltan ideas, pero ao meu corpo fáltalle tempo. Dende novas achegas teóricas a diferentes cuestións, como unha visión persoal da historia da literatura infantil en Galicia ou un manual para profesorado sobre educación literaria, ou diferentes biografías de persoeiras distintas, que son o meu verdadeiro vicio. E nalgún momento, tamén, inda que me pesese, imaxino que un libro de ficción. É unha débeda que teño con algunhas persoas, pero especialmente comigo mesma.

Como nai e como experta en literatura infantil e xuvenil, que diagnose fas da relación da mocidade coa lectura?

Creo que, polo xeral, temos moitos preconceitos con isto. O último barómetro da lectura en España amosa que a franxa de idade que máis le por pracer é xustamente a da mocidade, a que vai entre os 10-14 anos e a de 15-18. Evidentemente, tampouco podemos negar o uso que fan dos móbiles, mais opoñer lectura ás tecnoloxías é un erro importante. Creo que nas casas hai que sementar co exemplo e nas escolas hai que desterrar prácticas paradas no tempo, como exames derivados de obras literarias.

O ano pasado publicabas, con María Caamaño Rojo, un traballo sobre a comunicación inclusiva no ensino. Ata que punto é importante o uso da linguaxe á hora de avanzar en igualdade?

Para min a lingua é fundamental neste sentido. Ao final, é unha mostra de como percibimos o mundo. A lingua, en realidade, tamén a facemos as persoas que a falamos, polo que tamén podemos influír nela de maneira substancial, por iso, nomear a realidade incluíndonos ás mulleres é un xeito de reivindicar que estamos nela.





«Nomear a realidade incluíndonos ás mulleres é un xeito de reivindicar que estamos nela»

Unha parte importante do teu traballo investigador e divulgador xira arredor de mulleres escritoras. Como valoras o feito de que se lle dedique o Día das Letras Galegas a Luísa Villalta?

Que se lle dedicasen as letras a Luísa foi unha alegría. Como alumna súa, como muller e como galega é moi importante que se dea a coñecer a súa obra, pero tamén outras facetas da súa personalidade: o seu compromiso lingüístico e ideolóxico e, por suposto, a súa faceta como profesora. Ademais, creo que tamén é unha oportunidade cultural para Sada moi interesante.

O anuncio deste recoñecemento coincidiu felizmente con outro: o teu nomeamento como académica correspondente da RAG. Nun país como o noso, cunha lingua situada –segundo un barómetro do Ministerio de Cultura de Francia- entre as 40 máis influentes do mundo, pero cun uso en clara regresión, sobre todo entre a xente moza, que papel debe asumir esta institución no futuro?

Creo que ese é precisamente o maior reto da RAG nos vindeiros anos: intentar parar o descenso de falantes, que neste momento é unha urxencia. Non obstante, penso que iso tamén vai depen-



«Nas escolas hai que desterrar prácticas paradas no tempo, como exames derivados de obras literarias»



der moito dos poderes políticos e do esforzo que poñan niso. Ás veces esquécenos que a lingua é de todas e todos. Ademais, penso que como retos inmediatos, a RAG tamén debe esforzarse en modernizar a imaxe do galego e da produción cultural que se fai, porque segue habendo moitos preconceptos.

Pouco despois de coñecermos o teu ingreso na RAG, pronunciabas o pregón das Festas de Sada. Durante o teu discurso vimos ao público especialmente emocionado, tanto a xente que te coñece persoalmente como a que non. Supoño que para ti, afeita ás tribunas, tamén resultaría especialmente emotivo.

Dar o pregón das festas foi algo moi especial e, sen dúbida, unha honra coa que non contaba. Estou moi agradecida á corporación por darme esa oportunidade. Tamén unha das cousas máis difíciles que fixen nunca: ese medo xustamente

a fallar no lugar onde para min están boa parte dos afectos. Afortunadamente, creo que a xente que quero quedou moi contenta e moi emocionada. Para min, iso era o máis importante. Iso e que calquera veciña e veciño de Sada se puidese sentir identificado con algunhas das cousas que contei.

Seguindo co foco posto en Sada, e xa para rematar, dínos unha virtude e algo que botes en falta no noso municipio.

Para min virtudes ten moitísimas, porque é o meu lugar no mundo, ese sitio ao que sempre queres volver. Supoño que quedo coa beleza do seu emprazamento e dos seus arredores e co cómodo que é vivir aquí.

Quizais bote en falta que entre todas e todos teñamos máis afán de construír, de facer de Sada un sitio aínda mellor.

Eu no club de baloncesto Golfinhos de Sada

COLECTIVOS DE SADA

XACOBE ANIDO CASTRO

Xa hai uns anos que comecei a xogar ao baloncesto. Fíxeno grazas a uns compañeiros que daquela tamén tiñan o baloncesto como deporte e precisaban de min para poder formar unha nova categoría, xa que entón non había moitos xogadores e tampouco adestradores. Nos meus comezos non tiña nin idea de todo o que ía mudar a miña vida o feito de apuntarme neste club.

Lembro os meus primeiros adestramentos no albergue Mariña Española, na saída de Sada a Gardarío, como cadete de primeiro ano. Ao principio non tiña nin idea de como xogar, recordo que a primeira vez que xoguei un partido nun adestramento confundínme da canastra na que había que anotar. Tampouco sabía botar o balón e moito menos realizar xogadas tácticas na pista. Custoume bastante chegar a mellorar no ámbito de técnica individual, xa que nos adestramentos adoitabamos practicar xogadas e exercicios técnicos.

Levo dende febreiro de 2021 xogando ao baloncesto. A miña primeira temporada (2020–2021) estiven sen xogar partidos oficiais da federación, porque acababa de comezar e pretendía utilizala como modo de mellora na técnica e no físico, que daquela era bastante esixente para min. A seguinte temporada, a do ano 2021–2022, xa xoguei os meus primeiros partidos, ás veces no pavillón municipal de Sada, outras na Coruña, en Arteixo, en Mera... Moitos dos meus amigos e compañeiros cos que estiven a temporada anterior marcharon do club, e uníronse moitos outros. Entón xa estaba na categoría de cadete de segundo ano, era dos maiores de todo o club, xa que non houbo sufi-



cientes xogadores para a seguinte categoría. Nesta temporada aínda non estiven completamente preparado, e a medida que progresaba o ano seguía aprendendo novos movementos tanto de ataque como de defensa, aínda que ese mesmo verán me preparara duramente adestrando todos os días nas pistas de Sada. Case todo o que sei agora mesmo, aínda que estivera no club e adestrara con outras persoas, aprendino eu só soamente vendo xogar os meus amigos. Tamén

me advertían de cousas que mellorar en futuros partidos, pero a gran maioría tiven que aprendelo eu só dicindo non a xogar e limitándome a ver e aprender, e outras veces adestrando eu só e poñendo en práctica o aprendido: entradas, técnica de tiro, botes, pases e, algunhas veces, xogadas imaxinando xente na cancha cortando no lugar correspondente e rematando sempre cunha tripla.

A miña segunda temporada estaba a piques de rematar e, aínda que houbo momentos moi frustrantes na pista e mais no banco, tamén os houbo moi bos; porén, non foi suficiente.

Comeza o verán, e eu decidín apuntarme ao ximnasio e conseguir máis corpo e peso, posto que estaba a pasar a *junior* e precisaba deses dous factores decisivos para facer unha boa temporada. No tempo no que escribo este relato levo catro meses xustos no ximnasio, cunha rutina de cinco días á semana e moita disciplina á hora de adestrar. Agora atópome con máis confianza e ganas de xogar e axudar a gañar partidos esta última temporada.

Grazas á miña decisión de apuntarme a Golfinños coñecín moitísima xente coa mesma paixón polo baloncesto ca min, fixen moitos amigos, mellorei a miña saúde e forma física e conseguín coñecer o amor a un deporte e a un equipo que, se ben non estiven nel tantos anos como os meus compañeiros, converteuse nunha parte importante da miña vida.



Os traballos de recuperación dos restos de Rafael Fernández Casas parecen finalizar con éxito

O mestre de Souto (Carnoedo, Sada), asasinado en 1936, estaba soterrado en Trasanquelos xunto co tamén paseado Juan Torreiro, de Lubre

ABEL LÓPEZ SOTO

O mestre de Souto Rafael Fernández Casas, detido o 20 de agosto de 1936 na súa casa en Souto, paseado, fusilado e tirado na beira do río Mendo no lugar de Trasanquelos, vai ter por fin un enterro digno, de se confirmar os esperanzadores resultados dos traballos de recuperación dos seus restos na foxa común do cemiterio parroquial, onde foron localizados dous cranios con marcas claras de recibir impactos de bala. Un pertencería a Rafael e outro a Juan Torreiro, un veciño de Lubre (Bergondo), ambos os dous soterrados xuntos nese cemiterio parroquial do Concello de Oza-Cesuras, segundo se desprende do informe histórico que guía os traballos de escavación e á espera dos resultados do cotexo de ADN cos de familiares directos.

En novembro de 2021 a Asociación Cultural Irmáns Suárez Picallo (en diante, ACISP) publicou o caderno de Estudos Locais nº 37, dedicado a este mestre comprometido e activista cultural e político da etapa da II República española.

Naquel caderno facíámonos eco da súa interesante traxectoria persoal, dunha infancia difícil, das súas primeiras experiencias profesionais, do seu compromiso como docente coa escola pública, así como do seu activismo cultural e político, como recollen tamén outros traballos anteriores xa publicados. O Caderno da ACISP ofreceu datos inéditos que permitiron aproximarse con maior precisión á localización dos seus restos, entre os que destaca

un arrepiante artigo publicado no xornal A NOSA TERRA o 15 de xullo de 1942 no que, baixo o pseudónimo de «Mariñán», alguén desde Bos Aires narrou con detalle datos sobre a captura e posterior asasinato de Rafael Fernández Casas.





Foto cedida pola familia de Juan Torreiro realizada na visita á foxa a inicios dos anos 40 e que permitiu situar a lugar de soterramento | Fotografía de Xosé A. Seoane Cao

Na presentación dese caderno da ACISP nos locais da Asociación de Veciños Armental, nas antigas escolas de Carnoedo, a finais do ano 2021, tivemos a sorte de contar coa presenza do fillo de Rafael, de nome Orientado, que era un meniño de 18 meses cando lle arrebataron a seu pai. A manifestación do seu desexo de recuperar os restos foi o detonante para que comezásemos a explorar esa posibilidade.

O nome de Orientado, moi pouco común, ten unha explicación ben bonita. Rafael foi Venerable Mestre da Loxa masónica «Agarimo» de Santiago de Compostela, na que ingresou co nome de Orientado, sobrenome que quixo que perdurase transmitíndollo ao seu fillo primoxénito.

Despois de coñecer a vontade de Orientado, desde a ACISP sentímonos na obriga de colaborar na medida das nosas posibilidades, non só a cumprir os seus desexos de dar soterramento digno aos restos do seu pai, senón tamén a restituír a honorabilidade dunha persoa asasinada polo odio e a xenreira daqueles aos que lles molestaban as súas ideas democráticas e para restablecer fielmente a memoria que pretenderon borrar.

O primeiro paso iniciámolo no ano 2022 poñéndonos en contacto co grupo Histagra (Historia Agraria e Política do Mundo Rural. Séculos XIX e XX)¹, un equipo de investigación da Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela que participou desde o ano 2020 na querela arxentina contra os crimes do franquismo e que en Galiza ten feitos importantes traballos, tanto de investigación histórica coma de recuperación de restos en foxas de diferentes lugares.

O seu coordinador, o catedrático de historia contemporánea na USC Lorenzo Fernández Prieto, acolleu con interese a nosa proposta, solicitounos información e derivounos ao grupo Nomes e Voces², que naceu ao abeiro dos traballos que se realizaron ao redor do Ano da Memoria 2006, promovido daquela pola Consellaría de Cultura e Deporte da Xunta de Galiza e que, entre outras, tiña a encomenda de estudar a violencia golpista durante a Guerra Civil e a posguerra, así como ofrecer á sociedade os datos relativos ás persoas que sufriron algún tipo de persecución neste período.

Unha vez que Nomes e Voces determina que é viable a procura dos restos de Rafael, foi con Gus-



A historiadora Conchi López revisando o libro de enterramentos da parroquia | Fotografía de Xosé A. Seoane Cao

tavo Hervella con quen proseguimos os contactos e colaboramos ao longo de todo o ano 2022 fornecendo toda a nosa información e as fontes orais das que dispoñiamos. Gustavo xestionou a partida orzamentaria necesaria para iniciar todos os trámites de localización e exhumación dos restos.

A primeira actuación encamiñada a conseguilo tivo lugar o 16 de novembro de 2022, cando se trasladou ao lugar de Devesos, en Ortigueira, o médico forense do Imelga (Instituto de Medicina Legal de Galicia) Fernando Serrulla para practicarlle a Orientado unha proba de ADN, co fin de asegurar que os restos que se puidesen atopar corresponderían ao seu pai.

O día 1 de xullo de 2023 Gustavo Hervella comunicanos que se van iniciar os traballos sobre o terreo no cemiterio de Trasanquelos, e para facelo pídese nos que a Asociación Cultural Irmáns Suárez Picallo ou o propio Orientado soliciten a exhumación. Desde a ACISP enviámoslle a Orientado o escrito para que fose el quen o asinase persoalmente, con este texto:

Polo presente e ao abeiro do convenio de investigación «Actuacións dentro do plan cuadrienal

de memoria democrática en Galicia 2023» asinado entre a Xunta de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela solicito ao equipo da USC e ao IMELGA a intervención na fosa do cemiterio parroquial de Trasanquelos (Oza-Cesuras) na procura do corpo de Rafael Fernández Casas e a súa identificación se é posible.

En Devesos, a 22 de xullo de 2023

Asdo.: Rafael Orientado Fernández Lamelas

A finais dese mesmo mes, o equipo de Histagra realiza as primeiras medicións no cemiterio de Trasanquelos, e tres meses despois, o día 10 de outubro ás 11 da mañá, iníciáanse os traballos de localización da fosa.

O primeiro día achegouse directamente desde Francia un equipo de persoas especializadas no manexo dun xeorradar, co que exploraron todos os lugares do camposanto onde, segundo as testemuñas e os estudos históricos, podían estar soterrados os restos de Rafael.

Unha vez procesados todos os datos proporcionados polo xeorradar, iniciáronse as catas o luns 20 de outubro. Apareceu sobre o terreo un equipo formado por:

- Conchi López Sánchez, doutora en Historia (USC 2021), redactora do informe histórico que avala a localización da foxa.
- Fernando Serrulla Rech, médico forense do Imelga
- Francisco Alonso Toucido, historiador da USC, director da escavación
- Mario César Vila, arqueólogo, asistente de dirección
- Tania Rial Figueiras, arqueóloga
- Manuel Piñeiro Soto, arqueólogo
- Iria López Viéitez, arqueóloga

A primeira cata realizábase na parte traseira da igrexa e a definitiva no seu lateral esquerdo, onde a historiadora Conchi López situaba a foxa, logo de cotexar os informes históricos e a aparición dunha foto achegada polos familiares do compañeiro tamén fusilado Juan Torreiro, realizada a inicios dos anos 40 nunha visita da familia de Juan á foxa onde tamén outras testemuñas orais sitúan o soterramento de ambos, nun mesmo cadaleito feito con táboas por un veciño do lugar. As testemuñas orais lembran que se soterraron xuntos «un mestre de escola (Rafael) e a un mestre de obras (Juan)».

Foi nese lugar onde se centraron os traballos durante a segunda metade da semana do 20 ao 25 de novembro, que deron como resultado a aparición de numerosos restos óseos entre os que destacan dous cranios, xuntos, ambos os dous con sinais inequívocos de fortes impactos compatibles con disparos de bala. Un achado esperanzador que propio forense valoraba como moi importantes, polo feito de que aparecesen os dous cranios xuntos, con impactos de bala, no lugar esperado e dun xeito concordante co informe histórico.

Este achado fixo medrar o optimismo do grupo, á espera de seren analizados os restos nos laboratorios do Imelga de Verín, e de seren trasladados a Compostela para o cotexo do seu ADN co dos fillos respectivos, para que, nun período non superior a catro meses e unha vez concluídas todas as probas, se produza a confirmación definitiva.

Culminou así un traballo científico rigoroso, e tamén altamente emotivo para Orientado, que, acompañado da súa dona, o venres día 24 visitou a foxa no cemiterio, onde recibiron todas as explicacións por parte do equipo e, moi impresionados, amosaron o seu agradecemento.

Os traballos deste equipo multidisciplinar tiveron un importante eco nos principais medios de comunicación escritos:

<https://www.lavozdegalicia.es/noticia/coruna/sada/2023/10/31/rafael-tumba-flores-hijo-pierde-esperanza-encontrarlo/00031698745849874781330.htm>

<https://www.laopinioncoruna.es/gran-coruna/2023/10/27/curva-vio-morir-maestro-republica-93856671.html>

<https://www.lavozdegalicia.es/noticia/coruna/oza-cesuras/2023/11/23/fernando-serrulla-sobre-excavacion-trasanelos-conviccion-preliminar/00031700747845771819243.htm>

<https://www.laopinioncoruna.es/gran-coruna/2023/11/25/hijo-represaliado-recibe-posibles-restos-95067882.html>

Tamén estivo presente ao longo de toda esa semana, o grupo Lentes Diverxentes, un colectivo audiovisual sen fins de lucro centrado na elaboración de

Inicio dos traballos de escavación da foxa onde se atoparon os cranios | Fotografía de Xosé A. Seoane Cao



proxectos documentais desde unha óptica de comunicación social transformadora que pula por unha sociedade máis xusta e igualitaria.

Susana Recouso e Fran Piñeiro estiveron toda a semana recollendo documentación gráfica e facendo entrevistas, e completarán o traballo desprazándose a Sada para gravar os lugares máis emblemáticos relacionados coa actividade de Fernández Casas, así como para recoller a opinión de membros da ACISP. Unha vez que finalicen o documental, a ACISP convidará os membros de Lentes Diverxentes a presentaren o seu documental en Sada.

Tamén o membro da Xunta Directiva da ACISP Xosé Seoane estivo toda a semana das escavacións documentando fotográfica e videograficamente o máis relevante dos traballos.

É probable que no primeiro trimestre do vindeiro ano 2024 teñamos xa os resultados definitivos. De confirmárense como positivos, colaboraremos na organización do soterramento dos restos de Rafael no cemiterio de Devesos (Ortigueira), ao lado dos

da súa viúva Melisendra, porque ese é o desexo do seu fillo.

Desde a ACISP xa temos iniciados contactos cos Concellos de Sada e Ortigueira para que, xunto coas asociacións memorialísticas e culturais e coas persoas individuais que contribuíron cos seus traballos a manteren viva a memoria de Rafael, participen nese acto público na honra desta vítima dunha barbarie que non debemos esquecer para evitar que se repita.

Desde a ACISP anunciamos que solicitaremos formalmente que o lugar de Trasanqueros onde foi tirado o corpo de Rafael tras o seu asasinato e a foxa na que apareceron os seus restos sexan declarados Lugares de Memoria e que figuren, por tanto, no inventario de lugares de memoria democrática que dispón o art. 51 da Lei 20/2022, do 19 de outubro.

¹ <https://histagra.usc.es/es>

² <https://www.nomesevoces.net/>



Sobre as eleccións presidenciais na República Arxentina

JOSÉ LUIS MEIRÁS (CORRESPONDENTE DE *AREAL* EN MAGDALENA, ARXENTINA)

«Volvimos mejores», dixo Alberto Fernández, hoxe presidente arxentino saínte, no masivo acto con que iniciou o seu mandato o 10 de decembro de 2019. Ao seu lado estaba a vicepresidenta, Cristina Fernández de Kirchner, quen o unxía como candidato do Frente de Todos, unha alianza que reuniu un abanico de forzas co peronismo kirchnerista como centro pero que incluíu tamén forzas que ían desde a esquerda clasista ata o centrodereitista Frente Renovador liderada por Sergio Massa.

A multitude reunida na histórica Plaza de Mayo e que colmaba as rúas e avenidas nos seus arredores celebraba esperanzada a fin do desastroso goberno do empresario multimillonario e dereitista Mauricio Macri. Catro anos despois parece ser o mesmo Macri quen repite a frase de Fernández da man do libertariano e ultradereitista Javier Milei: «Volvimos mejores».

En 2020, o manexo da pandemia e as medidas destinadas a compensar tanto a empresas como aos sectores máis vulnerables da poboación pola caída abrupta da actividade económica por mor do illamento social obrigatorio, como o programa de Asistencia de Emerxencia para o Traballo e a Produción (ATP), para as primeiras, e o Ingreso Familiar de Emerxencia (IFE), para os segundos, situaran a Fernández na cima da súa popularidade, con máis do 80% de apoio popular.

Pero o coronavirus pasou e os pasos en falso do presidente empezaron a se suceder. A publicación de fotos dunha festa de aniversarios da súa esposa

na residencia presidencial, cando iso estaba vedado por decreto para o resto da cidadanía por mor da pandemia; a indecisión para avanzar coa investigación do endebedamento e fuga de capitais durante o goberno de Macri; a falta de políticas de recuperación dos salarios dos traballadores rexistrados; un acordo co Fondo Monetario Internacional con metas imposibles de cumprir; a crecente informalización e precarización laboral; e finalmente a inflación sostida durante toda a súa xestión e que xerou unha profunda angustia popular; todos estes factores, entre moitos outros, foron embazando unha figura que asumiu a presidencia cunha proxección de estadista e terminou o seu mandato como un líder timorato e esvaecido.

A interna loita ao descuberto con Cristina foi outro dos factores que minaron a credibilidade de Alberto. A vicepresidenta en sucesivas oportunidades, xa for mediante cartas públicas nas súas redes sociais ou en discursos en distintos actos, foi marcando as diferenzas co primeiro mandatario, ata que xa nin sequera se comunicaban entre eles. Pero esas críticas, desde dentro do mesmo Goberno, non implicaron nunca unha chamada á resistencia popular contra as súas políticas, máis ben ao contrario, desmobilizaron e desalentaron a poderosa base kirchnerista, que empezou a quedar desorientada e desamparada.

O pasado 22 de outubro leváronse a cabo as eleccións presidenciais e o 19 de novembro produciuse a segunda volta. Milei conseguiu o



Javier Milei, ganador das eleccións argentinas de 2023 | <https://revista.lamardeonuba.es/>

56% dos votos, fronte ao 44% de Sergio Massa.

Moito se escribiu sobre o tema desde entón, pero recomendo sobre todo a lectura do estupendo artigo de Marcelo Figueras publicado no portal «El Cohete a la Luna» co título de «El Teorema del Mamarracho»: <https://www.elcohetelaluna.com/el-teorema-del-mamarracho/>

Debido á súa extensión, reproducimos unicamente a última parte:

Nos sorprende el triunfo del Mamarracho porque olvidamos que fuimos el país que toleró en silencio —es decir: que consintió— la más impiadosa de las dictaduras. Para decirlo de otro modo: le tenemos tan poco aprecio a las normas que nos damos, que apenas nos frustran un poquito fingimos demencia cuando alguien se caga en ellas, miramos a otro lado como si nada hubiese ocurrido — y a veces hasta somos nosotros quienes impulsamos o protagonizamos la transgresión. El horror de los '70 nos movió a hacer un fenomenal esfuerzo mental, a consecuencia del cual sufrimos un derrame o

algo así, porque ahora nuestro Síndrome de Memoria A Corto Plazo achicó sus márgenes y le hacemos el campo orégano a los turros que nos convirtieron en víctimas no hace 40 años, ni 20, sino hace 5 ó 6, durante el gobierno de Macri. Y no sólo los traemos de vuelta sino además recargados, a pesar de que ya no disimulan su intención de no dejar nada en pie.

Estamos tan arrasados mentalmente, que nos hallamos a punto de habilitar algo que hasta hace unos pocos meses hubiésemos considerado imposible e indeseable a la vez. Porque las dictaduras nos eran impuestas, al menos disponíamos de esa excusa: "Eh, qué querés. Estos milicos..." Pero esto no nos fue impuesto. Esto lo elegimos nosotros. Fuimos hasta el lugar de la votación, agarramos la boletita, la metimos dentro del sobre, dejamos saliva en la pegatina del borde, despachamos el sobre dentro de la urna, pusimos la firma y embolsamos el comprobante. Una serie de actos concatenados que no pueden ser atribuidos más que a la voluntad individual, al ejercicio consciente de la determinación.



Cada uno de nosotros hizo lo que decidió hacer, a partir de ese 19 de noviembre al que llegamos como consecuencia de infinidad de actos y omisiones — por ejemplo, el hecho de que casi hayan matado y después proscrito a la líder del partido más grande de la Argentina sin obtener más reacción de nuestra parte que la que tenemos mientras miramos una serie en Netflix. Hoy nos espanta que el Estado de Israel dé la espalda a su experiencia histórica para convertirse en victimario de sus vecinos, mientras se nos escapa que, a pesar de nuestra propia experiencia, estamos habilitando a los victimarios de siempre no para que masacre a un país limítrofe, sino (insisto: ¡una vez más!) a nosotros mismos.

Todos confluimos en la creación de este presente, cada uno a su manera. Y ahora elegimos Presidente a este Mamarracho, así como hace tiempo elegimos a otro Mamarracho y tiempo atrás dejamos hacer a los Mamarrachos de uniforme, porque todos nosotros somos también un poco mamarrachos. Inmaduros, inconsistentes, irresponsables. El pueblo no se equivoca ni deja de equivocarse: es lo que es, y debe asumirlo si quiere madurar alguna vez.

Yo no sé qué harán los que están contentos con esta situación. Allá ellos y su conciencia y su responsabilidad histórica. En lo que a mí respecta, me siento parte de un sector que debe poner las barbas en remo-

jo. No pienso entrar en el juego de destripar a los nuestros ni seguir corriendo detrás de la pelotita que esta gente usa para distraernos. Basta de dejarse llevar por el movimiento, la forma y los colores de lo que agitan en nuestras narices, no nacimos ayer. Es tiempo de no quitar la vista de lo esencial, del fondo de las cosas. De fijar prioridades, porque no se pueden dar todas las luchas al mismo tiempo: la fragmentación es la mejor amiga de la inercia.

Hora de bajar el copete, de callar o hablar lo mínimo y concentrarse en el hacer, día a día. De volver a ser una comunidad que valora como héroes a quienes no sólo piensan en sí mismos. De que el individualismo deje de ser cool. De que los jóvenes experimenten el subidón que se siente cuando cambiás la vida de otra persona para mejor. Y de renovar la confianza en los dirigentes que no duermen porque están pensando durante las 24 horas cómo mierda cuidarnos, y no en los que se desvelan porque oyen voces. Buena gestión de los recursos existentes (porque magia no se puede hacer, con lo que no te habilitan) y buen ejemplo.

Si en efecto queremos volver a bailar con el pueblo, deberíamos sonar más o menos así.

Por lo pronto, voy a escuchar a Pulp al Movistar Arena y Jarvis Cocker cierra el show —como si supiera— con una canción que dice:

*Hermanos, hermanas, ¿no lo ven?
El futuro nos pertenece, a vos y a mí
No habrá peleas en la calle
Creen que nos han derrotado
Pero la venganza será tan dulce
Estamos haciendo una, y la estamos haciendo ahora
Estamos apareciendo desde los flancos
Vos levantá tus manos, esto es una redada
Queremos nuestras casas, queremos nuestras vidas
Queremos las cosas que nos estás negando
No vamos a usar armas, no vamos a usar bombas
Vamos a usar lo que tenemos de sobra
Y eso es nuestro cerebro, yeah.*

Sociedade *Vigilancia de la Ría*

Un recoñecemento pendente

XABIER BRISSET MARTÍN

Dentro da programación do espectacular *XVI Encontro de Embarcacións Tradicionais* celebrado en Sada entre os días 3 e 6 de agosto pasado tiveron ocasión de comisariar a exposición *A Sabedoría das Ribeiras*, na que se homenaxeaba os sadenses que en 1909 constituíron a Sociedade *Vigilancia de la Ría*, comprometéndose a denunciar a todas as unidades pesqueiras de tecnoloxía industrial que non respectasen o *santuario* que reservaba o interior das rías para a pesca tradicional. Esta autoorganización da ribeira pescadora sadense respondía a un momento de máxima tensión no que estaba en xogo o futuro da pesca galega, é dicir, o noso presente. A consecuente actitude na defensa da biodiversidade daqueles sadenses ben merece hoxe un recoñecemento que identifique aqueles magníficos referentes que non podían estar máis próximos.

O paso da pesca tradicional á pesca industrial é doado de visualizar atendendo á mudanza das técnicas e tecnoloxías utilizadas polas unidades pesqueiras. Unha ría cuberta con pequenas e medianas embarcacións coas velas enchidas, como lucían en Sada durante o recente *Encontro*, lévanos á realidade de finais do XIX, cando centenaes de lanchas do xeito e ducias de xávegas e boliches respectaban quendas e vedas, compartindo os farturentos caladoiros coas compañías das artes maiores. *Trahiñas*, *traiñóns* e aínda na Coruña o inmenso *cedazo*, o rei das rías durante varios séculos, que anualmente aproveitaban a colleita da sardiña, entre setembro e decembro, cando máis en sazón estaba para a salga.

Lonxe da imaxe idílica que evoca hoxe ese compasado mar de velas, era un mundo con conflitos e desigualdades, pero tamén de compromisos, identidades e referentes, no que os coñecementos acumulados durante xeracións inmemoriais permanecían vivos nas diferentes ribeiras pescadoras. Por

toda a beiramar galega esas entidades, sen recoñecemento legal nos estados liberais, eran operativas e decisorias nos aspectos esenciais para a colectividade. Expresión máxima da cultura mariñeira, máis aló do etnográfico, do folclórico e de todo tipo de manifestacións materiais e/ou inmateriais, adquiren a súa inmensa dimensión determinando regulamentos, ordenanzas e códigos escritos ou orais, que enmarcan o xeito de se relacionaren os seus integrantes entre si e co omnipresente medio con prácticas sostíbeis, sendo a súa bandeira de identidade a irrenunciábel «posesión do mar» e a consecuente defensa dos seus recursos.

Aquela era unha cultura mariñeira en constante enriquecemento e adaptación, na que nacían, medraban e morrían os que deseñaron, construíron e navegaban nas embarcacións que hoxe chamamos tradicionais e as mulleres que complementándose, facían viables os esforzos de captura e transformación que garantían o futuro dos máis e dos que virán.

Reglamento de la Sociedad de Marineros de la Villa de Salta con el nombre de "Sociedad Vigilancia de la mar"

Objeto de la Asociación

Art. 1.º Esta Sociedad tiene por objeto

1.º Reunir en su seno a todos los obreros que componen el ramo de marineros así como todos aquellos que se dediquen a las faenas de la pesca

2.º Mejorar la condición moral y material de sus asociados.

3.º Apoyarse mutuamente para disfrutar de los beneficios que la Asociación proporcione.

4.º Inculcar en todos los asociados los principios de Solidaridad, unión y armonía atendiendo al lema de, "Todos para uno y uno para todos"

5.º Todo asociado tiene el deber de vigilar toda embarcación que opere con explosivos en los ríos o en las costas vecinas a nuestro Distrito

ENFRONTAMENTO DE CULTURAS

Entre os anos 1883 e 1916, aquela cosmoxía foi desafiada por unha nova cultura, novas ideas na relación cun medio que podía e debía ser explotado sen control, novas necesidades que xustificaban multiplicar o esforzo pesqueiro, novos instrumentos que facían posíbel un máximo de eficacia, medida esta na relación brazos/investmentos/rendibilidade; semellando ser a máxima motivación o afán de centralizar os beneficios en poucas mans. A iso chamaron *liberdade de pesca*, e xenericamente *progreso*.

Evidentemente ese enfrontamento entre culturas foi un proceso ao longo do tempo, con antecedentes mesmo no século XVIII, na primeira guerra polas sardiñas, polo que resulta ousado concretar no ano 1883 o comezo da pugna, tanto como no 1916 a súa finalización, pois nos anos 20 aínda había mares galegos en conflito. Feita a observación, debe salientarse o amoreamento de factores determinantes neses trinta e tres anos nos que se desenvolveron unha ducia de batallas, algunhas gañadas polas ribeiras pescadoras, outras, as defi-

nitivas, polo bando extractivista conformado polos grandes investidores terrestres, conserveiros, exportadores de fresco e os seus poderosos aliados, políticos, xornais e lexisladores.

O último domingo de xaneiro de 1909 celebrouse no Teatro Circo da Coruña un gran mitin de mariñeiros de todo o Golfo Ártabro. Armadores e tripulantes de traíñas interviñeron contra o emprego das tarrafas. A consigna foi organizarse para defender o ben común. Catro días despois redactouse en Sada o regulamento da primeira asociación mariñeira da vila, que contaba con 154 socios fundadores.

Cando se funda a sociedade *Vigilancia de la Ría*, existía un *santuario* de pesca tradicional na ría das Xunqueiras¹. Unha marca entre Punta Coitelada e Seixo Branco era o límite excluín-te. Dentro desa marca só podían pescar as *trahíñas*, *xeitos*, *xávegas* e *boliches*. Fóra, quedaba reservado para as *traíñeiras* con cerco de xaretas. A tres millas da costa podían pescar as *tarrafas* de vapor, tamén con cerco de xaretas pero moito máis grandes.

[esquerda] Primeira páxina dos regulamentos da sociedade *Vigilancia de la Ría* [Arquivo do Reino de Galicia. Fondo do Goberno Civil. G-2552].

Fundadores e directiva: Antonio Abad, Eduardo Abad Vila, Ángel Aguiar Rodríguez, Manuel Andrade Monzo, Domingo Bao, Juan María Blanco Díaz, Manuel Bujía López, Antonio Carballido, Andrés García García, Emilio García Ramos, José Guerra Amor, José Guillén Carregal, Fermín Hermida, Baltasar López Parada, José Ramón Lourido, Manuel Monzo Babío, Jacinto Morlán Vila, Pablo Pena García, Juan Ramos Golán, Sergio Rodríguez Iglesias, José Antonio Suárez Couceiro, Juan Verdía Guerra, Francisco Vila e Arturo Vila López.

O desaparecido Teatro-Circo da Coruña
[Arquivo do Reino de Galicia. Colección fotográfica. Fotografía 1222].





O santuario de pesca tradicional (1900-1910). En azul, artes tradicionais. En negro, artes industriais [cedida polo autor]

[dereita] Capela de San Roque, en Sada, mentres acollía a exposición *Ondas de irmandade* [cedida polo autor]

[páx. seguinte] Cartel da exposición *A sabedoría das ribeiras* estreada en Sada no *XVI Encontro de Embarcacións Tradicionais*

A ría da Coruña foi sacrificada. Os humildes xeiteiros de Mera, Santa Cruz, Perillo, A Coruña..., foron perseguidos e multados por pescar coa máis humilde das artes nos mares de sempre.

Defender o *santuario* de pesca tradicional era un dos principais obxectivos dos mariñeiros sadenses. Tamén erradicar o uso da dinamita na pesca. As súas ideas e prácticas serían hoxe premiadas polo *Código de Conduta para unha pesca responsábel* da FAO.

A súa aposta polas regulacións e a defensa da biodiversidade foi derrotada cando os lexisladores aceptaron os criterios dos extractivistas. Tamén foron humillados e condenados ao esquecemento. Agora que os estudos científicos son unánimes en favor da pesca artesanal e a liberdade de pesca é erradicada ata nos océanos máis afastados, chegou o día de recuperar eses magníficos referentes da pesca de baixura galega. Eles sabían do que falaban.



SADA, CORAZÓN MARIÑEIRO

Vemos na anterior fotografía o aspecto exterior da Capela de San Roque, na que no verán de 2010, coa exposición «Ondas de Irmandade», se conmemoraba o centenario do asociacionismo mariñeiro en Sada. Foi visitada por milleiros de sadenses, que identificaron a máis dun cento de familiares que formaron parte das diferentes directivas das sociedades e sindicatos da vila: sociedade de mariñeiros *Vigilancia de la Ría* (1909); *El Despertar de los tra-*

A sabedoría das ribeiras

Artabria na defensa do santuario de pesca (1883-1916)



Fotografías e audiovisuais: Foto Ríos, Museo Massó, Arquivo Reino de Galicia, Real Academia Galega, CGAI, Museo do Pobo Galego, Arquivo Municipal da Coruña, Archivo General de la Administración, Biblioteca P. M. de Pontedeume e Asociación Irmáns Suárez Picallo de Sada. Co noso agradecemento a Culturmar e ACD Os Patexeiros.

Maquetas Lolo Placer
Home de pau Ramón Carbón

XVI Encontro embarcacións tradicionais
Sada, 3-6 agosto 2023

Comisario Xabier Brisset
Dir. artística Lucía Dancausa

bajadores del Mar (1919); *Gremio de armadores de tarrafas y demás artes de pesca* (1920); *Pósito Marítimo Terrestre* (1926) e *Sindicato Oficios Varios* (1931).

Esta mostra, patrocinada pola Consellería de Pesca, foi estreada na Casa do Mar de Sada en decembro de 2009 e itinerada polo Instituto Isaac Díaz Pardo, Biblioteca Municipal e parroquias de Veigue, Carnoedo, Mondego, Mosteirón e Meirás. Visitou tamén a Escola Náutico Pesqueira de Ferrol, Neda, Fene, Redes e, co patrocinio da Deputación, os concellos de Arteixo, Betanzos, Laracha, Cambre, Carballo, Malpica, Miño, Paderne e Valdoviño, para quedar, finalmente, en poder da Confraría de Pescadores de Sada.

Pola brevidade desta colaboración non podo aquí máis que informar duns artigos publicados na revista *Cátedra* (ver bibliografía) nos que analizo o desafío citado cos documentos da lexislación que xerou e outros procedentes da Axudantía de Mariña de Pontedeume que, en boa medida, son extrapolables á realidade de Sada.

Bibliografía do autor sobre o tema:

«Embarcacións da 2ª guerra polas sardiñas». *Revista Cátedra* nº 30, no prelo. 2023.

«Os mariñeiros que defenderon o santuario». *Revista Cátedra* nº 29, pax. 139-165. 2022.

«A 2ª guerra polas sardiñas en Artabria». *Revista Cátedra* nº 28, pax. 245-268. 2021.

«Centenario do fin do "conflito da ardora"». *Revista Area*/nº 12, pax. 37-40. 2016.

Si, temos referentes !

Hai máis de cen anos a secular cultura das Ribeiras Pescadoras Galegas e os seus criterios autorreguladores foron desafiadas pola cultura extractivista dos partidarios da liberdade de pesca.

Uns, coa experiencia contrastada, procuraban non poñer en perigo o medio de vida dos máis e dos que virán. Os outros, representando o progreso industrial, non recoñecían máis límites no esforzo pesqueiro que a demanda dos mercados e a propia capacidade de captura.

Durante trinta e tres anos ambas cosmovisións teimaron en contar co favor dos lexisladores combinando argumentos e medidas de presión.

Pola variada documentación, hemeroteca e iconografía do período podemos reconstruír ese debate, antes ou despois repetido nos diferentes mares do mundo.

O caso ártabro resulta paradigmático pois foi pasando, na súa orde, por todos os chansos técnicos, tecnolóxicos e lexislativos que determinaron o futuro da pesca galega, é dicir, do noso presente.

Hoxe, cando o *Código de Conducta para unha pesca responsábel* da FAO, inspira a lexislación mundial e a explotación sostible dos recursos é unha máxima científica indiscutíbel, resulta obrigado recuperar do esquecemento as asisadas prácticas e coherente ideario daquelas ribeiras pescadoras que, con contados aliados, defenderon con afouteza o santuario de pesca tradicional ártabro.

¹A ría das Xunqueiras constitúe a parte central do Golfo Ártabro, dende a Punta de Seixo Branco ata Punta Coitelada. Entran as mareas polas desembocaduras dos ríos Eume en Pontedeume, Baxoi en Miño, Lambre en Ponte do Porco e Mandeo en Betanzos. Antigamente eses esteiros estaban cubertos de xuncos, dándolle nome ao conxunto como «ría das Xunqueiras». Funcionarios e ilustrados foráneos rebautizárona dividíndoa como ría de Ares, ría de Betanzos, distrito de Sada..., creando confusión. Para a Mariña estaba dividida en comandancias, axudantías, pero para os pescadores era e é un ecosistema indivisíbel.

Cerámicas do Castro: o valor cultural dun conxunto que debe ser protexido

MANUEL PÉREZ LORENZO

O pasado 11 de agosto tiñamos noticia da incoación, por parte da Xunta de Galicia, do expediente para declarar o Museo Galego de Arte Contemporánea Carlos Maside Ben de Interese Cultural (BIC), a figura que protexe os elementos máis relevantes do patrimonio cultural galego. Era, xa que logo, un notable paso adiante para o recoñecemento e a preservación de todo un fito no panorama museístico do noso país. Dun edificio e dunha pinacoteca que son moito máis que iso: forman parte singular da nosa historia, pois nacen e desenvólvense no marco da industria cultural máis importante da Galicia contemporánea. Porén, a clasificación como BIC, produto dunha prolongada demanda política e social, logo de anos de demora e de vencer reticencias do goberno autonómico, non dá solución a diversas problemáticas ás que se enfrontan o Museo e o complexo no que este se inscribe: Cerámicas do Castro¹.

En primeiro lugar, a declaración como BIC só afecta ao Museo, o que o desliga do conxunto no que está integrado, desampara os demais elementos que o integran e, por conseguinte, recoñécelles un valor inferior ao do ben protexido, unha idea que pode ter nefastas consecuencias ao se proxectar socialmente. As razóns polas que o BIC se debe estender ás Cerámicas do Castro, na súa totalidade, son varias e cada unha en si mesma xustificaría esta decisión. En primeiro lugar, pola necesidade de preservar a obra do seu creador, Isaac Díaz Pardo. Máis alá aínda da súa faceta como pintor e como ceramista —e en ambas é unha figura capital na Galicia do século XX—, o artista compostelán é o pai, o promotor, o ideólogo e o condutor dun

proxecto orixinal e ambicioso conformado polas fábricas de Sada e Sargadelos e todas as iniciativas que foron medrando ao seu redor. Tamén é, en boa medida, o seu executor na práctica cotiá. A el corresponde o deseño de moitas das pezas, pero tamén o desenvolvemento tecnolóxico necesario para podelas materializar. Nos edificios, no mobiliario, na cartelería..., albíscase a súa pegada facilmente identificable.

Para valorar a súa transcendencia hai que ter en conta o contexto e as razóns que motivan os seus actos. O que crea Díaz Pardo en plena posguerra, a finais dos anos corenta, non é unha empresa ao uso. É, probablemente, a principal iniciativa de contestación ao réxime franquista desde o plano cultural. Unha poderosa ferramenta para a democratización da arte (levándoa aos fogares en forma de producións industriais utilitarias), pero tamén para a proxección da identidade diferencial do pobo galego no marco dunha ditadura que a estaba a esmagar e a estigmatizar. A singularidade de tal obra é maior aínda se temos en conta o lugar no que emerge, a apenas dous quilómetros da residencia oficial de verán de Franco, do centro ao redor do cal xiraba o poder político cada verán. A carón do pazo de Meirás, dun dos núcleos do que emanaba a actividade represiva encamiñada a inhibir a resistencia e o cambio, Isaac ergue un foco que irradia modernidade e que, ao mesmo tempo, dignifica e reivindica as formas, os significados e os valores da tradición cultural galega. E faino construíndo unha ponte co mundo libre que representaba o exilio, de tal xeito que é o Castro o principal punto de unión entre dous universos aos que a guerra deixara des-



conectados: a Galicia interior, oprimida polo réxime, e a Galicia desterrada, que, baixo o liderado de figuras como Luís Seoane, Rafael Dieste, Eduardo Blanco Amor ou Ramón Suárez Picallo, seguía a construír país e a alentar un futuro en liberdade desde a outra beira do Atlántico.

Xa que logo, salvagardar e difundir a obra de Díaz Pardo, entendida como o conxunto das súas producións, implica facelo tamén con Cerámicas do Castro. Porén, resulta evidente que, malia o seu papel central, estamos ante unha empresa colectiva, ligada a outras personalidades que tamén son parte creadora: o propio Seoane, o arquitecto Andrés Fernández-Albalat ou, nomeadamente, Carmen Arias de Castro, Mimina, a compañeira de Isaac, que fai posible o nacemento e o desenvolvemento do complexo do Castro. Ela pon os terreos nos que se asenta, que forman parte do vello pazo familiar, e exerce labores centrais na xestión da fábrica, dirixindo a decoración das pezas, deseñando decorados, exercendo como mestra das traballadoras e traballadores, cargando coa dirección cando Díaz Pardo se establece na Arxentina para montar a fábrica de Magdalena, ou ideando e facendo realidade a sección de xoiería, de exitosos resultados. Visibilizar a figura de Mimina, opacada pola súa condición feminina e pola dimensión inmensa de Isaac, é unha tarefa dificilmente abordable se non se ten na debida consideración a súa herdanza máis valiosa, que son as propias Cerámicas do Castro.

Protexer o legado de personalidades de tal magnitude sería xa motivo suficiente para considerar a extensión do BIC a todo o conxunto. Pero existen máis razóns aínda. Actuar de forma congruente é unha delas. No ano 2013, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia incoaba a declaración como BIC, coa categoría de monumento, da outra gran peza que compón o conglomerado creado por Isaac, a fábrica de Sargadelos. Argumentábase entón que os «edificios, construcións e bens asociados a eles conforman unha unidade coherente», polo que cumpría integralos baixo esta figura de protección. A exposición de motivos xustificaba esta medida cos seguintes termos:

O conxunto de edificios que conforman a Fábrica de Cerámica de Sargadelos ligada ao Laboratorio de Formas é a materialización do singular proxec-



to industrial, cultural, social e de identidade galega ideado por Isaac Díaz Pardo e Luís Seoane, froito das reflexións, investigacións e propostas xurdidas no Laboratorio de Formas. Son reflexo directo da vontade de Isaac Díaz Pardo e Luís Seoane de crear un lugar emblemático e pioneiro da creación artística e do rexurdir cultural de Galicia, preto do que foi o antigo complexo das fábricas de siderurxia e cerámica dos séculos XVIII e XIX de Sargadelos, creado por Antonio Raimundo Ibáñez, cuxo pensamento ilustrado inspirou a Isaac.

[...] A Fábrica de Cerámica de Sargadelos ligada ao Laboratorio de Formas, cos seus bens accesorios, conforman un conxunto sobranceiro dentro da arquitectura industrial galega do século XX polo seu valor como industria cerámica punteira enmarcada nun proxecto ambicioso, cultural, social e de identidade galega, así como pola singular configuración arquitectónica e o valor dos bens móbiles e artísticos neles contidos.

Os deseños de Isaac e Luís Seoane son funcionais, de aspecto industrial, de extraordinaria lóxica construtiva e racionais. Neles podemos recoñecer o movemento moderno, pero, ao mesmo tempo, incorporan aspectos da cultura tradicional galega, nun traballo de integración entre a propia tradición e as vangardas europeas do século XX.

A arquitectura, os bens móbiles e artísticos e a produción cerámica da nova fábrica de Sargadelos son froito do estudo da arte e da cultura galegas ao longo da súa historia, buscando nas formas castrexas, medievais ou barrocas, populares, rurais ou urbanas aquilo que puidera identificar a arte galega como un feito diferencial. Este feito diferencial era cotexado e reinterpretado aos ollos da arte do século XX, modernismo, construtivismo ruso, racionalismo da Bauhaus e todas as últimas achegas artísticas e intelectuais da época no ámbito internacional.

A Fábrica de Cerámica de Sargadelos ligada ao Laboratorio de Formas constitúe, pois, un exemplo singular e único de industria, na cal o proceso industrial era parte dun proxecto cultural moito máis ambicioso de rexeneración cultural e social de Galicia e no cal o Laboratorio de Formas e as actividades culturais e de investigación derivadas del e da fábrica conformaron unha realidade sobranceira de vangarda diferencialista galega.

[...] O conxunto de edificios, construcións e bens asociados a eles conforman unha unidade coherente, polo que pode entenderse como un ben industrial de especial interese. Por todo o anterior, dada a significación arquitectónica, artística, científica, técnica e cultural deste ben industrial, sobranceiro e único en Galicia, merece o seu recoñecemento de ben de interese cultural (BIC) coa categoría de monumento.²

Todo este argumentario, punto por punto e sen matices, pode ser aplicado a Cerámicas do Castro. Non existen, pois, razóns para actuar de xeito distinto nun e noutro caso. Máis aínda cando, no caso de Cervo, a declaración BIC non obstaculizou nin moito menos impediu o desenvolvemento da actividade empresarial. É máis, preservar todo vestixio que teña que ver coa identidade orixinal do proxecto de seguro contribuiría á súa continuidade no futuro, se temos en conta que o éxito comercial da marca Sargadelos está ligado ao seu valor simbólico, ao feito de producir bens cuns marcados trazos que a sociedade identifica con Galicia.

En definitiva, e en liña coa actuación da propia Xunta en 2013, estender o BIC ao conxunto xustifícase en base ao que significa Cerámicas do Castro desde os planos histórico, e artístico-cultural³. Esa sorte de capital cultural da Galicia alternativa ao franquismo, que funcionou tamén a partir da Transición como foro de debate, de intercambio de ideas, como centro de formación..., está conformada por toda unha serie de edificios, bens mobles e elementos artísticos integrados que, en si mesmos, posúen valor, pero que o multiplican ao conformar un todo integrado. Falamos da fábrica vella, o edificio no que botou a andar a empresa, un conxunto de volumes acaroados conxugando formas tradicionais con concepcións innovadoras, e que acolleu, no andar superior, o estudio de Díaz Pardo ata os seus últimos días. Fronte a ela, a planta de produción construída en 1963, na que se materializa o encontro entre o deseño arquitectónico de Fernández-Albalat e a pegada da sensibilidade plástica e do espírito práctico de Isaac. Un modelo de fábrica que coida a estética e crea espazos de traballo agradables. Pechando o círculo, as cinco plantas de funcionalismo e de vangarda do LICSA e os módulos hexagonais e o auditorio do Carlos Maside, que obedecen á mesma autoría conxunta. Unhas cons-

trucións que aínda se ven enriquecidas con diversas obras plásticas. O mural de Seoane representando a tres mulleres, a piscina —pía do Loureiro—, deseñada tamén polo propio Seoane, ou a fonte dedicada a Castelao polo ceramista Francisco Pérez Porto, forman parte dun amplo catálogo de pezas de alto valor artístico ás que se poderían sumar elementos como a propia sinalética, que contribúen a cohesionar todo o complexo. E iso sen nos adentrar no interior dos edificios e sen mencionar os bens que acubillan, como o mobiliario deseñado por Díaz Pardo, xa todo un fito central na historia das artes decorativas en Galicia.

Se estes son os continentes, con toda a súa singularidade, non son menos notables os contidos que albergaron. Estamos a falar do lugar no que se produciron algunhas das pezas máis celebradas da industria porcelánica do século XX a nivel internacional; o lugar no que se editou —con Edicións do Castro— o corpus bibliográfico máis relevante no desenvolvemento da historia e da ciencia en Galicia; o lugar no que se reuniron e no que se atesouran obras pictóricas que compoñen unha colección única por moitos motivos, sobre todo polo espírito baixo o que foi reunida: o de devolverlle á sociedade galega, coas ferramentas didácticas e museolóxicas axeitadas, o contacto coas manifestacións artísticas de vangarda truncadas ou afastadas pola ditadura, en estreito contacto, ao mesmo tempo, coas correntes internacionais. E é que o Carlos Maside non é un museo máis. Obedece ao seu contexto e é produto daquel afán conxunto de Seoane e Díaz Pardo por modernizar o país democratizando a cultura. Protexer o Carlos Maside en solitario, desligándoo do conxunto das Cerámicas do Castro, significa permitir a destrución de boa parte do seu valor.

Por outra parte, e entrando xa en terreos máis lamacentos, a declaración como BIC non arranxa a principal problemática á que se enfronta o museo hoxe: non muda a súa xestión, en mans de quen coordina o grupo Sargadelos. Unha xestión que reiteradamente manifestou o seu desprezo polo legado de Seoane e de Isaac (non en van desprazou a este último da dirección das empresas) e minusvalorou publicamente o valor cultural dos elementos que compoñen O Castro, e que rachou con todo o que o museo significaba e coa idea da fábrica de cerámica como industria cultural, ao servi-



zo dun fin maior que o de obter lucro empresarial.

Cómpre retomar o espírito fundacional —denominación incluída— do Museo Galego de Arte Contemporánea Carlos Maside, que non é algo etéreo que poidamos enunciar aquí: é o mesmo espírito que alumeou o nacemento do Laboratorio de Formas de Galicia, a entidade á que corresponde, legalmente, a dirección da pinacoteca, e que hoxe se ve privada mesmo de acceso ás súas estancias. Son as ideas expresadas en tantas ocasións polos fundadores do Laboratorio, Isaac Díaz Pardo e Luís Seoane. Este último, nunha audición radiofónica de Galicia Emigrante, dicía en 1970:

Nos hemos referido en una oportunidad última al museo de arte Carlos Maside del Castro, Ayuntamiento de Sada. Se inauguró en el mes de mayo de este año, con la concurrencia de ilustres personalidades de toda Galicia, con muchísima asistencia de jóvenes [...].

Desde junio se proyectaron dos películas sobre la pintura expresionista alemana, Pablo Picasso,

las acuarelas de Emil Nolde, sobre el Bauhaus, sobre Le Corbusier, [...] etc. Aparte de esta labor, se pronuncian conferencias sobre temas de arte en relación con Galicia. Conferencias y proyección de películas, resultan ser una parte de lo que se proyectó para el futuro de este museo, pero aún así puede dar idea al público en general del nivel que se propusieron sus fundadores, intentando crear un centro cultural desplazado de la ciudad que tuviese como primer apoyo, el de los campesinos, obreros y pescadores que son sus vecinos y que hoy se sienten orgullosos del museo Carlos Maside, su museo, pues ellos, jóvenes y ancianos y niños de la aldea, transitan por sus salas con entera libertad. Al mismo tiempo en una de sus paredes se exponen carteles de arte de distintas partes del mundo, bastantes de Buenos Aires, familiarizándose la gente con grandes nombres universales.

[...] Todo esto fue proyectado desde Buenos Aires por dos artistas gallegos a quienes importan más los hechos que las frases hechas, que los gritos, y que solo reconocen como superiores a



A planta de produción, co mural de seoane, o museo Carlos Maside, á dereita, e o LICSA, ao fondo [Fotografía de Xosé Díaz]

quienes tienen mayor talento. Que en cuanto a Galicia están hartos de quiénes se juzgan dueños de ella, porque la piensan los domingos y los días de reunión de juntas directivas.

A Galicia hay que liberarla con hechos, con pequeños hechos, con obras por minúsculas que sean, pero que sean proyectadas para su territorio.

No puede ser que existan gentes dispuestas a juzgar a los demás, hacer de jueces y fiscales, sin que nadie pueda saber qué hacen con ellos, qué han hecho nunca. El Museo de El Castro es una realidad como lo es Sargadelos.⁴

Un museo ao servizo do país e non dunha empresa. Xustamente ao revés: unha empresa concibida como industria cultural ao servizo de iniciativas como o propio Museo Carlos Maside. Doutro xeito, estarase —de feito, estase— a prostituír o legado de Díaz Pardo e de Seoane. A nosa propia historia.

¹ Por razóns semellantes ás que aquí se enuncian, a A. C. Irmáns Suárez Picallo presentou alegacións ao pro-

ceso de declaración como BIC, reclamando que se estenda esta figura de protección ao conxunto de edificacións que conforman Cerámicas do Castro (<https://areal.gal/2023/09/a-acisp-formula-alegacions-ao-expediente-de-declaracion-bic-do-museo-carlos-maside.html>).

² RESOLUCIÓN do 25 de xaneiro de 2013, da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, pola que se incoa o procedemento para a declaración de ben de interese cultural, coa categoría de monumento, a favor da Fábrica de Cerámica de Sargadelos ligada ao Laboratorio de Formas, no termo municipal de Cervo (Lugo). DOG Núm. 31, de 13/02/2013.

³ Sobre o xurdimento e a historia de Cerámicas do Castro, *vid.* Díaz, X.: *Isaac Díaz Pardo e as Cerámicas do Castro*, Cadernos de Estudos Locais, nº extraordinario, Sada: A. C. Irmáns Suárez Picallo, 2011.

⁴ Debemos agradecer a María América Díaz o oportuno rescate deste texto de Seoane, publicado orixinalmente en *Galicia emigrante. Escolma de textos da audición radial*, Sada: Edición do Castro, 1989 (edición a cargo de Lino Braxe e Xavier Seoane).

A música reservada dos sonetos de Luísa Villalta

MIRO VILLAR

Un sonnet sans défauts vaut seul un long poème /
Mais en vain mille auteurs y pensent arriver /
Et cet heureux phénix est encore à trouver.
Nicolas Boileau, *L'Art poétique* (1674)

En 1991 na colección de Poesía das Edicións do Castro, o liquidado proxecto editorial do lembrado Isaac Díaz Pardo, saía do prelo das Gráficas Moret o primeiro libro de poemas da escritora coruñesa Luísa Villalta (1957-2004), que levaba por título *Música reservada*.

A devandita colección non ocupaba un espazo central no sistema literario galego nas décadas dos oitenta e noventa. Na primeira salientaba polo número de títulos a prestixiosa colección Leliadoura, da editorial Sotelo Blanco, e cabo dela aínda que máis atrás figuraban as coleccións Dombate, de Galaxia, e Vento Branco, de Xerais. E na segunda, coa creba de Sotelo Blanco, o mascarón de proa correspondeulle á nacente Espiral Maior, dirixida polo poeta Miguel Anxo Fernán-Vello, quen había acoller as obras futuras de Luísa Villalta.

Así pois, desde as marxes, aparecía *Música reservada*, onde a poeta xuntaba varios cadernos dispostos de xeito retrospectivo. O volume ábrese co que lle daba título ao libro, un caderno datado en 1987, logo temos «O oco da palabra» (1983), «Grial do sol perdido» (1985), até chegarmos ao intitulado «Pós-data», que xunta catro textos sen datación cronolóxica, e finalmente a derradeira achega é un «Poema cíclico para soprano e cuarteto de corda», subdividido en catro movementos con cadansúa epígrafe: Allegro, Adagio, Scherzo e Finale. Un conxunto que como ben sinala Armando Requeixo (2023) sitúa a súa obra no ronsel da denominada «poesía dos oitenta», por máis que concordamos

que haxa outros trazos que a sitúan tamén moi próxima da «poesía dos noventa».

A nosa atención vaise centrar na ducia de sonetos que aparecen no apartado «Música reservada» (1987), completados cun sexteto e co longo poema «Courante» en tercetos. Todos eles sen título, agás o derradeiro da serie «Zarabanda».

Antes de nos debruzar sobre esa ducia de sonetos cómpre facermos unha reflexión sobre a escolla desta forma estrófica pechada de longa tradición en todas as literaturas, tamén na nosa desde o anónimo «Soneto de Monterrei» (1530-1540?) ao que lle seguiron centos dos nosos poetas en todas as épocas.

Porén, na poesía galega deste século XXI o soneto está esquecido e teño para min que na actualidade é moi difícil que fose publicado ou premiado un sonetario ou libro de sonetos, algo que non acontece nas literaturas da nosa contorna. Velaquí apenas dous exemplos. O sonetario *Nó* (Assírio & Alvim, 2014), da autoría de Daniel Jonas (Porto, 1973. Mestre en Teoría da Literatura, poeta, dramaturgo e tradutor), foi distinguido por unanimidade co «Grande prémio de poesía Teixeira de Pascoaes» da Associação Portuguesa de Escritores (APE). E o escocés Don Paterson (Dundee, 1963. Profesor de Literatura Comparada, poeta e músico) con *40 Sonnets* (Faber & Faber, 2015) foi o Winner of the 2015 Costa Poetry Award, que anualmente premia os mellores libros de poesía e narrativa de autoras e autores británicos.

MÚSICA RESERVADA

LUÍSA VILLALTA



EDICIÓS DO CASTRO/Poesía

Na década dos oitenta o soneto aínda estaba na crista da onda poética galega. Con só facermos unha cala non exhaustiva no ano no que Luísa Villalta datou os seus sonetos (1987), pódese anotar a profusión desa estrofa e mesmo o éxito editorial e o recoñecemento por parte de xurados e crítica.

Así, publícase *Amor e tempo liso (Cancioneiro)* (Sotelo Blanco) de Darío Xohán Cabana (1952-2021), que inclúe tres cancións e 56 sonetos datados polo autor en 1984-1985, recibira o Premio Celso Emilio Ferreiro 1986 e aparece na Colección Compostela, nº 1 do Concello de Santiago de Compostela.

Tamén aparece a compilación *Anos de viaxe* (Xerais), onde Xavier R. Baixeras xunta os seus primeiros títulos, con preponderancia de sonetos en *Fentos do mar*, *Lembranza do areal*, *Os celestes faiados...* E noutros volumes compilatorios como *Herdo de memoria e tempo* (Xerais) de X. L. Franco Grande (1936-2020) tamén se inclúen algúns sonetos ou en *Álvarez Blázquez. Poesía galega completa* (Xerais) aparecen os sonetos «Naufraxio», «Maternidade», «Pesadelo», «Vello cancionero», «Otero Pedrayo, home» publicados anteriormente en *Canle segredo* (1951-1953). Por parte, Arcadio López-Casanova (1942-2022) revisitaba nunha nova edición os seus *Mesteres* (Vía Láctea), onde temos dous sonetos no «Mester da reconciliación», doce sonetos no «Mester da elexía» e outros dous sonetos no «Mester da terra». E aínda Víctor Campio Pereira no seu *O ar que nos leva* (edición de autor) sitúa un dos seus sonetos como «Prólogo».

E entre as novidades dese ano de 1987 tamén anotamos sonetística; así, en *Matria de sombra* (Sotelo Blanco) de Xesús Rábade Paredes hai dous sonetos iniciais a modo de conceptualización do libro. Incluso poderíamos amentar, sen incluír sonetos, a preponderancia dos hendecasílabos en obras como *Entre água e fogo (Cantos da terra posuída)* (Sotelo Blanco) de Miguel Anxo Fernán-Vello ou *A ronda invisible* (Vía Láctea) de Luís Rei Núñez.

Non publicaron nese ano mais si pouco antes ou pouco despois poetas de moita habelencia e mestría co soneto como Fiz Vergara Vilariño (1953-1997), Xosé Carlos Gómez Alfaro (1949-2008), Ramiro Fonte (1957-2008), Isidro Novo (1951-2018), Xavier Seoane, Edelmiro Vázquez Naval, Millán Picouto, Xosé Miranda, Román Raña e outros nomes que nesa altura cultivaron esta forma estrófica de maneira máis esporádica.

Daquela é doado inferir que a destreza na escrita do soneto era na década dos oitenta testemuña do oficio de poeta e a forma pechada gozaba de moito prestixio.

E como son os doce sonetos da autoría de Luísa Villalta?

A primeira resposta achámola na lúcida páxina do «Prólogo», que se converte nunha autopoética. Como afirmamos noutro lugar (Villar, 2004), este prefacio ou introdución que constrúe a escritora é, en certa maneira, outro exemplo de prosa poética ou longo poema narrativo que se revela iniciático do percurso que nos agarda. «Eis a Música, que brota como o río da existencia, e a Palabra, que interpreta o seu ritmo como unha danza ritual arredor do lume da intelixencia. Eis a Poesía, palabra melódica». Ou aínda estoutro parágrafo que resume os alicerces da creación persoal «este libro nace dunha experiencia musical que busca o lume da palabra para entender a sombra do seu propio corpo».

Luísa Villalta tamén nos fala do porqué da epígrafe, da compilación feita por compositores do Renacemento de obras fortemente expresivas, «independentes dos gustos do público e da moda, reservadas só para coñecedores». E con certeza que este seu libro é rotundamente expresivo.

Finalmente avísanos a lectoras e lectores de que ao peneirarmos nos seus adentros, con deleite sabermos que «a palabra melódica é a reflexión rítmica».



Luisa Villalta fotografada para o seu libro
Música reservada [Edicións do Castro, 1991]

ca sobre a música da existencia, un camiño ao coñecemento».

Proba do seu oficio é o aspecto formal dos sonetos, no tocante á métrica a maioría son de versos hendecasilabos agás dous en dodecasilabos. Unicamente anotamos unha imperfección pois o verso que principia os tercetos no quinto devén dodecasílabo e non hendecasilabo como lle correspondería. E con respecto á rima, alén dos dous sonetos de versos libres, case sempre opta por facer uso de dous cuartetos e xa logo moita variedade nas rimas dos dous tercetos.

En consecuencia, Luísa Villalta aposta pola estrutura máis clásica do soneto contemporáneo en xeral. As principais rupturas con esta escola veñen pola presenza dun único soneto de cuartetos independentes e, sobre todo, deses tres sonetos de verso libre e tamén de que en dous destes últimos faga uso do dodecasílabo.

O devandito soneto de cuartetos independentes [Tinta do mar, escribo, cando toca] é tamén o único que segue o modelo do denominado «soneto inglés» ou «soneto de Shakespeare», pois está conformado por tres cuartetos con rimas diferentes e un pareado final.

Velaquí unha síntese, onde as composicións que non teñen título cítanse polo primeiro verso:

1. [En soneto de sons que soan sendo] ABBA ABBA CDC DCD (11)

2. [Falaban os salgueiros do seu río] ABBA ABBA CDE EDC (11)

3. [Somos o doce fio que o silencio outorga] Soneto de versos libres (12)

4. [Tinta do mar, escribo, cando toca] ABAB CDCD EFEF GG (11)

5. [Escreber como quen elixe un día] ABBA ABBA CDC DCD (11)

6. [Un paxaro voando cara ao lume] ABBA ABBA CCD EED (11)

7. [Basta esa música interior sentida] ABBA ABBA CDE CDE (11)

8. [O cego ollar da pedra é a razón] ABBA ABBA CDE CDE (11)

9. [O tempo inventará a melodía] ABBA ABBA CDE DCE (11)

10. [Torre de sol en flor, un instrumento] ABBA ABBA CDC DCD (11)

11. [Gañar, perder, criar un simple soño] Soneto de versos libres, con asonancias e-a (11)

12. «Zarabanda» Soneto de versos libres, con asonancias e-o (12)

Na temática os sonetos teñen en común a amalgama entre as súas dúas grandes paixóns vitais, a música e a poesía como forma de pensamento e de coñecemento, pois falan do son e da melodía, da música interior, da palabra e da escrita, do tem-

po, da noite, do soñar ou do vivir. E o dicir dos poemas sempre vai nun ritmo lento, cheo de reverberacións e ecos, como acontece na fermosa aliteración do verso inicial «En soneto de sons que soan sendo», mais tamén con apelacións a interpretar os silencios, «outras voces que o sentido ouviría / cando os sons da súa música calasen».

Non faltan as continuas presenza do río como motivo poético, tema literario universal e tamén na nosa tradición desde a época medieval, que tería a ver co propio transcorrer da vida e a memoria do pasado seguindo a Bachelard (1978): «No puedo sentarme cerca de un río sin caer en una profunda ensoñación, sin volver a encontrarme con mi dicha... No es necesario que sea el arroyo de uno, el agua de uno. El agua anónima sabe todos mis secretos. El mismo recuerdo surge de todas las fuentes...»

Falaban os salgueiros do seu río (...)

ou

Como cantar entón sobre outro río?

ou

As cores son aos ollos vermes de algo
descomposto para a vida diluir-se,
como un río, si, pero caíndo
en si mesmo, sempre e retornando.

A reflexión metapoética ou metaliteraria é moi evidente nos sonetos [Tinta do mar, escribo, cando toca] e [Escriber como quen elixe un día] cualificando a escrita como unha ousadía e observando como se borran os nomes ou as palabras elixidas, velaí a dificultade, mesmo botando man dunha das escasas mostras culturalistas destes sonetos ao recorrer á mitoloxía grega do deus Saturno devorando o seu fillo.

Sen tampouco o citar expresamente hai outra alusión mitolóxica ao mito de Ícaro no seguinte soneto [Un paxaro voando cara ao lume] que ben lle puidera chegar dalgunha das versións de música clásica, de feito no poema aparece o violoncello, que desde o barroco recrearon esa tráxica lenda.

Alén diso, a voz poética non só describe o son, a melodía que aínda pode ser descodificada, interpretada, pois tamén se aventura por calexas introspectivas que transgreden os sentidos: «Basta ese música interior sentida, / (...) de vivir sen saber o que é a vida». Está a falar da música da existencia, como

suxería na introdución, e deste xeito chega a dicir que vivir é deambular ou quebrar espazos, mentres que soñar podería ser dilatarse até a ruptura para acrecentar a claridade da luz, porque, non en van «O tempo inventará a melodía (...) / e os poemas serán cantos dun día».

Os versos libres de [Gañar, perder, criar un simple soño] reparan na diferenza entre a vida e o mundo onírico, como espazos que converxen e diverxen as máis das veces.

Finalmente, no soneto «Zarabanda», no que os dous tercetos son interrogacións retóricas sobre a dor da eternidade e o efémero da existencia, «porque o son é o momento único da vida» afirma cando xa nos tiña advertido con anterioridade «O son, a súa oquedade sobrevida / viaxa en corazóns cara á súa morte».

Con anterioridade Luisa Villalta ensaiara o soneto no caderno intitulado «O oco da palabra» 1986), concretamente para dar inicio á parte «A escrita» co texto [Non abonda a palabra recitada] que segue o esquema ABBA ABBA CDC DCD (11), porén cunha rima forzada nos versos segundo e terceiro memoria / ignora e nos versos sexto e sétimo incolora / acesoría.

E con posterioridade non retornou ao soneto, cando menos na súa poesía édita, mais en todos os seus libros hai composicións que recorren á música interna do hendecasilabo, do heptasilabo ou do alexandrino, un trazo que sitúa a autora na constelación de poetas que pescudaban na arquitectura formal sen deixar por iso de ensaiar e cultivar os camiños do verso indómito e libre.

BIBLIOGRAFÍA BÁSICA

Bachelard, Gaston (1978). *El agua y los sueños. Ensayo sobre la imaginación de la materia*. Tradución de Ida Vitale. Fondo de Cultura Económica, México.

Villalta, Luísa (2021). *O outro lado da música, a poesía*. Edición e Introducción de Armando Requeixo. Vigo: Galaxia.

Villalta, Luísa (2023). *Pensar é escuro. Poesía reunida (1991-2004)*. Edición e Introducción de Armando Requeixo. Vigo: Galaxia.

Villar, Miro (2004). «*Música reservada*, de Luísa Villalta». *Festa da Palabra Silenciada*. pp. 70-72. A nosa re- censión reelabora parcialmente a que se publicou co mesmo título en *A Nosa Terra*, nº 520, 30 de abril de

O cárcere coruñés sentenciado ao silencio

CLAUDIA VARELA LOURIDO

No corazón da cidade herculina existe unha rúa cuxo nome posiblemente fose atribuído numerosas veces aos antigos veleiros que sucaban as augas galegas. A coñecida rúa Galera, que hoxe alberga numerosos bares, restaurantes e tendas, foi ata finais do século XIX un enclave recordado polo cárcere que alí se erixía. Un cárcere destinado ás «malas mulleres».

Así o recolle a escritora Marilar Aleixandre no seu libro, que leva ese mesmo nome. Ela mesma rememora ao longo da lectura ese «mudo coro das malas mulleres». Esas mulleres que foron olvidadas e silenciadas, cuxa historia foi soterrada deliberadamente. Porque a violencia institucional tamén se manifesta na exclusión. A exclusión daquelas vidas, daquelas historias, que non merecen a pena ser lembradas. «Pobres de nós! Chora, muller, escoitamos os teus queixumes. Só nos é dado lamentarnos en silencio. Canta: escoitamos as túas mágoas», recitou Marilar nun fragmento do libro.

As institucións de reclusión femininas diferiron moito das masculinas ao longo dos séculos. Se unha institución penitenciaria ten como finalidade impoñer un castigo corrector para os que cometeron algún acto indigno, o tratamento dos encerros e da delincuencia era diferente para os homes e para as mulleres. Nas prisións masculinas, a única finalidade dos reclusos era esperar a que un xuíz ditase condeza. Porén, nas prisións femininas o compoñente moralizador e reformador era evidente.

Os homes xeralmente eran sentenciados por incumpriren a normativa xurídica vixente, mentres que as mulleres tendían a ser xulgadas pola trans-

gresión da normativa social, sobre todo ao falarmos da súa sexualidade. E por este mesmo motivo xorden as galeras femininas como prisións destinadas a albergar mulleres «indignas» durante un período de tempo delimitado, no que, sempre baixo a visión omnipotente da relixión, se trataba de que volvesen a cumprir co seu mandato feminino para ser reinsertadas na sociedade. Submisión, traballo doméstico e maternidade eran as únicas cuestións que as mulleres debían ter na cabeza.

Aquelas mulleres acusadas de prostitución, roubo, adulterio, ebriedade, malversación ou blasfemia eran perseguidas polas institucións políticas e reli-

Plano da Coruña a mediados do s. XIX

[Atlas de España y sus posesiones de ultramar, Francisco Coello, Madrid, 1865]



xiosas, e recludas nestas prisións femininas. Pero, sen dúbida, o delito máis castigado era o infanticidio. Nunha época na que as condicións vitais da meirande parte das familias eran moi precarias, numerosas mulleres acudían a locais clandestinos onde abortaban, para evitar traer ao mundo un neno que non podían manter. No mellor dos casos, non sufrían ningún dano, mais en ocasións as mulleres falecían durante o procedemento, ou días despois, desangradas por mor de hemorragias internas que non podían ser tratadas nun hospital.

Concepción Arenal, unha das primeiras voces feministas, era ademais xurista, e nun fragmento da súa obra *Cartas a los presos* expón as consecuencias do infanticidio, tanto para a nai, como para aqueles que encubriron o delito:

Llorad lágrimas de sangre las que habéis inmolado a vuestros hijos; lloremos todas como las hijas de Jerusalén, y puedan nuestras lágrimas reunidas imprimir la gravedad de vuestro delito en la opinión de los hombres, y borrar su huella ante el Tribunal de Dios. Si no, su fallo será más terrible que el de la ley humana. Dice así:


Art. 336. La madre que por ocultar su deshon-

ra matare al hijo que no haya cumplido tres días, será castigada con la pena de prisión menor. Los abuelos maternos que para ocultar la deshonra de la madre cometieren este delito, con la de prisión mayor.

Concepción Arenal foi a visitadora da Galera da Coruña. Apenas existen rexistros das mulleres que habitaron esta prisión. É moi posíbel que moitas desas mulleres fosen condenadas por roubar un pedazo de pan, por non ter un domicilio establecido ou por ser violadas. Sendo unha institución que cambiou profundamente moitas vidas, o inventario desta prisión nunca foi investigado.

Marilar Aleixandre, en *As malas mulleres*, realiza unha profunda panorámica pola Galera da Coruña e todo o que englobou a súa existencia. Por medio de tres voces femininas: Juana de Vega, Concepción Arenal e Sisca, analiza dende diversas perspectivas a vida na Galiza de finais do XIX, tanto dentro do cárcere como nas rúas coruñesas. Juana de Vega, condesa de Espoz e Mina, constitúe unha personaxe fundamental na obra, xa que permite entender as diferenzas sociais que existían nese momento histórico. Non obstante, a personaxe máis rele-





Concepción Arenal [*Eco de Galicia*, 20/09/1917]

vante é Sisca, unha rapaza de apenas dezaseis anos que é encarcerada por ser cómplice dos abortos que levou a cabo a súa nai, falecida tras unha das intervencións. Así mesmo, Concepción Arenal foi unha das pioneiras da dignificación das persoas e da abolición da escravitude, aínda presente en Galicia a finais do século XIX. Polo tanto, a súa figura é transcendental para cambiar o transcurso da Galera nos anos que exerceu de visitadora.

Xunto a Juana de Vega, mellorou as condicións de vida das mulleres que alí vivían, puxo en marcha un programa para alfabetizalas e promoveu a realización de diversas actividades que converterían as presas en mulleres letradas e útiles unha vez cumprisen a súa condena. O diario *Almanaque de Ferrol*, publicaba un número adicado á visitadora, no que se exemplifican á perfección as súas obras caritativas:

La Sra. Arenal, en vista de estas informalidades y de que no sabían apreciarse sus ideales, resolvió separarse de la Asociación, con la pena consiguiente, por parte de sus admiradores. Considerándola el Gobierno, con grandes conocimientos de derecho penal, fue nombrada inspectora de

cárceles, título no conferido á una mujer hasta entonces, y más tarde, visitadora de la cárcel de la Coruña, cargo que aceptó obligada por cariñosos ruegos. Unida á la noble y caritativa Condesa de Espoz y Mina por los estrechos lazos de una amistad sincera, trabajaron sin descanso por el bien social, organizando las juntas de señoras para instruir y moralizar á las presas. En el tiempo que Concepción Arenal, ejerció el cargo de visitadora de la cárcel en la Coruña, daba conferencias á las reclusas, ayudada siempre por la bondadosa Condesa de Espoz y Mina y algunas otras señoras.

Estas conferencias eran una verdadera enseñanza moral y educativa, siendo tan práctico el resultado, que la Sra. Arenal llegó á ver reunidas, á su alrededor, más de 300 mujeres. De este estudio psicológico, nació la publicación de las «Cartas á los delinquentes» en que se desarrollaba y explicaba la teoría de la Justicia. En sus frecuentes visitas á la cárcel, visitas practicadas con celo, y tan ilustre criterio que en poco tiempo había purificado los corazones más rebeldes al sentimiento, era tan dulce en el decir, tan persuasiva su palabra, que, así como á Jesús, cuando predicaba en las orillas del mar, salían los peces á la playa á escuchar su divina palabra, así la palabra de la Sra. Arenal atraía las almas, y todas las presas se reunían para escuchar sus consejos y besar una y mil veces aquellas manos bienhechoras que las guiaban por el camino del bien.

Polo tanto, a ausencia dun labor histórico a prol da investigación do presidio feminino conleva un olvido sistemático das mulleres condenadas ao silencio. Leva consigo un consenso recoñecido acerca da condición de inferioridade da muller. E ese consenso continuaría vixente a día de hoxe de non ser por figuras coma Concepción Arenal, que impuxeron o seu pensamento nun mundo onde a historia a escribían os homes.

Porque grazas a estas mulleres, nun ámbito tan inhumano como era o penitenciario, apareceu o espírito humanitario e a idea de dignificar as persoas. E porque grazas á educación que promoveron, conseguíuse deixar atrás a estigmatización desas «malas mulleres», cuxo único delito foi nacer nunha época na que as súas voces nunca foron escoitadas.

«Abrid escuelas y se cerrarán cárceles» - Concepción Arenal.

A III Exposición de Arte Galega da Coruña de 1923

XESÚS TORRES REGUEIRO

En 1923 estaban aínda lonxe de ter presenza os que uns anos despois ían ser considerados integrantes ou conformadores do chamado movemento renovador da arte galega, que irromperán na escena artística nos anos da II República: Arturo Souto, Manuel Colmeiro, Fernández Mazas, Luís Seoane, Maruja Mallo ou Carlos Maside, entre outros.

No verán dese ano 1923 celebráronse en Galiza dúas importantes exposicións artísticas colectivas, unha en Santiago de Compostela e outra na Coruña. Esta centrará a nosa atención. Mais antes, dedicámoslle unhas liñas á de Santiago

Co título de «Exposición Regional Gallega de Bellas Artes» celebrouse no Casino de Santiago entre o 15 e o 30 de xullo de 1923, coincidindo coas festas de Compostela. Valle-Inclán deu no Teatro Principal, con pago de entrada, a conferencia de clausura, que resultou dabondo polémica. Nela nega a existencia dunha arte rexional en Galicia e chega a negar mesmo a Galicia nunha división peninsular que di basear na antiga romana. Segundo o cronista Portal Fradejas, o «peregrino ingenio» de don Ramón dixo «unas bellas paradojas». Vicente Risco xustificaría as negacións anteditas por «a acedume, os anos, o gusto de levar a contra» de don Ramón.

Tamén foi noticia a ausencia de Castelao, quen así mesmo vai estar ausente da celebrada na Coruña. Así, o xornal vigués *Galicia* expuña o día 19 «La ausencia de Castelao, explicada por él mismo», deste xeito:

—No estoy conforme con esas Exposiciones regionales que se celebran en Galicia durante el verano. El *regionalismo* veraniego me hace reír. El verano es una estación que inventó nuestra cortesía en obsequio de los forasteros.

El invierno, tan gallego, tan compostelano, es nuestra verdadera estación. Y si no fuese el invierno sería la primavera o el otoño; pero el verano no lo es. Ni lo es para celebrar Exposiciones ni lo es para pintar. Una exposición de arte no es unha fiesta callejera que pueda deslucir el frío o la lluvia.

Cuando la Universidad funciona y Santiago se dedica con cierto orgullo a su labor de cultura, entonces podríamos ir a Santiago para aprender o para enseñar. En el verano Galicia está ausente de Compostela.

¡En el verano, no!

Nunha da serie de crónicas que fixo para *La Zarpa* sobre a exposición compostelá, o crítico mozo Juan Jesús González realizou unha análise dos autores máis coñecidos ou destacados que tiveran participación nela. Ademais, avoga por organizar un museo de arte galega cos fondos necesarios para adquirir obras de «nuestros más veraces artistas y legarlos a las futuras generaciones» (*La Zarpa*, 2-08-1923). Para o xornalista de Cuntis a peza escultórica «A ofrenda» de Francisco Asorey foi a obra cume desta exposición.

Nunha relación de autores e obras expostas que publicou o xornal *El Compostelano* cítase un total de trinta e cinco participantes, entre eles cinco mulleres.

Para o mozo poeta Manoel-Antonio (malia non ser un crítico de arte tiña coñecementos e preocupacións polas novas tendencias artísticas), quen visitou a mostra, esta pareceulle «Unha exposición de casino señoreiteiro... Algún artista, poucos pintores e moitos pintadores. Non se ve un disparate nin unha audacia: tanta sensatez da noxo». Así llo comunicaba nunha carta a Cebreiro (os dous mozos asinaron o polémico mani-



Ilustración alegórica do gravador Fernando Cortés encabezando a información sobre a exposición en *La Voz de Galicia* do 1 de setembro de 1923.

festos *Mais alá!* en xuño do ano anterior) o 1 de agosto de 1923. O poeta de Rianxo alude a rumores non confirmados dun posible boicot dos nacionalistas a esta mostra, mentres considera que «Castelao fixo ben».

A «III Exposición de Arte Gallego» (houbera outras dúas en 1912 e 1917) inaugurouse o domingo 26 de agosto de 1923 no Palacio municipal da Coruña, ao remate das festas. Segundo dicía *El Ideal Gallego*, «Basta consignar que hay en ella trescientas noventa y cinco obras y se han presentado ochenta y nueve concursantes». O público tiña que pagar por asistir (2 pesetas o día da inauguración, 1 peseta a diario e 0,50 os domingos, ou billetes de abono a 10 pesetas por todo o tempo). Ángel del Castillo era o secretario do comité organizador e abriu o solemne acto da inauguración, presidido polo alcalde coruñés Francisco Ponte y Blanco e polo director xeral de Bellas Artes, Sr. Weyler Santacana, quen era militar coma seu pai, o célebre xeneral e político Valeriano Weyler, e marchou o mesmo día, embarcando para Santander, logo de inaugurar tamén unha mostra de fotografías na Reunión de Artesáns e de asistir a un xantar de agasallo. Estaban previstas varias conferencias durante a exposición, mais só temos constancia dunha (a impartida por Miguel Martínez de la Riva, «alto funcionario de instrucción pública», sobre «El arte y la región»), e as actuacións da Banda militar do rexemento Isabel a Católica e do coro Cántigas da Terra. Entremedias da mostra tivo lugar o golpe militar do día 13, que entronizou no poder ao exército e ao xeneral Primo de Rivera, reclamados polo monarca Alfonso XIII. A súa clausura tivo lugar o domingo 7 de outubro, e pola tarde celebrouse,

como xa acontecera o domingo anterior, un baile amenizado por unha orquestra de jazz.

En cantidade destaca a obra presentada por Castro Gil e Julio Prieto, con vinte e catro e doce augafortes, respectivamente. Canto á obra pictórica, o autor con maior obra presente foi Seijo Rubio, con dezasete cadros, seguido por Lloréns con quince, Cersa e Imeldo Corral cunha ducia deles, Abelenda e Ramón Torrado con dez cada un, e logo Sotomayor, Suárez Couto, Bello Piñeiro e Bonet Peñalver con nove cada un.

Das sete mulleres participantes, todas pintoras, a que máis obra presentou foi Elena Olmos (sete cadros e sete debuxos), seguida por María Corredoira con seis cadros, Elvira Santiso con cinco, Ana María González Mallo —que logo pasaría a asinar Maruja Mallo— con tres, e, cun único cadro, Juana Brocos, María Rivadulla e Carmen Torres.

Portal Fradejas, no madrileño *El Debate* (20-IX-1923), reproducido en *El Compostelano* (26-IX-1923), falaba das exposicións e actividades culturais que se acababan de realizar en Galicia durante o verán: «Clausurada la "pinacoteca" compostelana, se inauguró en la Coruña la tercera exposición de arte gallego, que ofrece la novedad de una sala destinada à dibujos, acuarelas y aguafuertes. En ella triunfan Castro Gil, Julio Prieto, Cebreiro, Carlos Sobrino, Elena Olmos».

Era esta unha exposición «que el renacimiento galaico impuso», segundo afirmación de Alfonso da Cal nun comentario no órgano agrario ourensán *La Zarpa*. Para el, o máis destacado da mostra eran os gravados de Castro Gil, artista sobre quen está centrado o artigo.

Triunfalista amosábase Juan Jesús González, quen publicou unha serie de «Impresiones» sobre esta «Exposición de Arte Gallego» no xornal ourensán *La Zarpa* (como xa fixera coa exposición de Santiago) analizando a obra de boa parte dos máis destacados artistas presentes. Foi quizais o que falou máis por extenso sobre a exposición. Para el —dicía o 27 de setembro— esta mostra

es una de las mejores que acaso se hayan celebrado en España en estos últimos años; es una Exposición en la cual aparecen brillantemente representados todos nuestros valores pictóricos, una Exposición en la que las distintas personalidades artísticas siguen una gradación armoniosa que les lleva a formar la personalidad de la pintura gallega una de las mejores de hoy.

Na entrega do día seguinte, dedicada a Manuel Abelenda, considera a este «el más grande de nuestros paisajistas, pese a todo cuanto digan por ahí», deixando claro que o Abelenda paisaxista «siempre será nuestro preferido, nuestro admirado artista, así como el Abelenda pintor de figura, el retratista no llega a entusiasmanos tanto, no nos conmueve como sus paisajes». Noutra das crónicas di que Sotomayor foi o que máis obras presentou, «aunque no es el más gallego de los pintores», e o que realizou un «labor más poderoso y extenso». Entre as citas femininas, destaca a coruñesa Elena Olmos, «la gran apasionada por el rojo». Juan Jesús González considera que tanto na mostra de Compostela como na da Coruña «era el paisaje quien llevaba la voz cantante y quien adquiere más poderosas resonancias», en oposición á figura e o retrato.

Unha nota disonante sobre esta exposición coruñesa de una Domenico Damesco (o que nos semella un pseudónimo, quizá do director Augusto Barreiro) nunha crónica na efémera (pois sacou só dous números) revista coruñesa *Cumbre*, que acababa de aparecer o 2 de setembro. Nela lamentaba dúas ausencias notábeis. A do lucense Corredoira e a de Castelao, quen, como xa fixera coa de Santiago en xullo, tampouco asistiu a esta, coherente co seu pensamento sobre estas mostras:

Lamentable ausencia

Xesús Corredoira y Alfonso Castelao, dos verdaderos genios de nuestra pintura no figuran en

esta exposición. ¿Por qué? —No sé que opinará el primero, para mi el más grande pintor gallego, de estos certámenes artísticos, casi familiares. [...] A Castelao le disgustan las Exposiciones hechas para veraneantes que añaden a su lista de espectáculos de buen pasatiempo este más. Faltan en estas salas sus formidables dibujos, profundamente humorísticos y genialmente concebidos.


Citaba entre «LO BUENO» as paisaxes «Valle del Umia» e «Orillas del Mendo», de Lloréns, así como a caricatura «Villar Ponte», de Cebreiro, entre unha longa relación de obras. Para este tiña ademais unha «CENSURA» demasiado directa, propia da sinceridade dun amigo ou coñecido, o que nos afirma no pseudónimo do autor: «Cebreiro: hay que trabajar, el arte lo exige. ¿Por qué no trabaja usted más?». E referíase así á «CLAUSURA»: «Con escasa venta de obras, con disgustos sin cuento y con razón de varios artistas. La Prensa local dedicó a su tiempo elogios desmedidos a cuantos artistas figuraron en este certamen».

Tamén *A Nosa Terra*, o boletín das Irmandades da Fala, no seu número do 12 de setembro, en crónica sen asinar, ocupouse desta exposición que considerara inferior á anterior celebrada seis anos antes:

Coidamos en xeneral que esta Exposición non chega a se lle igualar á celebrada no ano 17. N'algúns expositores atopamos que en troques de ir para adiante, camiñan para atrás e non paseniñamente. Moitos por sentirense atacados d'un "modernismo" que aínda non chegamos a comprender e quixéramos ver desaparecido dos nosos artistas.

Sinceiramente falando, coidamos que destacan por enriba de todos e non en total-as suas obras, Castro Gil, Navarro, Sotomayor, Imeldo Corral, Abelenda, Lloréns, Camino, Nombela, Camilo Díaz, Bello Piñeiro, Sobrino e quizais algún outro. Agora que a casi todos eles vimos cousas millores que as que agora expoñen. N-a escultura sobresalen notablemente o gran Asorey co'a sua maxistral "Ofrenda a San Ramón", que coidamos é a millor obra de cantas figuran na Exposición, e o malogrado Madariaga. Bonome, co'as suas caricaturas en madeira gústanos e ollamos n'el un rapaz que promete moito.

TERCERA EXPOSICIÓN DE ARTE GALLEGO :::



LA CORUÑA
AGOSTO - SEPTIEMBRE 1923

Catálogo da exposición

A *Nosa Terra* rebaixaba notablemente a participación que dera *El Ideal Gallego*, de oitenta e nove concorrentes, deixándoa na metade: «Concurren a ela mais de corenta artista da Terra, dende os mestres hasta uns cantos animosos rapaces que comenzan». Outro xornal coruñés, *El Orzán*, daba o día 28 unha relación con sesenta e seis pintores (oito mulleres), oito escultores e tres de «industrias artísticas», que fan un total de setenta e sete participantes, e falaba de «trabajos medianos, buenos y magníficos presentados en lo que no vacilamos en calificar de recio alarde de arte regional».

O órgano das Irmandades recollía tamén as queixas dalgúns expositores pola preferencia que se lle deu a outros e aproveita para criticar duramente a pintura de Seijo Rubio, «un gran calígrafo», que «pinta mal e ten moi mal gusto para escoller os asuntos», un dos beneficiados polo espazo dedicado ás súas obras, aproveitando «para lle decir o

que nós ouvimos en todas partes e co que estamos de perfecto acordo». Remata enviándolle «Un aprauso aos organizadores», pois «de todas maneiras non nos desagradan estas manifestacións de arte e quixeramos velas con mais frecuencia e se poidera ser quitándolle certas faltiñas que desmerecen moito a boa obra». Seijo Rubio recibira tamén unha durísima crítica do xornalista e escritor Lesta Meis, quen alternou co citado J. J. González unhas crónicas sobre a exposición coruñesa en *La Zarpa*. Este último consideraba (*La Zarpa*, 26-09-1923) que, tanto na mostra de Compostela como na da Coruña, «era el paisaje quien llevaba la voz cantante y quien adquiere más poderosas resonancias» en oposición á figura e o retrato.

Crítica dura é tamén a que asina na revista *Alfar* (n.º 32, setembro 1923) o escultor de vangarda Ángel Ferrant:

Ciertamente que, a no ser por un cartel anunciador en el que consta por el fútil accidente de vuestro natalicio o por la candorosa profusión con que en lienzos y esculturas representasteis las brétemas o los pañuelos floreados, holgaría ese calificativo acusador de peculiaridades. Gallego, no es el arte que ofreceis.

Ferrant, que fora profesor da Escola de Artes e Oficios coruñesa uns anos antes, non cita nomes. Considera estéril a exposición, pois non corresponde a un conxunto seleccionador e a obra dos mestres non é nova. Destaca unhas augafortes e lamenta o desprezo polo nu na escultura. Con todo, destaca o novo enfoque dalgúns escultores mozos.

Entre as escasas vendas rexistradas, transcendeu na prensa coruñesa (informacións aparecidas en *El Orzán*, en varias datas de setembro e outubro de 1923) que o escritor Pérez Lugín mercara dúas obras de Carlos Sobrino, «Betanzos» e «Fuente de Uncta». E Abelenda vendeu en 750 pesetas o cadro «Neniñas». Tamén Rafael Hervada adquiriu outro óleo de Sobrino, «Capilla de La Lanzada», así como a augaforte «Toledo» de Castro Gil. Outro cadro de Sobrino foi mercado por Enrique García Ferreiro. Dionisio Muro mercou o «Tríptico Coruña» de Ramón Torrado e o xornalista e diplomático José G. Acuña o óleo «Salida de misa» de Concheiro. Tamén o Concello de Santiago mercou unha paisaxe de Lloréns.

CATÁLOGO E CONTRACATÁLOGO

Publicouse así mesmo un luxoso catálogo de pequeno formato, de 58 páxinas, que non se puxo á venda até o 11 de setembro ao prezo de 2 pesetas, cun prólogo de Ramón María Tenreiro, de escaso interese, e reproducións dalgunhas das principais obras, impreso no prelo de Moret. O propio impresor, Manuel Rodríguez Moret, diría anos despois que este catálogo fora o primeiro libro que publicou (F. Mon, *Gente conocida*, pág. 97). Na capa presenta unha escena costeira con piñeiros e dornas de vela, asinada por Ribas, impresa exenta e colada á capa, como se adoitaba por esa época, caso da colección *Céltiga*. Resulta curioso que se escollese a obra dun autor vigués e non a dun coruñés, tal Abelenda ou Lloréns. O exemplar que consultamos na biblioteca coruñesa de Estudos Locais carece, por certo, da citada lámina na capa, mais ten a particularidade de conter brevísimos comentarios manuscritos e espontáneos de man anónima, relativos a cada unha das obras expostas.

As obras reproducidas no catálogo son un total de vinte, nesta orde: «Mi sobrino», de Abelenda; «Campesinas», de Sotomayor; «O cabo», de Bello Piñeiro; «Bajamar» (augaforte), de Castro Gil; «Foliada», de Roberto G. del Blanco; «A San Ramón», (escultura), de Asorey; «Escena de pastores», de Juan Luis; «Los hórreos» de Lloréns; «O señor Cristobo», de Román Navarro; «Rezando el rosario», de Elena Olmos; «A volta da feira» (escultura), de Bonome; «Baño de luz», de Seijo Rubio; «Oración», de Elvira Santiso; «Rincón aldeano», de Sobrino; «Saint Jacques (París)», de Suárez Couto; «San Jacobo» (talla en acibeche), de Mayer; «Retrato», de Sotomayor; «Retrato», de Juan Villasenín; «Retrato», de Lloréns; e «Relieve histórico en prata», de Isolino del Río.

Co título *Comentario a la Tercera Exposición de Arte Gallego*, impreso tamén en Moret, publicouse unha parodia do catálogo, de autoría anónima, con moita ironía nos comentarios e debuxos caricaturizados dalgunhas obras, do que os tres xornais coruñeses se fixeron eco o mesmo día 17 de setembro en que se poñía á venda en soltos a el dedicados. Proba da rareza da publicación é que unicamente puiden consultar unha fotocopia na citada biblioteca de Estudos Locais da Coruña.

Mentres que *El Ideal Gallego* e *El Orzán* se refiren a un único autor anónimo, *La Voz de Galicia* falaba de

«varios ingenios locales» como autores. Para o segundo dos xornais, o autor «dibuja con soltura y fustiga a los artistas con bastante acritud, aunque manteniéndose en las lindes de la cortesía. Hay para todos y no son los maestros los mejor tratados».

Se para *El Orzán* se trataba simplemente de «una humorada sin pretensiones de crítica y en este sentido está bien hecho el librejo y hace pasar un rato divertido», e *El Ideal Gallego* apelaba ao bo humor adiantando que «es de suponer que tenga éxito», *La Voz de Galicia* remataba considerando que «si estas cosas están bien tratándose de Exposiciones grandes, ofrecen el peligro de molestar, de herir, de retraer a los noveles artistas que acuden a nuestros certámenes pequeñitos y algo caseros, cuando lo que necesitan es que se les aliente y estimule». Todo iso logo de afirmar que era habitual a publicación de catálogos humorísticos similares en Madrid cada vez que se celebraba unha Exposición Nacional de Belas Artes a cargo de «algunos artistas de buena sombra», e que iso era o que lle faltaba á da Coruña «para afirmar su importancia y su categoría». No medio do solto, *La Voz de Galicia* desliza a existencia de «molestas incidencias», que ignoramos, ocorridas durante a mostra: «casi es de alegrarse de que el folleto se publique con retraso, porque después de las molestas incidencias a que la Exposición dio lugar, el desenvuelto 'Comentario' hubiese contribuido a echar leña al fuego por aquellos días».

Falando deste xornal, resulta curioso que o 25 de setembro Alejandro Barreiro, o seu director, publique en portada a dúas columnas un artigo sobre o novel pintor sevillano Santiago Martínez, que pintaba no val de Barcia, convidado e apadriñado por Pérez Lugín, nun número que non dedicaba nin unha liña á Exposición de Arte Galega.

AS «FIGURAS DE LA EXPOSICIÓN»

La Voz de Galicia, que informou con extensión da inauguración e dos actos organizados arredor dela nos primeiros días, deixou de tratar o tema, publicando unha sección titulada «De arte gallego. Figuras de la exposición», pola que ían desfilando os artistas máis destacados caricaturizados por Cebreiro e, debaixo, unhas cuartetas ou quintillas castelás anónimas glosando o artista. Cebreiro, mozo de vinte anos e xa louvado caricaturista, non era colaborador habitual deste xornal, polo que esta debeu ser



CEBREIRO.

MANUEL CASTRO GIL
(Caricatura de Castelao)

*Es Manolo Castro Gil
un artista varonil,
fuerte, sincero y real,
que traza con el buril
prodigios sobre el metal.*

*Arte de contraste duro,
de violento claro-oscuro
es el suyo, a mi entender.
Tal contrasta, os lo aseguro,
su modestia y su valer.*



CEBREIRO.

MANUEL ABELENDA
(Caricatura por Cebreiro)

*De la vida en la contienda
se abrió camino Abelenda
a pulso, con sus pinceles,
y mezclados en su senda
hay abrojos y laureles.*

*Joven, con noble ambición,
con talento y corazón,
si en verdad quiere subir,
¡paciencia... y mala intención;
suyo será el porvenir!*



CEBREIRO.

JOSE SEIJO RUBIO
(Caricatura de Cebreiro)

*Dos Seijos, de un modo franco,
tienen simpático estulto:
en el mar, el Seijo blanco,
y en la tierra, el Seijo Rubio.*

*Este Seijo (Don José)
es un paisajista diestro,
un hombre de buena fe
y un calígrafo maestro.*

*En el arte de pintar,
va creciendo cual la espuma,
y ello es fácil de explicar
en quien da a pelo y a pluma.*

unha encargada. Foron pasando pola sección dende o 1 de setembro até os primeiros días de outubro os seguintes: Lloréns, Navarro, Asorey, Castro Gil (por erro, puxeron caricatura de Castelao aínda que está asinada por Cebreiro), Seijo Rubio, Abelenda, Imeldo Corral (en realidade son dúas caricaturas: unha de fronte e unha máis pequena de perfil), o ausente Castelao, Sobrino, Juan Luis, Nombela, Mariano Miguel, Bello Piñeiro, Camino, Julio Prieto e Castillo (secretario da exposición). Os dezaseis caricaturizados por Cebreiro, quen xa tiña realizado e publicado variantes anteriores dalgúns deles. Ademais, e como excepción, Víctor Morelli e Carlos Maside (pon Maxide, por erro) apareceron cunha autocaricatura, mentres que Abelenda realizou a de Bonome e a do propio Cebreiro, que parecía pechar a serie o día 9 de outubro. No caso deste, a súa glosa dispúñase en tres cuartetas. Dous días despois inclúese aínda unha última «figura» da exposición, cun retrato non caricaturizado gravado por Cortés de Fernando Álvarez de Sotomayor (membro da comisión organizadora e

director do Museo do Prado dende o ano anterior) e a correspondente glosa. O curioso é que este xa aparecera caricaturizado por Cebreiro, mais sen a glosa, encabezando unha información da exposición o día 31 de agosto. Do citado Fernando Cortés, gravador do xornal coruñés durante moitos anos, son tamén dúas cabeceiras alegóricas que ilustraron a información sobre a exposición os días 1 e 9 de setembro, respectivamente. Ningunha das sete mulleres presentes na exposición foron glosadas e caricaturizadas, aínda que Cebreiro xa publicara unha caricatura de María Corredoira que a mesma pintora lle solicitara.

Pese a non concorrer, Castelao apareceu na sección «Figuras de la Exposición» (no seu caso a glosa é unha oitava real) para que o glosador poeta puidese falar da súa ausencia.

Estas glosas anónimas ben puideran ser da autoría de César Alvajar, redactor de *La Voz de Galicia*, quen adoitaba facelas sobre temas de actualidade e política.



Cebreiro

IMELDO CORRAL

(Caricatura por Cebreiro)

*Sus apuntes están bien,
pero al verlos advertí:
Más cabe exigir a quien
hizo el "Ayer llovió aquí".*

*Por tanto, con fe muy viva,
voy ahora mismo a emprender
mi devota rogativa
para que vuelva a llover.*



Cebreiro

FRANCISCO ASOREY

(Caricatura de Cebreiro)

*En la heterogénea grey
que acudió a la Exposición,
resalta el oro de ley
del escultor Asorey
con su "Ofrenda a San Ramón".*

*El arte fuerte y severo
de este nuevo imaginero
de factura hábil y suelta,
sintetizó en un madero
la fe de la raza celta.*

*Y es tan real la cutada
que el santo nonnato implora,
que la gente, fascinada,
le dice en voz apagada:
"Dios le dé una buena hora".*



Cebreiro

ALFONSO RODRIGUEZ CASTELAO

(Caricatura de Cebreiro)

*Falta esta vez su fértil tronía,
sus ciegos y mendigos socarrones
que van de romería en romería
salmodiando romances y canciones;
falta su nota audaz, de rebeldía,
y faltan sus amargas reflexiones;
falta el humor de su fecunda vena,
y el público se dice: ¡Es una penal!*




Cebreiro

PACO LLORENS

(Caricatura de Cebreiro)

*Con su rostro rasurado,
sin pose ni vanidad,
es Llorens un consagrado,
cuyos lienzos son honrado
trasunto de realidad.*

*Trabajó de tal manera,
que esta Exposición Tercera
le debe el triunfo en gran parte,
pues, a más de dar su arte,
¡hasta pintó la arpillera!*



Cebreiro

NAVARRO (D. ROMAN)

(Caricatura de Cebreiro)

*Estilo fuerte y bizarro,
lleno de vida y color,
tiene don Román Navarro,
ex militar y pintor.*

*Con clásica maestría
la verdad al lienzo fia,
que tal es de su arte el fin.
¿Modernismos?... ¡A mí, pítra,
que soy de Caballería!*



Cebreiro

SANTIAGO BONOME

(Caricatura de Abelenda)

*En notas de verismo
y alardes de interés
acusa su humorismo
el mozo santiagués.*

*Arte sin embelecós;
cazurra observación;
sus típicos muñecos
honran la Exposición.*

*Tiene vista certera
y factura sin tacha.
Cortando la madera
este chico "es un hacha".*

No cincuentenario da súa morte

Catro cartas de Urbano Lugrís a Álvaro Cebreiro

XESÚS TORRES REGUEIRO

Urbano Lugrís González (A Coruña, 1908-Vigo, 1973) e Álvaro Cebreiro Martínez (A Coruña, 1903-1956), coruñeses os dous, deberon entrar en relación xa moi novos. Eran membros de familias vencelladas ao republicanismo. Un tío materno de Álvaro, José Martínez Fontela, era líder dun sector dos republicanos coruñeses, concelleiro e mesmo alcalde en funcións a comezos do século XX. O pai de Urbano, o sadense Manuel Lugrís Freire, escritor e poeta en lingua galega, republicano e rexionalista, participou do movemento agrarista Solidaridad Gallega, nacionalista coas Irmandades da Fala e logo co Partido Galeguista, académico e presidente da Academia Galega, era todo un personaxe na vida cultural e política coruñesa e galega. Cebreiro faríalle unha magnífica caricatura ao *gouache* en 1928.

E mesmo é factíbel que o neno Urbano, con 12 anos, visitara da man de seu pai a exposición de debuxos e caricaturas dun precocísimo Cebreiro, de 17 anos, na sede da Irmandade coruñesa, sita nos baixos da casa número 17 da Praza de María Pita, no mes de outubro de 1920.

Cinco anos de diferenza, a prol de Cebreiro, son moitos na infancia e na adolescencia, e a notoriedade deste comezou moi cedo (aos 16 anos xa colaboraba en *A Nosa Terra* e as súas caricaturas chamaban a atención), mentres que a de Lugrís tardaría aínda en chegar. A amizade entre eles viría despois. Os dous facían parte en 1930 da Juventud Republicana e colaborarán coa Federación Republicana Gallega.

O artista Luis Seoane evocará no exilio bonaerense aquel momento republicano cos amigos coruñeses: «A Lugrís débolle un poema que nunca se publicou en homenaxe á miña obra feito no ano 1963. Fóramos amigos con Plácido Castro, Huici, etc., e Cebreiro, na época en que todos vivíamos na mesma cidade e tiñamos esperanzas de coor de rosa en canto ó porvir».

Nos anos da II República Urbano desprazouse a Madrid, traballando como escenógrafo con Bartolozzi (segundo consta nalgunhas recensións biográficas) e logo viaxaría por España coas Misións Pedagóxicas e o grupo La Barraca, dirixido por García Lorca, como escenógrafo e *guiñolista*. Desmobilizado ao remate da guerra (sen que conste documentalmente en que bando loitou, aínda que todo apunta que foi no «nacional»), retorna á Coruña, onde atopa a Cebreiro sumido nun exilio interior e enfermo por temporadas. Algúns amigos artistas residentes na Coruña foran asasinados (Huici, Francisco Miguel), outros escaparan ao exilio (Seoane), outros adheríronse ao Franco-falanxismo triunfante, e destes algúns marcharan a Madrid (Ramón Torrado).

Logo da morte de seu pai, en febreiro de 1940, Urbano casa en Burgos con Paula Vadillo Bras a finais de 1941 e ao ano seguinte nacería o seu fillo primoxénito, Urbano Lugrís Vadillo, quen tamén sería pintor destacado. Nacería logo a filla, Paula. A familia reside en Vigo até 1948 e logo separárase, marchando a Burgos a esposa.

A finais dos anos corenta Lugrís voltou á Coruña. Este e Álvaro —que permaneceu solteiro toda a



súa vida— retomaron a súa antiga amizade e era frecuente velos de novo xuntos en faladoiros itinerantes por cafés e tabernas coruñesas, dando lugar a diversas anécdotas máis ou menos apócrifas, como a da improbable (pois os pulmóns de Álvaro non estaban para iso) marcha a pé ata Santiago para probar un viño que, segundo Lugrís, erguía os mortos. Anécdota que Fernando Mon no seu libro *Gente conocida* (que recolle artigos publicados antes en *La Voz de Galicia*) pon en boca dos dous. Ou, xa anteriormente, o asalto de Lugrís a un estanco para conseguir selos da República para un Cebreiro filatelista.

No arquivo de Álvaro hai varias fotografías de Lugrís, unha con dedicatoria ao dorso, outra portando un brazaletes de loito (Imaxe 1). E tamén dos dous xuntos: unha nunha taberna coruñesa (Imaxe 3) e outra en simpática pose, montados nun cabalo de cartón e sostendo Cebreiro un sabre na man (Imaxe 2), entre outras. Existe tamén unha caricatura (Imaxe 4) que Cebreiro lle fixo a Urbano polo 1939, copia da que lle regalaría a este.

Cebreiro, membro fundacional en 1934 e directivo da Asociación de Artistas da Coruña, non paraba de cumprir encargos e axudar os amigos pintores, ocupando un tempo que ía en detrimento da súa propia obra. Tamén o seu amigo Urbano Lugrís requiriría os servizos de Álvaro para «mover» a súa obra cando aquel abandonou por primeira vez A Coruña por Vigo nos anos corenta.



Por 1954, os dous amigos colaboran activamente na célebre revista *Atlántida*, que saíu na Coruña a comezos dese ano. E, segundo contou Mariano Tudela, encargado por Míguez Tapia (que, «como director oficial, nos animaba y nos daba absoluta libertad para casi todo») de sacar a revista á rúa, el e Lugrís impuxeron o nome da revista e os dous xunto con Cebreiro dábanlle corpo a cada número: «Generalmente planteábamnos cada número de *Atlántida* Cebreiro, Lugrís y yo». Sairían un total de 13 números en nove aparicións (pois un foi duplo e outro triplo) durante dous anos, até a súa suspensión polas autoridades académicas oficiais das que dependía. *Atlántida* foi unha revista moi interesante para o seu momento, renovadora en estética e contidos, dentro da griseira realidade cultural daquela época franquista.

A amizade durou entre os dous até a morte de Álvaro. O 9 de novembro de 1956 Lugrís asinaba e databa o apuntamento «Cebreiro en la paz», realizado no propio cuarto mortuorio (Imaxe 5).

AS CARTAS

Entre o conxunto de correspondencia que manexei (cedida, xunto con outros documentos, amabelmente por Alfonso Posse, eficaz gardián, coidador e divulgador do legado do seu cuñado Álvaro) para escribir o libro *Álvaro Cebreiro. 1903-1956. Caricatura, humorismo, ilustración* (Deputación da Coruña, 2020), atópanse catro cartas enviadas por Urbano a Álvaro. A primeira das cartas conservadas está datada en Madrid o 13 de outubro de 1934. As outras tres están datadas en Vigo moito máis tarde: polo San Xoán, o 8 e o 24 de outubro do ano 1947. Das catro, dúas das de 1947 están escritas en galego e as outras dúas en castelán.


O tratamento que Lugrís mantén con Cebreiro é amistoso: «Querido amigo Álvaro», «Amigo Álvaro», «Querido Álvaro». E nelas apréciase unha fonda amizade, camaradaxe e mesmo familiaridade, entrevéndose na primeira unha certa afinidade ideolóxica entre os dous.

Carta n.º 1

Urbano informa a Álvaro sobre os sucesos da folga xeral revolucionaria acontecidos en Madrid en outubro de 1934, louvando a actitude dos mineiros de Asturias, en contraste coa dos obreiros madrileños. O mozo Lugrís, que parece simpatizar coa causa revolucionaria, pregúntalle a Cebreiro polo acontecido na Coruña, ao tempo que insinúa a súa colaboración, que non explicita por medo quizá á censura (o padre Argos, xigante dos cen ollos da mitoloxía grega).



Imaxe 4



Imaxe 5

Á parte da decepción e desencanto amosados polos feitos que relata, está presente tamén a sempiterna ironía de Urbano na descrición do seu físico e da actividade que desempeña, así como o gusto polos termos clásicos: o citado Argos, o Empíreo.

Urbano, que está a traballar para o Padroado das Misións Pedagóxicas como escenógrafo e *guiñolista* («educador de multitudes», di ironicamente), e de feito ese é o enderezo que coloca ao remate, aínda que afirma vivir no barrio de Argüelles, refírese a unha xestión pendente polo presunto interese de Cebreiro en traballar para as Misións Pedagóxicas.

O caso é que Cebreiro coñeceu a García Lorca, o director de La Barraca, na mesma Coruña cando este deu unha conferencia en maio (Álvaro conservou o prospecto-programa desta) e lle dedicou un exemplar do *Poema del cante jondo*, engadíndolle un *s* ao apelido: «Para mi amigo Álvaro Cebreiros, con un abrazo de Federico García Lorca. -Cruña-1932-». Este libro, cedido xunto con outras cousas pola familia de Cebreiro ao concello da Coruña para a exposición «Alfar y su época» en 1981, non lles foi devolto, mais conservan unha fotocopia del coa dedicatoria do poeta que tivemos ocasión de consultar. Tres meses despois, en agosto, Lorca voltou á Coruña con La Barraca e probabelmente Cebreiro volveu falar con el.

(Madrid, 13.10.1934)¹

Sr. D.

Álvaro Cebreiro,

en La Coruña, 934

Querido amigo Álvaro; Escribo estas líneas en el patio de La Granja el Henar, mentidero de Madrid, entre un fragor de polémicas, gritos y gestos apasionados de las trincas y clanes de todos los matices. A las tres de la madrugada de la noche de ayer, día 12, y cuando me dirigía a casa, en el barrio de Argüelles, oí los últimos disparos del movimiento revolucionario, toques funerales y gritos de esperanza para tanta y tanta gente que cayó en este gran escrutinio de buenos y malos, y la que llena las cárceles de toda España. Excuso decirte cual habrá sido mi emoción durante los siete días que duró el heroico esfuerzo de los obreros honrados (como les llama “El Debate”) y la angustia constante entre el escepticismo y la esperanza. El gran ejemplo lo dieron, en plenitud magnífica, esos mineros de Asturias, los mejores hombres del Mundo, y que aún siguen luchando en los desfiladeros y en las bocas de las minas, cuando ya los Socialdemócratas de este Madrid untado de pachulí y grasa de churro han vuelto a reclinar sus tiernas cabezas entre las tibias ubres de sus amantes compañeras.

Durante tres días los tiroteos fueron intensísimos, pero sin eficacia revolucionaria. No puede hacerse una revolución, hoy, según las teorías del cu-

ra Santa Cruz, en guerrillas dispersas por los tejados y disparando a las estrellas. Todo lo que no sean movimientos de masas, con una consigna general y enérgica, está fatalmente condenado al fracaso. Fallaron también los enlaces, y aún muchos jefes de milicias socialistas, quebrantándose de este modo toda la organización armada; y sembrando el desconcierto entre los jóvenes socialistas y comunistas, que esperaban inutilmente una orden que no podía llegar. ¡Una catástrofe! No faltaron, es cierto, ejemplos de formidable valentía, como el que dieron los obreros de Cuatro Caminos y Tetuan de las Victorias. Pero esto, admirable siempre, es triste cuando nos revela un ímpetu en la masa proletaria que no se supo o quiso encauzar por el verdadero camino de una revolución europaea actual, que es, a mi parecer, el de las masas organizadas, y no el viejo sistema de los moros del Rif, agazapados con un fusil y cien cartuchos detrás de una chimenea. Que esta dolorosísima experiencia sirva, por lo menos, para rectificar los errores de siempre.

¿Y La Coruña? ¿Que hicieron todos nuestros nihilistas de tasca y matinée infantil? Supongo que en mi casa habrán pasado unos días de inquietud pensando en mi presunto tránsito al Empíreo de los justos. Venturosamente conservo intacta la violenta curva de mi joven torso celta y espero que por muchos años. Yo hice mi labor; pero no es discreto el hablar de esto por mor del padre Argos, que estos días anda suelto por España y no perdona a nadie.

No olvido tu cosa de las Misiones; creo que muy pronto te llamaré, si es que sigues dispuesto a dar tu corazón y tu cerebro en aras de la KULTURA patria.

Dale mil abrazos a tu hermano y demás amigos, y para ti el buen recuerdo de este educador de multitudes

Lugrís

Urbano Lugrís

Patronato de

Misiones Pedagógicas

Castellana, 71 –

Madrid

1. Información obtida do carimbo do servizo de Correos, pois ven sen data. O texto refírese á folga xeral revolucionaria declarada polo Partido Socialista e máis polo UGT, que dexenerou en insurrección armada, feito que o Goberno calificou de criminal intento subversivo e motivou a declaración do estado de guerra en toda España. Tivo especial incidencia en Cataluña e máis en Asturias, adquirindo nesta última gran virulencia e duración, con elevado número de mortes e



Vigo - San Xoan - 1947,

Amigo Alvaro; Recibín hoxe carta de ña nay, wa que me dí que axiña, — polo 4 ou 5 de Sant Yago — deixará a Cruña em ña hirmá Pilar, pra pasare un folgar en Guitirís. ¿Que fago eu entón c'os cadros? ¿Quéimoo, escachízoos, tiro co-eles ô mar? Mellor sería levalos á tua casa; fala pra iso em ña nay, e que Manuela, nosa asistente, sexa quen os leve sobor a sua nobre e paciente testa de boa sudra. Em canto a vendelos, fai o que mellor che pareza. Eu preciso de cartos, pois, como sabes, estou a mercar cousas pra miña nova casa, e tod-e pouco. Podes dar os dous cadros por 5000 pts; paréceme que a cousa é honrada, ¿non? Eu traballo moito, pinto, ando no mar, paseo co fillo, xanto, durmo, sono.... E. Non t'esquezas de min, e dalle unha forte aperta ô manífico Miguel.

Teu

Urbano &

importantes danos materiais. (Nota de Alfonso Posse, cuñado de Cebreiro, na transcripción da carta orixinal.)

Carta n.º 2

En 1947, Lugrís, casado e pai de familia, reside con esta en Vigo. Polo San Xoán pídelles a Álvaro, nunha carta escrita en galego nun papel timbrado cun anagrama persoal do propio Urbano, que se faga cargo de dous cadros seus, xa que a nai e a irmá ausentaranse da Coruña, e autorízao a vendelos por 5.000 pesetas.

Urbano utiliza fórmulas do galego popular, como o apócope «ña» en termos como «ña nay» e «ña hirmá» e emprega a palabra «sono» por «soño», un erro recorrente por confusión dos termos. E non deixa de exhibir a súa cultura aludindo como boa

sudra (membro da cuarta e última casta na cultura hindú) á criada da casa materna.

Hai unha alusión ao fillo, Urbano LUGRÍS Vadillo, nado en 1942, que daquela tiña ou ía facer 5 anos. E, na nosa opinión, a alusión final ao «manífico Miguel» refírese a González Garcés (que nese 1947 era director da biblioteca provincial e publicaba o seu primeiro poemario), co que LUGRÍS mantivo boa amizade e ao que lle ilustraría o seu segundo poemario, *Isla de dos*.

Vigo - San Xoan - 1947

(23.6.47)¹

Amigo Alvaro: Recibín hoxe carta de ña nay, na que me dí que axiña, — polo 4 ou 5 de Sant-Yago — deixará a Cruña con ña hirmá Pilar, pra pasare un folgar en Guitirís. ¿Que fago eu entón c'os cadros? ¿Quéimoo, escachízoos, tiro co-eles ô mar? Mellor sería levalos á tua casa; fala pra iso con ña nay, e que Manuela, nosa asistente, sexa quen os leve sobor a sua nobre e paciente testa de boa sudra. Em canto a vendelos, fai o que mellor che pareza. Eu preciso de cartos, pois, como sabes, estou a mercar cousas para miña nova casa, e tod-e pouco. Podes dar os dous cadros por 5000 pts; paréceme que a cousa é honrada, ¿non?

Eu traballo moito, pinto, ando no mar, paseo o fillo, xanto, durmo, sono.... Etc. Non t'esquezas de min, e dalle unha forte aperta ô manífico Miguel.

Teu

Urbano (Lugrís)

1. Data do mataselos. O papel da carta ten impreso o membrete propio de LUGRÍS: unha buguina, unha estrela de oito puntas, un veleiro e unha cuncha de vieira e as súas iniciais U. L. Todo en tinta verde, color que tamén é empregado para escribir o texto. Unha áncora, en negro, sobrancea sobre todo elo. Tamén na firma vai deseñada unha pequen áncora. (Nota de Alfonso Posse, cuñado de Cebreiro, na transcripción da carta orixinal.)

Carta n.º 3

En outubro de 1947, logo dunha visita á Coruña (aludida como «Brigancia»), Lugrís escíbelle a Cebreiro dende Vigo sobre o asunto da venda fallida dun cadro e para que este se encargue de enviarlle xunto con ese cadro outros dous a Vigo convenientemente embalados. Como sempre, Urbano escíbelle en ton humorístico e irónico e neste caso con alusións clásicas: ósculo, Orco (en referencia ao inframundo) ou sacrificios «a los Dioses».

Vigo – 8 – 10 – 47

Querido Alvaro: Huí como felón, de Brigancia, sin darte el ósculo. Esto me llevará al Orco, pero tu sacrificarás a los Dioses y lograrás la remisión de mi pecado. Te adjunto 100 cláudias, para dar fin al enojoso asunto Cristo; no se si sabrás que el cerdo de Tomás, después de acordar conmigo las condiciones de venta, ya en firme, se echó atrás a última hora con idiotas disculpas comunicadas por una criada de su hedionda casa, ya que el no se atrevió a dar la cara. ¡Una cerdada más del neolejitimista! Así, pues, te ruego hagas recoger mis cuadros — Cristo, Santiago y Florero— y los embales debidamente (cualquier carpintero lo hará bien) con un poco de paja, etc. y me los factures a esta, a porte debido. Creo que te alcanzará el dinero, y si algo sobrara bébetelo gallardamente, como cumple a un Cebreiro de raza.

Con esta última molestia, daremos buen fin al “affaire”, y te quedará muy agradecido tu amigo

Lugrís

No dejes de mandarme rápidamente los cuadros, pues un amigo de Victoriano quiere el Cristo para el, y yo ando flojo de cláudias.

Carta n.º 4

Dezaseis días despois da anterior, e en resposta a unha de Álvaro (na que este lle debía relatar as súas xestións para tratar de venderlle os cadros citados na anterior), refírese de novo á fallida venda do cadro de Cristo, apalabrado en 4.000 pesetas a un tal Tomás, xa aludido na carta anterior, posibelmente un coñecido e destacado empresario coruñés dese nome (creemos que podería tratarse de Tomás Rodríguez Sabio, antigo nacionalista das Irmandades, emigrante exitoso en Cuba e Arxentina, presidente na altura da Cámara de Comercio coruñesa e que falecería case dous anos despois con apenas 48 anos), a quen dirixe curiosos insultos como

«infrahome» e «berrendo coronado». E tamén se refire Lugrís a unha exposición que está preparando para decembro (inauguraríase en xaneiro seguinte no Casino de Vigo) e para a que lle solicita o envío do citado cadro do Cristo e uns taboleiros que non atopa en Vigo. No medio das coitas económicas que cita, Lugrís non abandona a ironía, esta vez nun galego fluído e zarrapicado con algunhas imaxes cultistas das que tanto gostaba.

Vigo – 24 – 10 – 47.

Amigo Alvaro: Recibín a túa. Fólgome de te ver no epinicio da mellor vontade, en percura da miña gloria crematística. Non me digas cousas do “affaire” Tomás; ben sabes foi por tua iniciativa que entabléi relacións telefónicas con tal infrahome dende a casa de Pepe, cando alí cenábase unha noite; ¿lémbreste? Déume toda cras de satisfacción, faloume do moito que lle gustaron os cadros, e quedamos “en firme” nas 4000 pol-o Cristo; cheguéi logo a sua casa a percibilas, e xa voltara atrás do acordo, facéndome recibir por unha doncella que, avergoñada de ter tal “señorito”, non sabía como esprical-a cousa. Eu balbordéi un peido moral sobre tal berrendo coronado e fuxín con noxo; eran as 5 da tarde. Às 6 tiña de ir a Estación pra regresar a Vigo, e velaí porqué non poden darche o bico de despedida.

Eu ando agora en gastos feroces, pois estanme enmarcando os cadros para miña exposición de Diciembre, da que teño boas impresións e moitas ofertas de amizade. Quero decir que a venda do Cristo (levo fallando, como Xudas ocasional, 2000 mil veces) faríame boa feira. Non deixes, pois, de mandalo, así como os tableiros de Rial, xa que aquí non s’atopa un. Agardo con esperanza todas estas cousas. El Señor cho pague por adiantado.

Saudos cariñosos a todos os amigos, e pra ti unha forte aperta de

Lugrís



50 anos do pasamento de Urbano Lugrís (2ª parte)

MANUEL LUGRÍS RODRÍGUEZ

Diciamos no número anterior de *Areal* que «neste ano cúmprese o cincuenta aniversario da morte dun xenio coruñés falecido o 23 de decembro de 1973 e que está esquecido, ou máis ben ocluído» pola oficialidade de fotografía, *postureo* e posto político. Pero hoxe estou aquí para escribir acerca do home, do que significou como ser humano no seu tempo e no seu país, non para citar só a obra pictórica pola que se deu a coñecer, que moitos outros con meirande cualificación xa teñen espallado abondo, nin tampouco as anécdotas e ferretadas que se lle atribúen como *trasunto* gracioso dunha vida que realmente estaba oculta tras delas. Urbano era máis que todo ese mundo ficticio que se lle aplica. Era, como dicía el de si mesmo nunha entrevista no ano 1965, ó responder a pregunta do xornalista sobre a súa definición: «Son un home». Un home que pinta? E respondía: «Si. Pinto as miñas máis puras resoancias de neno: o mar que é a constante da miña vida, dos meus lonxanos días infantís, hoxe literaturizados e visto a traveso dunha nostalgia...». E insistía na entrevista: É vostede profundamente nostálxico? «Si, cunha aparencia tantas veces xograresca. Mais isto non é máis que unha máscara de efectos e conciencias máis fondas, comúns á nosa raza». E aquí están dous eidos fundamentais: a pintura coma sucedáneo literaturizado e como imaxe de efectos e conciencias máis profundas. Que significa isto? O que trataba de pór el en cuestión: debuxa e pinta coma subterfuxio, evasiva, ocultación, como di, de efectos e conciencias máis profundas da súa vocación literaria, pois considerábase como un escritor que pinta, xa que na súa casa se respiraba un ambiente de amor ás letras, á arte e a un galeguismo culto que todo o envolvía. Nacera no número 23 da rúa Rego

da Auga, casa onde se fundaron as Irmandades da Fala e onde tivo a sede a Academia Galega. A súa nai foi pianista e mestra da Escola Normal, e seu pai, escritor, dramaturgo, poeta, fundador e presidente da Academia da Lingua e, por riba de todo, político nacionalista e cofundador do Partido Galeguista, entre outras múltiples actividades ó longo da súa vida; como a primeira revista totalmente en galego na Habana, o primeiro discurso público en galego en Betanzos, a campaña propagandística do referendo da autonomía etc.

Foi seu padriño o historiador Francisco Tettamancy, co que ten unha fonda relación e que o introduce no mundo das lendas, das fantasías, e nos textos de Jules Verne, que durante toda a súa vida foron materia onírica das súas figuracións mariñas, substitutas do mundo real que estaba a abafar o intelecto e a liberdade. Críase neste ambiente de cultura e nacionalismo que, por outra banda, respira aínda da figura do seu tío materno Urbano González Varela, do que tratamos xa no anterior número desta revista. Dicía Luz Pozo que gardaba tras o sorriso e o humor un sentimento dramático e tráxico, como ese agoniar que sempre voa entre o desgairo das súas famosas anécdotas e ocorrencias.

A primeiros da década dos trinta do pasado século, trasládase a Madrid logo de intentar o estudo de Comercio na Coruña. A pouco de chegar pasa polo cárcere Modelo por asinar un manifesto de artistas e intelectuais a prol da República. Vai a clases para perfeccionar o debuxo, que haberá ser parte fundamental da súa pintura, e participa en faladoiros nos que traba amizade, entre outros, con Dieste, Alberti, Margarita Xirgú e García Lorca, con quen se integra

nas Misións Pedagóxicas da Segunda República realizando decorados do Retablo de Fantoques, tomando parte no teatro de monifates coa modelaxe dos bonecos, e mesmo como monicrequeiro coa súa portentosa voz. Hai un dixomedixome de que foi Urbano quen asesorou a Lorca no tema lingüístico polos seus famosos poemas en galego.

Retorna a Galiza e intégrase na intensa vida intelectual e artística do período republicano, con Luis Huici, Francisco Miguel e outros compañeiros de faladoiro como Luís Seoane e Álvaro Cebreiro, o gran caricaturista, que será un dos seus grandes amigos.

Mais pronto o mundo se lle afunde coa vida arredada, perseguida, transida polo medo da atrocidade desencadeada en xullo de 1936 e que deixa o seu pai enfermo no abatemento, só, refugado naquela ventá que asoma ó patio posterior da súa casa na rúa de Santo André, dende onde albisca un anaco do mar do Orzán e escoita, ás veces, ecos abraiantes dos alongados disparos de morte na praia das Lapas. Urbano non pode plasmar na escrita todo o terror que o arrodea e usa os pinceis para manifestar sentimentos, evocacións, pensamentos ocultos, estando a facer das súas íntimas metáforas plásticas todo o seu interior real e grave: as cidades asolagadas como alegoría á liberdade asfixiada, e outros cadros daqueles primeiros



Urbano Lugrís en 1936. Fotografía dedicada aos seus pais / Bosquexo realizado cando aprendía debuxo en Madrid [cedidas por Manuel Lugrís]





anos da ditadura, como *Fondo Marino*, *Ola*, *Apunte Submarino* etc., pintura allea ó férreo hermetismo artístico imposto pola oficialidade imperante. Urbano pinta no exilio interior, que contrasta coa liberdade de creación dos artistas do exilio exterior: Castelao, Colmeiro, Seoane, Maruxa Mallo e tantos outros que producen en América unha Galiza de cores e certas esperanzas aberta ó mundo e mesmo ás vangardas do momento. Urbano ten de crear unha estética propia, que será patrimonio da súa andaina artística toda a súa vida. Unha estética de surrealismo mariño e fantasías paisaxísticas que levan agochadas interpretacións vitais de acomodado ó superficial panorama da censura do Réxime.

Porque o levantamento militar é para el un trauma que terá consecuencias nun todo persoal, desde a propia familia. Mobilizado e ferido na fronte de Asturias e co seu irmán Secundino tamén mobilizado en Madrid polo exército leal, a xa descrita situación do seu pai, gran sospeitoso para os facciosos polo seu pasado de galeguismo activo, nun permanente estado de incerteza de que na noite petasen na aldraba os portadores da morte e o silencio temeroso de toda significación artística que o cerraban en si mesmo na impotencia e a depresión máis absoluta.

Pero rematada a guerra inicia realmente a súa carreira cos pinceis e expón en Madrid na sala Macarrón, cun grande éxito que realmente non sabe ou non quere explotar.

Un día visita o Museo do Prado e, contemplando en arroubo o cadro d' *A Anunciación* de Fra Angelico, coñece a Paula Vadillo Bras, coa que casa en maio de 1941 na cidade de Burgos, de onde ela é oriúnda, dunha familia de forte raizame castelá. Terán dous fillos, Paula e Urbano, que tamén será pintor. Viven en Vigo durante seis anos que, segundo as súas propias palabras, son de felicidade a pesar das dificultades económicas que os atinxen, derivadas da precariedade laboral de Urbano, que non é quen de cumprir nun posto da compañía de tranvías que lle ofrecen os seus amigos, nin noutros sucesivos lugares de traballo que afogan a súa verdadeira vocación artística. É chamado por Cesáreo González, de Suevia Films, que lle encarga decorados para varias das súas películas e tamén para a promoción en Asturias do documental *Así es Galicia*, co cal acadada unha certa estabilidade económica. Pero a aparición da enfermidade de Paula obrígao a retornar á Coruña, dando comezo a unha época de difícil convivencia, tanto pola enfermidade da súa esposa como polas dificultades económicas derivadas da conxuntura propia do momento.



Urbano Luagrís en 1947
e en Vigo en 1965.
[dereita]





Noutra entrevista un xornalista pregúntalle de que vive: «Só da arte». E reitéralle se vive ben e a resposta é evidente: «Vivo contento con min mesmo, que xa non é pouco».

O diñeiro non era o obxecto esencial de Urbano. É máis, diría que tiña escaso interese nel e que non era quen de traballar forzado polo compromiso do cobro, a pesar de que frecuentemente estaba moi necesitado del.

En xaneiro de 1961 falece Paula en Burgos e os fillos fican alí con seus avós. Estas circunstancias cáusanlle unha fonda depresión, mais non obstante está pendente tanto dos seus estudos como das súas estadías na Coruña, que serán cada vez máis frecuentes, coa colaboración imprescindible da súa nai e da súa irmá, que lle instalan un estudio na casa da rúa de Santo André, coma refuxio no que comeza un período de alta produción artística que o leva a armar exposicións de grande e inmediato éxito tanto na Asociación de Artistas como na Sala de Información e Turismo, así como moitas encargas de murais e decoracións. É a época da súa vida bohemia no ambiente do centro daquela Coruña mediosecular no que se movía Urbano entre *contertulios* de tasca e arte e coa casa Enrique da rúa Compostela como centro operativo. Inesgotables conversas e a xusteza dun liderado fonte de intelecto libre naquel deserto de servidume ó sistema imperante. Novos amigos que,

como di Mariano Tudela, eran requiridos por Urbano con: «Joven poeta, ¿me admite un vaso de buen vino?», principio dunha amizade que duraría ata a morte do pintor, fecunda en proxectos comúns, longos paseos pola Torre, a Pasaxe... Amigos como Antón Avilés de Taramancos e Álvarez Torneiro son alumnos da súa fértil imaxinación.

Unha listaxe dos seus traballos artísticos non tiña lugar neste traballo e, desde o Instituto de Cultura Hispánica ata a Capela dos Santos Reis de Bueu, pasando por cadros de todos coñecidos, a súa actividade artística abrangue moitos eidos, e citaremos entre eles as ilustracións para una obra de Luz Pozo e para o libro *Isla de Dos* do seu amigo o poeta González Garcés, os deseños de debuxos para as empanadas galegas e a colaboración no Teatro Popular Galego de Maximino Queizán participando na montaxe dalgunha das súas obras programando os carteis. E, como curiosidade, é tamén o creador dun instrumento musical, o *pirangardallo*, do que había que escoitar obrigatoriamente os concertos por teléfono, e o organizador dunha procesión cívica co gallo do comezo da primavera consistente en iren os literatos que se reunían na parte traseira da librería Porto, da que el era asiduo, recitando poemas pola rúa e, á fronte deles, Urbano como gran bardo da comunidade. En fin, feitos curiosos que en nada desvirtúan o inmenso escritor e artista que era.



Deseño para as empanadas galegas
[cedidas por Manuel Lúgrís]



"Barco a vapor el "Primer Coruñés", que hace la carrera de Burdeos. 10 de febrero de 1840", óleo sobre táboa de Urbano Lugrís [cedido por Manuel Lugrís]

Pero a andaina intelectual de Urbano non é estritamente pictórica, xa que no transcurso da súa vida ten ocasión de manifestarse na súa vocación literaria, e temos constancia de colaboracións no prelo mesturando o debuxo coas letras. Tras as súas incursións na prensa na súa primeira etapa en Madrid e, posteriormente nas publicacións da década dos corenta no periódico de Vigo El Pueblo Gallego, chegamos ó ano 1954, cando é un dos fundadores a carón de Mariano Tudela e da cerna de artistas coruñeses con José María Labra á cabeza e Abelenda, González Pascual, Tenreiro etc., da revista *Atlántida* co deseño das portadas e ilustrando artigos e mesmo sendo el colaborador nas letras combinadas sempre co seu debuxo de referencia. Dous anos máis tarde deixa de publicarse por mor da censura e os fundadores achéganse á revista *Vida Gallega*, onde continúa coas súas colaboracións. Pero a vea poética e literaria de Urbano esténdese en múltiples medios, e logo da súa morte estes textos foron recollidos por varias publicacións. El mesmo no ano 1961 declara: «Teño recollidas numerosas lendas e tradicións do meu país

e, de cando en vez, escribo contos fantásticos. Esta produción está espaxada en diversos periódicos e revistas. Quizais algún día teña a ocorrencia de recopílas». Algo que xurdiu logo do seu pasamento, e vou citar tres destas publicacións que dan fe da altura narrativa de Urbano: *Balada de los mares del norte. Poemas, cuentos y ensayos 1942-1973*, da Editorial Alvarellos, *Orixe orzánica das sereas todas*, de Rodrigo Osorio, e *O señor Lugrís e a negra sombra*, de Luís Rei Núñez. Mais a súa vea lírica, como un daqueles aedos helenos que mesturaban a realidade coa épica fantástica e a intervención dos deuses, está presente ó longo da súa vida.

Pero permítome alongar estas liñas cunha mostra da súa poesía de dúas épocas. A primeira é de 1921, á idade de trece anos, e forma parte dun poemario de cinco composicións que lle dedica á súa nai con estas palabras: «A miña nai querida, dedícolle estas modestas verbas en sinal de agradecemento polo amor cara ós seus fillos e como ofrenda de gratitude do seu amor para min que non merezo»:

A poesía:

Quixera eu verte nena
 nunha noite de lua
 teu corpo de alabastro,
 de mármore e de cristal.
 Abaixo dun magnolio,
 copudo, marmurioso.
 Un canto moi fermoso
 que falaba de amores
 feitizo e suidad.

Anos máis tarde adícalle varios poemas ó pintor José Ramón Villar Chao, grande amigo, un deles titulado «Tránsito» co gallo do seu falecemento prematuro, en 1965, ós trinta e poucos anos:

Os anxos de El Señor que ti pintaras
 con cores e gracias desmedidas.
 Os serafins de caras non altivas
 mais de sinxelas i estelares caras.
 Os anxos que entevias e amaras,
 aquel sorrir con asas estendidas
 por un azul de luas fuxitivas
 que un día ti, cantando, aprisoabas.

Por outra banda era un magnífico narrador epistolar, en cada carta hai un estudo crítico do propio receptor, ou unha loa a lugares, lembranzas ou mesmo alusións ó seu pasado coruñés, que probablemente enchía as súas máis queridas acordanzas.

Nos anos sesenta Urbano vaise definitivamente para Vigo. Alí coincide con amigos, Castroviejo, Méndez Ferrín, Álvarez Blázquez, Patiño e Álvaro Cunqueiro, que acaba de ser nomeado director do *Faro de Vigo* e que lle presta unha boa axuda desde as páxinas do xornal para pedidos de cadros, murais, colaboracións etc. Ingresos cos que vive, instalándose no número 1 da rúa Doutor Cadaval, a carón da Porta do Sol, lugar céntrico no que monta o seu derradeiro estudio, a escasos metros do Bar de Elixio, que será o seu centro de operacións na súa bohemia viguesa, como o fora a Casa Enrique na Coruña. Por alí pasan todos os amigos, coñecidos e demais do lugrismo, que se instala na cidade olívica como un furacán de arte e referente de exaltación social.

Son dez anos de intensidade vital en que realiza varias das súas máis afamadas obras, mentres o seu corazón se vai consumindo ata que en decembro de 1973 se nega a seguir latexando, o domingo día 23, en que falece internado no Hospital Municipal de Vigo. En soledade e na pobreza. Como un día dixerá el: «Como morre o pobo».

Era Vigo ás seis da mañá, cando xa as rúas «estaban postas» e comezaba a actividade propia dun luns. Do hospital pasa á morgue do cemiterio de Pereiró. Estamos familiares —coa súa filla Paula presidindo o acto fúnebre—, amigos, compañeiros da vida cultural viguesa. O enteiro lévase a cabo no nicho da familia Lareu Sánchez e sufragado polo seu amplo grupo de amizades de Vigo, e constitúe unha importante manifestación


de acompañantes a pesar de ser o día da Noiteboa; sendo data tan sinalada, unha vez rematado o enterro, xa coas sombras entre lusco e fusco a capearen por riba da cidade, despedímonos todos ás portas mesmas do camposanto.

A partir deste día celébranse funerais relixiosos, algúns deles de corte oficialista, exposicións antolóxicas, conferencias, artigos da prensa etc. Toda a *parafernalia* da honra, sen dúbida merecida, pero, como decote, tardía e a deshora. No cemiterio de Vigo está aquel que quería morrer como morre o pobo. E todo o demais non é outra cousa que a mala conciencia de todos aqueles que o esqueceron de vivo. De case todos. Porque quero rematar estas letras cunhas inmensas grazas para os esforzos privados das asociacións *O Mural* e *In Nave Civitas* e o amigo Xurxo Souto, que veñen convocando ano tras ano o «Día Ligrís» na data do aniversario da súa morte, tal como o Bloomsday de Joyce, para relebrar a súa memoria e mais o seu universo onírico e o realismo máxico da fantasía oceánica. E proclamar a quen corresponda a elección para dedicarlle o Día das Letras Galegas a este grandioso xenio da escrita que foi Urbano, que, por certo, tamén pintaba.

“Esta es la plaza de la Coruña, sirena de la mar”, óleo sobre táboa de Urbano Ligrís
[cedido por Manuel Ligrís]



Galicia 08/06/1925



SADA: LA TERRAZA

Foto GALICIA.

Hermoso kiosco desde donde se divisa el más sorprendente panorama meigo, brujo, incomparable. La belleza cautivadora de esta villa mariñana, donde el viajero halla solaz y esparcimiento teniendo su reunión en ese espléndido palacio de cristal.

A Sada puede irse, en viaje de ida y vuelta en tranvía, con derecho a comer en esa suntuosa terraza por 5 pesetas solamente.—¿más?...

La Voz de Galicia 15/09/1924

sus compañeros, un vacío difícil de llenar por el hondo afecto que supo granjearse.

Regreso

De su viaje de novios llegaron D. José

esta capital y Lugo, en la tarde de domingo y a su paso por el B...
pelló a un niño, seccionándolo...
El triste hecho que consigna...

➡ A SADA ⬅

Habiendo establecido un convenio entre la Compañía de Tranvías y los propietarios de «La Terresa», de Sada, hoy puede irse a la hermosa villa y comer espléndidamente en aquel restaurant, sólo por 5 pesetas, comprendiendo viaje de ida y vuelta y cubierto completo, varios postres y vino.

¡A SADA...!

ESTA REVISTA SE EDITA EN LA IMPRENTA



10, SANTA CATALINA, 10.

Si queréis pasar horas agradables fuera de La Coruña, iros a LA TERRAZA, de SADA

MENUS VARIADOS, ECONOMICOS Y BIEN SERVIDOS

ESPECIALIDAD EN HELADOS

Un merecido agasajo

La representación en esta plaza de la casa "Hijos de A. Barceló", de Málaga,

durante el cual ocupa la cátedra sagrada el superior de los Dominicos en la residencia de La Coruña, R. P. Velasco, y cuyos sermones demuestran la gran cultura de este orador.

A Terraza | 100 años en Sada

En xuño do ano 1923 abría as súas portas en Sada o quiosco La Terraza, emprazado ata poucos anos antes nos xardíns de Méndez Núñez da Coruña e trasladado á nosa vila por Manuel Zapata e Hipólito Suárez. A súa chegada, que coincidía coa do tranvía, simbolizaba a irrupción da modernidade e a apertura do que semellaba un tempo de progreso. Axiña se convertería en algo máis que un establecemento hostaleiro: a Terraza sería, nas décadas seguintes, un espazo de referencia do ocio nunha vila consolidada como a capital do lecer a nivel comarcal. A súa imaxe —a do que probablemente sexa o edificio máis significativo do modernismo en Galicia— tornou nun símbolo de Sada.

Hoxe, cen anos despois, a Terraza esmorece, nun estado de conservación inaceptable que pon en risco o seu futuro. Arelando un porvir máis digno para este elemento central do noso patrimonio cultural, desde Areal recuperamos unha selección de documentos hemerográficos que nos retrotraen ata eses primeiros anos de vida en Sada.

a y en los bosques de la Feria.

a estas agradables entrar toda clase de tintos bares de este

concurrir numerosas ruña, el Burgo, Vila-Oleiros y otros pun-AL.

ESARAS

rama de los festejos de San Pedro de rán en honor de su 29 y 30 del actual y óximo.

nzan los citados festi- visperas en la Iglesia

rán el pueblo los gl- acompañados de la e Arzúa y de varias a solemne en honor

ndo después la pro- espléndida flum- eda y sorprendente tificiales.

omunión y misa can- el Cristo, repitiendo- tarde la romería y erior.

os festejos el día pri- una misa solemne en onlo de Padua y ro-ia.

do tener en cuenta las aspiraciones expuestas, y hará una excelente obra imponiendo el orden y respeto al viajero, sin que padezca el derecho de las mujeres que en esta profesión tienen su único y honrado medio de vivir.

UN RESTAURANT EN SADA

"LA TERRAZA"

MAÑANA SE INAUGURA

Amablemente invitados por los señores Zapata Montero y Suárez (D. Hipólito), estuvieron ayer en Sada una peña de periodistas y distinguidas personas coruñesas y brigantinas, para visitar el emplazamiento que en aquella pintoresca villa acaba de darse al kiosco "La Terraza" que hasta hace poco tiempo estuvo instalado en el Relleno y que con el trasplante sufrió una transformación que le mejora notablemente.

Frente a la parada del tranvía en la avenida de Barrié de la Maza, y dando frente al mar, se alza el elegante y coquetón kiosco, transformado en un verdadero palacete, puesto que la escalinata de que se lo ha dotado y la amplia terraza adornada con plantas que le rodea, le convierten en una instalación de la costa azul o de Venecia.

Ha sido una mejora indudable para Sada y un acierto de los Sres. Zapata y Suárez, la instalación de "La Terra-

za", en aquella risueña villa y es seguro que en lo sucesivo estará este kiosco-casino concurridísimo pues resulta agradabilísima una tarde allí, disfrutando de la pintoresca lejanía, aspirando los aires yodados del mar que, como si fuese un yacht, rodea a "La Terraza", y en medio de una temperatura agradabilísima.

Los invitados fueron obsequiados con un almuerzo que por lo bien servido, lo exquisito del menú y la elegancia y confort, constituyó un suculento banquete pues los propietarios de "La Terraza" quisieron demostrar que su cocinero es un verdadero artífice y que el servicio que tendrá el restaurant con que la instalación cuenta no desmerecen en nada de los mejor montados, no ya en La Coruña, sino en las playas de moda.

Presidió el almuerzo el exdiputado a Cortes y actual diputado provincial por Betanzos, D. Agustín García y entre los comensales figuraban el alcalde de Sada Sr. López Vidal, el secretario del Ayuntamiento Sr. Alonso (D. Atanasio), el prestigioso médico Sr. Posse, el culto e inspirado pintor D. Mariano Miguel, el secretario del Juzgado municipal señor Bringas y cuantas personas tienen relieve en Sada, y demás pueblecitos de aquellos alrededores además de los directores y redactores de los diarios coruñeses.

Al descorcharse el champagne, un champagne helado que allí sabía a gloria, el Sr. López Vidal saludó a todos con correctas palabras en las cuales puso acentos de emoción al abogar por que cada vez sean más estrechas las relaciones entre Sada y La Coruña y al agradecer a los Sres. Zapata Montero y Suárez la mejora de que dotan a aquella villa instalando lujosamente allí un exquisito "restaurant" que cuenta además con billares, café y bar, para recreo de propios y extraños.

La visita a las dependencias de "La Terraza" maravilló a todos.

En el sótano se instalaron la bodega, una bodega bien surtida para complacer al más exigente, y las cocinas desde las cuales suben las viandas al "restaurant" instalado en el piso alto por medio de un montacargas.

La planta baja será destinada a café y bar y en el primer piso, al que se sube por elegante escalinata de doble vuelta, están colocados los billares para que los "touristas" entretengan sus ojos.

Todo decorado lujosamente con mobiliario novísimo que acredita el gusto de sus propietarios.

Los precios del "restaurant" son muy económicos y ello hará, si la empresa del tranvía establece el abono reducido que se gestiona para ir y volver, que "La Terraza" esté llena lo mismo en el verano que en el invierno, durante el cual habrá cine y otras atracciones.

Mañana, con motivo de la festividad de San Pedro, se inaugura "La Terraza" de Sada y es seguro que dará a las fiestas que allí se organizan un esplendor y realce envidiables.

A la inauguración asistirá la banda del Hospicio y esto contribuirá a que el abarrote deje recuerdo.

En suma, que de hoy más, cuenta Sada con un soberbio edificio y La Coruña con un merendero agradable, lujoso, bien servido y económico.

¿Qué más puede desearse? Felicitamos a sus propietarios por la iniciativa y a Sada por la mejora.

Del Ferrol

BARCOS INÚTILES

plón d gándose Hoy ciudad médico de Sera dáver.

El Ayuntamiento natal de la A pidiendo una dec aquel p solo dist suales.

Ferroltas gest exigua p compañ uno de prestigio en el su

—Par soará e Abolard cena de Ferrol-C el día, c sanos p —Por ras sufr mesa M

IA H Agrá huelga e del Asti Hoy l a pesar obreros sin los s servicios

Los u de los J castigad Una c ta noche tillero, y solución *****

Una

Cada los actu un mun cierto ul bares h mundan "an en dentro c imposic gancia c cho se h elada d que serv para dis los ejec do el re petencia agrupa ban en e doso "d complic para ob orquesta rizando señaland sonidos. orquesta rrir en una gran Model de talgun tuen te


...vio entre ...de de ayer ...Burgo, atro- ...e el cuerpo. ...amos, es re- ...Tamb ...número ...«Gente ...más salí ...bidas al ...astrería ...Por fin de ...gran rebaj ...eros finísimo ...bricació ...te francés, úl ...maestro e ...9 - SANTA ...MORET-MARIA

CORRESPONDENCIA GRAFICA



SADA, CORUÑA.—Banquete celebrado en la Terraza de esta pintoresca villa, por los que componen la "Orquestina Coruñesa" para celebrar sus grandes triunfos obtenidos durante los últimos carnavales.—(Foto Varela Posse).

Gráficos de la Región: Sada



SADA (CORUÑA).—La risueña villa casi coruñesa; muestra al visitante su gran Casino-restaurant "La Terraza", uno de los mejores de Galicia.
Foto. Freure Calvelo.

UN GRAN CASINO EN SADA

Aunque éste no es lugar para esta clase de trabajos, sino de otra índole, hace ya tiempo deseábamos consignar una rápida ojeada que dé a conocer a grandes rasgos las condiciones de "confort" del

gran casino restaurant "La Terraza" de Sada para que sirva de conocimiento y de gobierno a los que necesitan modelo para reclamo del turismo adinerado. "La Terraza" es un gran edificio de hermosa



Mariniana, 01/08/1925

Página 10.

MARINIANA

perspectiva, con dos espaciosas galerías, precedidas de grandes salones de fiestas, comedores y reservados rodeados de jardines y alameditas alegres y vistosas.

Los pisos altos se comunican por una doble escalera, sin necesidad, al trasladarse de uno a otro, de salir a la calle. Las escaleras, los pasillos, los salones son amplios, desahogados y decorados con un buen mobiliario y, hasta cierto punto, lujoso; pueden contener cómodamente 300 personas aproximadamente; el comedor es elegante, guarda relación con todo lo demás y puede dar cabida a un crecido número de personas.

El salón donde se celebran las "cenas americanas" y los "thes dansants", rodeado de diversos muebles y adornado con alfombras, cortinajes, piano de cola y profusamente alumbrado, forma un conjunto de hermosa apariencia.

Además tiene el restaurant-café mesas de billar, tresillo y otros juegos lícitos que ofrecen amena distracción.

La renombrada "Orquestina Coruñesa", que dirigen los hermanos Prado, ameniza los numerosos festivales que en ella tienen lugar esta temporada.

El servicio de camareros es de lo más escogido.

La mesa se sirve con esplendidez y finura, sin economía ni miseria; variada y abundante. El cocinero es de lo más hábil y entendido, sazonándose las comidas con arreglo a los últimos preceptos de la higiene y del más delicado gusto.

No podemos menos de sentirnos gratísimamente impresionados y orgullosos al ver en Sada manifestaciones florecientes de vitalidad que la enaltecen, que tan altos ponen su nombre a fuerza de trabajo asiduo y de loable constancia.

Mientras otros pueblos veraniegos menguan en importancia, Sada, la villa veraniega por excelencia, tiene mayor número de forasteros.

Por eso hoy hemos dedicado un aplauso a esas obras que los atraen, porque quien elogia la obra elogia a su gestor y, en este caso, a D. Manuel Zapata Montero, el hombre bueno, el benefactor de la villa, a quien no arredran las dificultades de todo orden que surgen a cada instante para hacer fracasar su gestión o empeñarla al menos.

MANUEL L. FREIRE-CALVELO.

Sada 26 Julio 1925.

A IMAXE COMENTADA por MEMORIA DE SADA

Estas e moitas fotografías máis en
memoriadesada.com

La Terraza

Unha imaxe moi antiga do edificio da Terraza. Loce no seu máximo esplendor. Debe ser unha das primeiras imaxes que se lle fixeron, xa que co paso dos anos sufriu unha gran deterioración e viu modificados moitos dos seus elementos.

Aquí, no muro dianteiro, vense ben os famosos "ferros" nos que todos querían facerse a foto, como presaxiando que un día ían desaparecer. Tamén as vías do tranvía. Os nenos sentados no chan demostran o pouco tráfico que había entón.

O edificio tiña dous pisos e a entrada era a través dunhas escaleiras á fronte, en forma de media lúa. Unha vez no interior, o café estaba á esquerda, coas súas típicas mesas de mármore rectangulares que aínda hoxe existen, e á dereita estaba o restaurante. Os dous andares do edificio comunicábanse a través dunha escaleira interior e centrada fronte á entrada principal. Os banquetes tiñan lugar no piso, onde tamén se celebraron bailes durante moitos anos.



MERCEDES LEOBALDE

xenocidio

substantivo masculino

Exterminación metódica dun grupo social por motivos étnicos, relixiosos ou políticos.

Foron vítimas dun xenocidio.

OLLIÑO CON...

Boas! Nesta sección inicial do noso Curruncho levamos xa varios números pronome vai, pronome vén, mirando de colocarmos correctamente os pronomes átonos nas oracións. É é que a complexidade do tema require sen dúbida de certa demora.

Nesta ocasión centrarémonos nos casos en que o pronome vai precedido por algúns indefinidos e por determinados adverbios ou locucións adverbiais (isto é, «adverbios» formados por varias palabras) que «atraen» os pronomes átonos cara a si, provocando que se sitúen diante do verbo. Así pois, cando antes do verbo

vai algunha destas palabras non seguida dunha pausa, **o pronome átono irá antes do verbo:**

- unha palabra que indica **negación**, como xa vimos noutro Curruncho: *non, nin, nin sequer, tampouco, nunca, xamais, endexamais, nada, ningún, ningún...*

Ningún llelo soubo dicir e eles nunca o adiviñarán

Ningunha explicación che vale

- os adverbios de afirmación *si, tamén, abofé que, de verdade...*

Tamén o sinto, de verdade cho digo

- as palabras *algo, alguén, ambos -as, calquera, todo, todos-as, mesmo, mesmos-as*

Alguén volo tivo que contar, iso calquera o entende

Todas me animaron

Os mesmos profesores o contaron

- os adverbios de dúbida *quizá/quizás/quizais/quizabes, talvez, disque, seica, pode que, poida que, probablemente, posiblemente*

Quizais nos conveña investir, disque o farán todas as empresas

- os adverbios de cantidade *abondo/dabondo, algo, bastante, ben, de sobra, demasiado, máis, menos, moito-a, nada, pouco, tan, tanto, todo*

Bastante a tentaron para que aceptase o posto, mais pouco lle interesou, de sobra o sabes

- os adverbios de tempo *aínda, decote, sempre, xa*

Sempre lle tivestes medo, aínda o lembro

- os adverbios presentativos *eis, velaquí, velaí*

Velaí **os** tedes, quédanvos riba da mesa

- os adverbios de inclusión *ata, incluso, mesmo*

Ata llo advertiron as compañeiras. Ata as compañeiras llo advertiron

- outros adverbios, como *apenas, case, só, soamente, unicamente*

Case o gastamos todo, apenas nos queda para o bus

Existen moitos máis adverbios á parte dos mencionados, certamente, pero como non inflúen na colocación dos pronomes non serán obxecto da nosa atención. O que si convén subliñar é que a relación de atracción existente entre certos adverbios e os pronomes átonos é complexa e garda relación con distintos factores, nomeadamente coa alteración da orde habitual das palabras por cuestións enfáticas. Comparemos estes dous enunciados:

Paréceme moito / Moito me parece

O primeiro deles é sen dúbida máis neutro, meramente informativo, mentres que o segundo é máis expresivo, enfático, ao punto de que case pide unha exclamación final. Pois é precisamente esa alteración da orde dos elementos con funcións expresivas a que provoca a anteposición do pronome.

Mais isto non ocorre só cos adverbios, senón con calquera alteración brusca da sintaxe normal. Observa este enunciado:

*O meu corazón **che** entrego.*

Sería posible dicirmos *O meu corazón **entrégoche***? Non, rotundamente. Encontraremos algún libro de gramática que diga que o sintagma «o meu corazón» provoca a anteposición dos pronomes átonos? Eu non o vin na vida. Entón que ocorre aí? Pois ocorre que a orde normal co verbo *entregar*, a non-marcada, sería *Entrégoche o meu corazón*, e

que esa alteración abrupta da sintaxe motiva un cambio de posición no pronome.

Isto mesmo acontece con algúns adverbios de lugar, malia que polo xeral nin estes nin os de tempo inflúen na posición do pronome átono. Vexamos este exemplo:

*Tróuxenche o libro, déixo**cho** aquí* (neutro)

*Tróuxenche o libro, aquí **cho** deixo* (enfático)

Debemos deducir do anterior que adverbios como *aquí, aí, alí...* modifican a posición dos pronomes? Non, polo xeral non o fan, polo que deberemos dicir:

*Aquí **véndense** repolos e alí **véndense** flores exóticas*

Porén, cando enfatizamos e alteramos a orde máis habitual, si que antepoñemos: *Xa non o quero, aí **che** queda!*

E por hoxe xa está ben de pronomes. Ata o seguinte número...

DESMENTIDOS:

- *TRADUZCO,
- *TRADUXEN,
- *TRADUZCA?

As formas verbais do título van precedidas de asterisco porque son totalmente **incorrectas** en galego.

Cantos verbos coñecemos que rematen en **-ucir**? Vexamos: *traducir, conducir, producir, re-*

producir, inducir, deducir, seducir... Pois ben, todos eses verbos, que no castelán presentan varias irregularidades na súa conxugación, son na nosa lingua completamente regulares. Quere isto dicir que se comportan como calquera verbo regular acabado en **-ir**. Tomemos como modelo *escribir*.

Escribo, escribes, escribe, escribimos, escribides, escriben

Daquela, os presentes de *traducir, conducir* e *producir* son:

Traduzo, traduces, traduce, traducimos, traducedes, traducen

Conduzo, conduces, conduce, conducimos, conducides, conducen

Produzo, produces, produce, producimos, producidos, producen

Vémolo? De *escribir* temos *escribo* e de *traducir, traduzo*. Do mesmo xeito, se de *escribir* é *escriba*, de *traducir* será *traduza*, se de *escribir* é *escribín*, de *traducir, traducín* (observemos que se alternamos **-c** / **-z** - é precisamente para reflectir na forma escrita esa regularidade fónica de acordo coa norma ortográfica de escribirmos *za, ce, ci, zo, zu*).

Xa que logo, a partir de hoxe:

DIREMOS E ESCRIBIREMOS	NON DIREMOS NIN ESCRIBIREMOS
traduzo produzo conduzo	*traduzco *produzco *conduzco
traduza produza conduza	*traduzca *produzca *conduzca
traducín produción conducín	*traduxen *prodúxen *conduxen
traducise producise conducise	*traduxese *prodúxese *conduxese
traducira producirá conduciría	*traduxera *prodúxera *conduxera

Así de simple, sen ningún tipo de "rareza" calcada doutro idioma.

Agora que xa dominamos a conxugación dos verbos en *-ucir*, engadamos á listaxe de verbos **regulares** aqueles que acaban en **-acer** e **-ecer** (agás *facer*, que é irregular de todo, pobriño). Referímonos a verbos como *abastecer, adoeecer, adormecer, agradecer, aparecer* (e *desaparecer, comparecer* etc.), *carecer, compadecer, coñecer* (e tamén *descoñecer, recoñecer* etc.), *crecer, desfalecer, enfurecer, escu-recer, nacer, obedecer* (e *desobedecer*), *padecer, parecer, perecer*... Todos estes verbos presentan, como acabamos de ver no caso dos verbos en *-ucir*, un **-z-** ante *o* e *a* na súa conxugación, nunca *-zc-* (**aparezco, *aparezcas, *aparezca, *carezco, *carezcas, *obedezcamos* son castellanismos gramaticais que cómpre desbotar). Diremos, polo tanto, *adoeozo, adoeozades, agradezo, agradezades, padezamos, parezo, parezades* etc.

Proba ti a completar estas frases:

Acáeme mellor esta roupa, con esa un pallaso (PARECER)

Non quero que isto che máis problemas (PRODUCIR)

Eu camións desde os vinte anos (CONDUCIR)

Por favor, volve xa, non esperes a que (ANOITECER)

Non foi ela quen esa novela,a eu (TRADUCIR)

Arrola o meniño para que (ADORMECER)

Espero que vós non a última hora e sen avisar (APARECER)

Retornou porque quere estar aquí cando o seu fillo (NACER)

Teño miopía pero non de astigmatismo (PADECER)

Díxoche así para que lle o favor (AGRADECER)

Se bebes non..... (CONDUCIR)

LÉXICO: AS FESTAS. DE SANTOS A NADAL

A elaboración deste número de *Areal* cadrounos "entre Santos e Nadal", que diría o refrán, de maneira que mentres isto escribimos coexisten a pouca distancia as decoracións terroríficas máis serodias do Samaín asomando aínda dalgunhas das casas da contorna coas luces do Nadal tras os cristais daque-

las vivendas máis adiantadas á hora de poñer a árbore e a restante ornamentación típica destas vindeiras festas.

Se a primeira das festas orbita arredor do Día de Defuntos e ten que ver, xa que logo, co feito de lembrarmos e honrarmos os nosos mortos, o Nadal celebra, por contra, un nacemento. E é que, se ben os datos históricos sitúan o nacemento de Xesús en datas máis achegadas á primavera, o cristianismo operou nisto, como noutros casos, superpoñendo as súas festividades relixiosas sobre as celebracións



pagás xa existentes, de maneira que o único que muda é o motivo da festa mentres que se manteñen as datas en que tradicionalmente as persoas se reúnen para celebrar. No caso do Nadal, a relixión aproveitou para introducir a festa do nacemento de Cristo na celebración pagá do solsticio de inverno, isto é, do momento do ano con menos horas de luz solar e máis, por tanto, de escuridade, que ten lugar no hemisferio norte entre o 21 e o 22 de decembro. Virá de aí, quizais, o noso afán

desmedido polo lucerío no Nadal? Responderá a un medo ancestral a ficarmos na escuridade, tan irracional que non atende á existencia de iluminación pública nas nosas rúas? Haberíallo que consultar a algún sociólogo, pero a hipótese, en principio, non carece de lóxica.

E, xa postos a desmentir, convén reconsiderar, ou puntualizar cando menos, a idea de que as celebracións arredor do Día de Defuntos son totalmente artificiais e importadas dos Estados Unidos. Certamente, o consumismo e a imaxinería propia do Halloween invadiunos sen remedio, introducíndose a través dos medios nas escolas, nos comercios, nos fogares. Con todo, cómpre apuntar que as celebracións arredor do primeiro de novembro veñen de moi, moi atrás, dunha orixe común indoeuropea que festexaba arredor desta data o final do verán e o comezo dun novo ciclo agrícola, e tamén dun novo ano que nacía coa estación invernal. Críase daquela que neses días de transición os espíritos dos mortos andarían entre os vivos, e desa crenza proveñen moitos dos ritos actuais. Co andar do tempo, tras a dominación romana e o cristianismo (que aproveitou esta festa precristiá para implantar unha festividade propia: a de todos os santos xuntos, nada menos), perdeuse en boa parte do continente a esencia e o sentir da celebración primixenia. Non obstante, os ritos conserváronse mellor nos territorios con maior influencia celta, e precisamente da man dos emigrantes irlandeses foi como cruzaron o Atlántico. Alí denomináronse *Halloween*, que procede da expresión *All Hallows Eve* (ou *All Hallows Evening*), 'noite de Todos os Santos'. E de América rebotou, case cen anos despois, de novo cara a Europa, xa completamente transformada nunha especie de entroido outonal e ben mercantilizada, como mandan os novos tempos.

Todo isto viña a conto para facer notar que en Galicia existían xa, moito antes da invasión ao estilo estadounidense de morcegos, arañeiras e vampiros ensanguentados, tradicións e elementos case rituais arredor do primeiro de novembro, tradicións antigas que van dos magostos ás cabazas con caras talladas para meter medo, dos colares de zonchos (castañas cocidas coa pela) ás historias da Santa Compañía, como así o testemuñan tanto lembranzas e relatos da xente de idade como moitas vellas fotografías.

Ao fío do anterior, algo semellante acontece coa figura do Apalpador, que sobreviviu nalgunhas zonas de Galicia e está a ser recuperada desde o ámbito da cultura, nun intento de revitalización cun éxito, polo de agora, moi relativo —mesmo considerando a ausencia de apoio institucional—. O certo é que nestes tempos é francamente difícil competir con Papá Noel / Santa Claus / San Nicolás, os seus magníficos renos voadores, os seus industriosos trasnos/elfos e os seus tan xenerosos agasallos se un camiña a pé e en solitario, por moito

que un se implique na tarefa e amplíe o catálogo de obsequios das castañas de outrora ás existencias todas do Toys R Us.

Mais deixemos estas disquisicións e centrémonos no que aquí nos interesa: o léxico, as palabras coas

que denominamos as distintas realidades tradicionais nestas festas.

Con respecto ao Samaín, limitarémonos a depurar algúns castelanismos:

NON!	SI
*cementerio	cemiterio, camposanto
*difuntos	defuntos
*espíritu	espírito
*floristería	florería, floraría
*calabaza	cabaza, calacú...
*calavera, *calaveira, *calivera	caveira
*telaraña, *tela de araña	arañeira, tea de araña
*velas	candeas
*monstruos	monstros
*a sangre, *a sangue	o sangue

En canto ao vocabulario propio das festas en que estamos, comecemos por condenar de vez as formas espurias *Navidad/*Navidade/*Navidá e falemos sempre do **Nadal**. A este engadiremos o xa comentado *solsticio*, a *árbore* (reparade no xénero!), o *nacemento*, o *belén*, as *panxoliñas* e *vilancicos*, os *agasallos* ou *regalos*, o día de *Noiteboa*, o de *Noitevella*, o de *Reis*, o *Aninovo*, o *champaña*, os *turróns*, as *badaladas de fin de ano...*, e verbos como *celebrar*, *festexar*, *desexar*, *ofrecer*, *regalar*, *agasallar*, *crer*, *gozar*, *recordar/lembrar*, *cociñar*, *xantar*, *cear*, *reunirse*, *xuntarse*, *compartir*...

E como podemos felicitar as festas e así canalizar tantos bos sentimentos como nos invaden? *Bo Nadal*, *boas festas*, *feliz Nadal*, *felices festas*, *feliz ano*

novo, *venturoso ano novo*, *venturoso 2024* ou *moita felicidade no ano que comeza* son só algunhas das fórmulas posibles.

E que ocorre coa palabra *aninovo* e tanto *Feliz Aninovo!* como se escoita? O primeiro que debemos saber de *aninovo* é que non equivale a 'ano novo', senón só ao primeiro ou primeiros días do ano que comeza (por exemplo: *Sempre van pasar o Aninovo cos seus pais*). Así pois, dicir *feliz Aninovo* equivale a desexar unha boa entrada de ano, e nese sentido é correcto. Ora ben, se queremos prolongar xenerosamente os nosos bos desexos á totalidade do ano entrante e non limitarnos ao día ou días iniciais, prescindiremos desa palabra.

□ Apalpador nunha ilustración de Leandro Lamas



ENREDOS

Desta volta toca enredar con adiviñas:

Estou pensando, pensando, de pensar vólvome tola: coa sogra da muller de meu irmán, que parentesco me toca?

Ten orellas de gato e gato non é, ten fociño de gato e gato non é, ten rabo de gato e gato non é. Quen é?

Na terra teño un curmán pero estou feliz no mar, cabalgo nas augas calmas e agóchome nas algas.

HOXE RECOMENDAMOS...

Queremos mencionar nestas datas varias páxinas nas que podemos mercar produtos galegos e en galego para agasallar ou agasallarnos.

Comezaremos pola páxina web do Igata (Instituto Galego do Talento), na que se ofrece unha moi completa guía de artigos de todo tipo: produtos gastronómicos, libros, roupa, complementos, cosmética, xoiaría, bixutaría, decoración e artigos para o fogar, obradoiros, experiencias...

<https://institutogalegodotalento.es/blog-igata/guia-agasallos-nadal-2023/>

A este amplo catálogo podemos engadir aínda:






<https://www.tendagalizaa.com/>

<https://revistapincha.gal/neste-nadal-agasallos-culturais-e-de-artesania-galega/>

<https://www.chafaris.es/gl/content/22-xogos-e-xoguetes-galegos>

CITA PARA A REFLEXIÓN

Toda persoa que defenda a súa propia lingua sen agredir a ninguén ten a razón da súa parte
(Tilbert D. Stegmann, Universidade de Frankfurt).



CINE

Descenso | Talia Lugacy (2007)

Filmada en 2007 e dirixida por Talia Lugacy. Conta unha historia dramática sobre unha estudante que sofre unha violación por un compañeiro de universidade. Anos despois a casualidade volverá colocalos no mesmo camiño, pero esta vez buscarase o "ollo por ollo". É unha película escura, na que a ensinanza é que a vinganza só xera máis dor e impide continuar e esquecer o pasado.

Nueve reinas | Fabián Bielinsky (2000)

Unha fantástica cinta arxentina, rodada no ano 2000 e dirixida por Fabián Bielinsky. Conta a historia de dous estafadores de segunda, na que se produce un xiro inesperado. Esta película é un clásico do cinema arxentino, cun magnífico Ricardo Darín, actor que me encanta e que fai un papel magnífico. Unha película dinámica, que en cada xiro de cámara rompe totalmente a, en principio, trama principal.

Society | Brian Yuzna (1989)

Brian Yuzna, mítico director dos 80, embárcase nesta confusa película de 1989 onde se mestura a fantasía, o terror psicolóxico e humor negro. O fillo dunha familia acomodada empeza a notar cousas moi estrañas no seu grupo social, que terminan nun descubrimento moi sucio. Referencias a illuminatis, ritos, sociedades secretas..., completan esta descoñecida cinta de finais dos 80.

AS RECOMENDACIÓNS DE SERGIO MODIA

DOCUMENTAL

Pacífico | Pablo Vidal e Daniel Landa(2016)

Pacífico, de Pablo Vidal e Daniel Landa (*Un mundo aparte*), é unha ruta de 40.000 quilómetros desde o norte do Xapón ata as illas de Indonesia, desde Borneo ata Papúa, desde a Micronesia ata o sur de Nova Zelandia. Unha expedición única, froito dun ano de viaxe, na que os autores chegan ás comunidades indíxenas para lles dar voz ás tribos dos lugares máis remotos do planeta.

MÚSICA

Debut | Björk (1993)

O primeiro álbum de estudio de Björk, entrando pola porta grande, que foi aclamado pola súa innovadora fusión de xéneros, a cal incluía pop, electrónica, dance, jazz e trip-hop, entre outros estilos. Totalmente experimental, Björk mostrou a súa capacidade de romper barreiras musicais e desafiar as convencións establecidas. É un disco que a min, particularmente, me parece redondo no seu todo.

Blue Train | John Coltrane (1957)

Editado polo mítico selo Blue Note, este disco de Coltrane elévase a un clásico do jazz e do hard bop no que Coltrane exhibe o seu talento como saxofonista. No disco estaban músicos da altura de Le Morgan na trompeta, Curtis Fuller no trombón, Kenny Drew no piano, Paul Chambers no baixo e Philly Joe Jones na batería. Blue train segue soando cunha modernidade humillante.

Voz propia | Os días e as sombras (1997)

Grupo peruano de post-punk que leva en activo desde 1985 ata a actualidade; nace no Perú dos 80, un país moi complexo a nivel social e político. Se este disco destaca é pola súa pureza na súa influencia do grupo español de post-punk Décima Víctima con toques góticos e do dark-pop.

Decembro de cegoñas

MIRO VILLAR

*É um saber mais vivo, um saber
de ave: águia cegonha falcão,
animais quase no fim
como o lume destes días.*

Eugénio de Andrade, *Ofício de paciência* (1994)

Camiñamos decembro, fálanos un vento ávrego
sen a friaxe da Mudia nin do alto Cadramón
na serra do Xistral, que amou Manuel María.
E a cegoña impasible xa reconstrúe o niño
con gamallos dos kiwis, outra estraña presenza,
emparrados na casa de xanelas feridas,
humilde e xa sen lume.

Lembras: "*Polo San Blas /
a cegoña verás*" ou "*Polo Santiago /
a cegoña nos prados*", cantaruxaba Nai
atusmando o regreso das aves que anunciaban
a primavera (Shoba, poeta e mestre de Basho,
escribiuno hai décadas nun haiku limpo e puro).
Camiñamos decembro, mañá a Santa Lucía.
Lembras: "*Saca da noite, / mete no día*". Nai
cantaruxaba "*a pata dunha galiña*". Voa
a cegoña, molesta pola curiosidade
e o ladro inoportuno do can que te acompaña
mentres non atopas resposta para as dúbidas.
Son indicios de morte como corvos e pegas
de antano? Son agoiro da nosa necidade?
Ou veñen dar aviso da culpa e do crepúsculo,
como vísceras podres de cetáceos varados
en calquera areeiro, xa non en Caneliñas?
Camiñamos decembro, son os días de advento
cálidos como nunca, baten suaves as ás
da cegoña que volve ao seu niño afanosa,
nin a ave extemporánea nin o can saltarico
saben de vaticinios máis propios de poetas.

Non estamos en tempos de oráculos, incertas
veñen as profecías en contra a negación.
Camiñamos decembro, fálanos un vento ávrego.

Decembro de 2022

Ilustración de Carmen Castelo Monteagudo



No xeito de acudir á trapela
co afán de deixar aí cumpridas
as leis de quen lles choca a man
xente con vocación de terra de toupa
Deixaron os soutos a faiados e na noite
poñen leite ás feras e nos usos da navalla
a mansedume, tripas do veciño e barco ó lonxe
Dos xitanos: nin cesto nin canción somos o caldeiro
que tira a pozo e non coñecín feliz muller ningunha
nin amei aquela patria que nos guindou
da man dun trono ás periferias onde
compoñemos o estandarte
do pano no colo

Daquel vivir nun cerco de cabezas gachas
unha lebre
salta e bendime a memoria:

De locutoras con voz de cidade á noite
O carteiro abría as cartas de amor
coa petrina do baño quente
As mulleres famentas casaban con Cristo
e viaxaban en cepelín
Cando viñeron as cancións francesas
eu baixei á praza convocar as alegres
medroume unha luz na gorxa
As eguas tiraban embaixo os donos
na porta da taberna
Vin un rapaz de uvas
e no Seminario
colleu a sombra do patíbulo

Mansedume

MERCEDES RODRÍGUEZ BOLAÑO

A min faltoume un abrazo
cando me metín nun coche
e andei coa caixa da dor partida
os centímetros da infamia
Un espertar meu
puido ser un atestado na rúa
cando atravesaba as prazas
riba dun cable
Ti levabas sempre un cesto da túa pel
Eu abrín os brazos
e pasou un valado a rentes

Témonos:
nos ósos rompídos da lúa
a lingua nova vén nun buque e movemos a man
nun baile que lle pon ó corpo un mes de xullo

Funme

baixo a lona

dun tratante

O tempo perdeu a miña sombra na cidade sen alcumes
O lixo nadaba os sábados
Nos autobuses vin tipos ruíns con bosta nos dentes
Ías cun traxe branco na lúa morna do Barrio Chino
e recordei a foto da primeira comunión
As cidades europeas tiñan choro de seu
e pola fenda do albor un alarido
A noite poñía as rúas cara abaixo
a nosa idade nunha caeira
Desde os reclinatorios cuspían contra nosa
A nostalxia era Roma e pagaba
As ventás devecían polas voadoras nocturnas

Un día volvín

cun sono pecho

de soldado na neve

Erguín a man e cantei a herba en Liverpool
Perdín os domingos como meu pai no fútbol
Porque o demo ten máis graza que os clubs de tarambainas
xa non baixo máis á praza de armas
nin te espero no acubillo de capela ningunha

Queda pouca corda

deixádeme ir

—E levouna Deus coa mesma boca da blasfemia
deixádeme ir

—*Sit tibi terra levis* e quedamos no pousar do xeo minguante

Deixádeme ir

saírlle ó sol no camiño da cinsa:

Se vai ser forza que alumee

se vai ser gramo que colla río

TEXTOS PREMIADOS NO CERTAME LITERARIO DO SAMAÍN (1º e 2º da ESO) IES ISAAC DÍAZ PARDO | SADA


Con motivo da celebración do Samaín, o Equipo de Dinamización Lingüística e o Departamento de Lingua Galega e Literatura do IES Isaac Díaz Pardo organizaron un concurso de relatos. Reproducimos os tres textos gañadores.

Ilustracións de Carmen Castelo Monteagudo

PRIMEIRO PREMIO

Relato de Samaín

SARA PONCE BURGOS



O 30 de outubro, como calquera outro día, María, unha nena de trece anos, estaba preparando a súa mochila. Igual ca sempre, ao día seguinte tiña que ir ao instituto, pero cando foi gardar o estoxo decatouse de que non estaba na súa mesa (cosa que non entendía porque había uns minutos estivera facendo os deberes e usando todo o que tiña dentro del). Empezou a buscalo por todas as partes pero non o atopou, non estaba, o estoxo desaparecera.

Tiña présa, e polo tanto colleu outro e gardouno, pero momentos despois comezou a decatarse de que lle faltaban máis cousas, como o libro que sempre lía antes de durmir, unha lámpada que tiña na mesiña de noite, etc... Cada vez notaba que lle faltaban máis cousas. Non entendía nada, polo que decidiu ir durmir.

O día seguinte ao despertar mirou se algo do que non atopara onte volvía estar no seu lugar, pero non, como era de esperar, empezou a formar historias na súa cabeza: será que un fantasma está a esconderme as cousas, ou un esqueleto que está

a me facer unha broma, non tiña nin idea do que podía estar sucedendo pero o que tiña claro era que o Samaín chegara á súa casa, e non lle facía moita graza...

SEGUNDO PREMIO

O espello maldito

ALBA VIZOSO DE LA VEGA

A profesora de Plástica trouxo a clase, un 31 de outubro, un antigo espello cun marco moi traballado e manchas negras no cristal. Contoulle aos seus alumnos que era dun amigo anticuario e que o ía restaurar durante o trimestre. Deixouno apoiado na parte traseira da aula. Na última fila sentaban Brais e Mariña, que aos poucos minutos comezaron a escoitar unha voz de home que dicía claramente: «vén». Proviña, sen dúbida, do espello. Miráronse brancos de medo.

No recreo quedaron co seu amigo Lois en coarse aquela mesma noite no instituto e descubrir o misterio. Unha vez dentro acenderon as súas lanternas e, xa na aula de Plástica, na escuridade, viron uns ollos vermellos arrepiantes no espello. Acercáronse máis e dentro víanse ducias de nenos, algúns vestidos con roupa doutras épocas. Lois quixo tocar o cristal e, de súpeto, unha man aterradora colleuno dun brazo. Os seus amigos tiraron del e caeron xuntos no chan. Brais, sen pensar, rompeu o espello coa súa lanterna e saíron correndo de alí. Nunca esquecerían esa noite de Samaín.





TERCEIRO PREMIO

Golpes no coche

CAMILA MARTÍNEZ FRANCO

Unha familia, composta por dous pequenos e os seus pais, viaxaban por estrada a casa, cando o coche se lles avariou.

Os pais saíron buscar axuda e, para que os nenos non se aburrisen, deixáronos coa radio acesa. Caeu a noite e os pais seguían ser volver cando escoitaron unha esnaquizante noticia na radio: un asasino moi perigoso escapara dun centro penal próximo e pedían que se extremasen as precaucións.

As horas pasaban e os pais dos nenos non regresaban. De súpeto, empezaron a escoitar golpes que parecían provir de algo que golpeaba a parte de arriba do coche; eran cada vez máis rápidos e máis fortes: «poc, poc, poc». Os nenos, aterrados, non puideron resistir máis; abriron a porta e fuxiron a fume de carozo.

Só o maior dos nenos se atreveu a virar a cabeza para mirar que provocaba os golpes. Non debería facelo: sobre o coche había un home de grande tamaño que golpeaba a parte superior do vehículo con algo que tiña nas mans: eran as cabezas dos seus pais.

Acherontia Atropos

J. K. DE O.

Pechada como crisálida, aquela eiruga soñaba coa súa metamorfose.

Estaba inmóbil, sen se alimentar, só pensaba: voar..., brillar coas súas fermosas cores, e aquel debuxo que ía levar gravado no seu dorso. Estender as ás e voar.

Chegou o día, emerxeu da crisálida, e a bolboreta botou a voar, ...zis, zas, zis, zas, un, dous, aleteo, aleteo..., aire, brisa, vento... e voo.

Era unha marabillosa bolboreta, unha *Acherontia Atropos*, nin máis nin menos, coa súa propia marca, a da esfínxe caveira da morte, lepidóptero da especie *Sphingidae*.

Voou e revoou na xunqueira, na poza onde sempre vivira a súa familia, e reparou no sapo que croaba tras dun mazaroco.

Eu unha caveira e ti un sapo..., que cousa, meus Deus!

Foi instantánea a atracción.

Voou cara ao batracio, a quen se lle iluminou o día.

Meu Deus, que sucede! Un anxo vén cara a min!

E a bolboreta "A, A", estendendo a espiritrompa abrazou o sapo, que á súa vez lanzaba a súa pegañosa lingua, recibindo tal sinal de amor.

O impacto amoroso sentiuse en toda a poza, crepitou a xunqueira.

As ras deixaron de croar, os paporrubios voaron até os ameneiros, e londras e parrulos pararon un intre o seu cotián balbordo.

Que foi?

Entre o fusco e lusco estaba a acontecer un milagre, a verdadeira metamorfose. O sapo mudou nun músico orquestral, un pianista, co seu chaleco negro e o seu piano de cola, e a bolboreta, nunha fermosa bailarina de ballet. O sapopianista tecleou no seu piano interpretando Chaikovski, mentres a bailabolboreta danzaba ao son da peza que aquel interpretaba con dozura e paixón: *O lago dos cisnes*.

O concerto foi coreado por todos os habitantes da braña, que mudou nunha ópera, onde na caída da noite xoaniñas, escornapitos, avelaiñas, ras, cabaliños do demo gozaban da festa.

E dende a ponla dun salgueiro uns vagalumes daban o adeus a una noite de verán.



Ilustración de Eduardo Manuel Seoane Riveira

XOSÉ ANXO SEOANE CAO

Foi un serán morno de finais de marzo cando decidimos cortar o limoeiro da horta. Cando a avoa o plantara moitos anos atrás non contaba con que medraría tanto e agora as súas pólas ameazaban o soportal da casa e estaban a estragar a varanda da terraza. Podalo xa non serviría de nada.

—Xa avisará Xosé ao xardineiro—díxolle Cris ao seu irmán Bernardo.

Así foi como comezou esta historia. Eu recibín o encargo de me poñer en contacto con Xesús, o xardineiro de Souto que nos recomendara Marga e que uns meses antes nos podara as maceiras nun último intento de revivilas.

—Xesús, son Xosé, o do Cobo, lémbrese de min? Podounos as maceiras no inverno. Temos a casa a carón da de Marga, a nosa prima, decátase?

—Ah, si, xa sei!—dixo Xesús coa súa delicada e persoalísima voz.

—Precisabamos que nos cortara o limoeiro grande, sabe; o que está a carón da terraza. É que nos está rompendo os balaústres da terraza.

—Pero, queren podalo, ou cortalo de todo?—preguntouno con incerteza, supoño que para asegurarse de algo que ao mellor el como xardineiro non gustaba de facer.

—Si, cortalo de todo—asegureille eu con determinación.

—Pénseo ben, despois non lle hai remedio.—volveu a insistir.

—Xa está máis que pensado, Xesús, córteo.

E a pesar das súas reticencias quedamos en vernos o xoves ás cinco da tarde na nosa casa do Cobo.

Chegado o día, marchei despois de xantar para Miño. Eran as catro e media e púxenme a facer uns

choios que tiña pendentes na casa. Pasoume o tempo rapidamente. A iso das sete e media chamoume Cris:

—Que tal, cortaron xa o limoeiro?

—Que va! O xardineiro non apareceu por aquí.

—Que raro, pasaríalle algo? Por que non o chamas?

Fíxenlle caso á miña muller e chameino:

¡Ring, ring, ring...!

—Si, diga?

—Xesús, son Xosé, o do Cobo. Non quedamos ás cinco para cortar o limoeiro?

—Pero..., onde está agora?-preguntoume sorprendido.

—Onde vou estar, estou na casa, no Cobo. Levo aquí dende as catro e media!-contesteille nun ton mestura de anoxo e preocupación.

—Pero... Vostede non é o que ten a casa xunto á de Parrado?-agora a súa voz estaba máis crebada.

—Pero que Parrado! Eu son Xosé, o do Cobo. Non se lembra? Podounos as maceiras no inverno, non sabe.

—Pero entón non está en Loios, aquí ao lado da casa de Parrado?

Durante uns segundos houbo un dramático silencio. Os dous comezabamos a nos decatarnos de que algo malo tiña acontecido.

Xesús esgazou co seu laio ese momento:

—Ai, Dios mío, o que fixen! Ai, Dios mío, en que lío me metín!

Se non estaba chorando, pouco lle faltaba. Semellaba derrotado pola situación. Pero que drama tan terríbel lle ocorrería a este pobre xardineiro. E non puiden máis que preguntarlle, temendo a súa resposta:

—Que foi o que fixo, Xesús? Non será para tanto, home!

—Ai, Dios mío... Corteille o limoeiro a José!

E non deixaba de repetir insistentemente os seus lamentos:

—Ai, Dios mío, o que fixen! Ai, Dios mío, en que lío me metín!

—Pero como que lle cortou o limoeiro a José. Será a outro José?

—Claro, corteillo a José, pero ao de Loios.

—Pero como puido facer iso! Non estaba el na finca?-razoeille.

—Non, pero como pasaban das cinco e tiña a ferramenta..., pois ras, xa o cortei a rentes do chan.

—Ai, Dios mío, pero que fixen, nunca tal cousa me pasou!

Cumpríranse os peores presaxios. Alguén en Loios quedara sen limoeiro. E nós, no Cobo, co limoeiro sen cortar.

Pasado un momento no que non souben máis que escoitalo, quixen amañar o problema co noso limoeiro e quedei con el para o día seguinte. No transcorrer deste novo acordo, Xesús, vencido, queixoso, soltaba un aglaio de cando en vez:

—Ai Dios mío, pero en que lío me metín!

Definitivamente quedamos para o día seguinte á mesma hora.

Nese momento chegou Patricia, a miña cuñada, e conteille o asunto. Malia os inevitábeis risos, sentiamos pena polo infortunio e o mal momento que seguro estaba a pasar o bo do xardineiro.

De contado chamei a Cris para contarlle todo o sucedido. Repetíronse os risos e tamén a lamentación do mal trago que tiña que estar pasando este home. Fiando e fiando decatámonos de que o tal José, o de Loios, o que ten a finca a carón da casa de Parrado, debía ser *Pepiño*, que tamén é curmán noso e a quen tamén Marga lle recomendara o xardineiro.

—Coño, cortoulle o limoeiro a Pepiño. Un limoeiro de vinte anos cando menos!

Cando cheguei á casa, na Coruña, nada máis entrar, Cris e mais eu mirámonos con complicidade e, sen articular palabra, puxemos cara de incredulidade movendo a cabeza e apertando os beizos.

—Ai, pobre, que mal o estará pasando! Sabes que me chamou por teléfono ao pouco de falar contigo. Díxome que aínda que quedara mañá para cortar o limoeiro, non poderá ir. Estaba moi desgustado e por un tempo non ía cortar nada máis. Dixo

que xa te chamará máis adiante. Ademais mañá quere ir a recoller todo a Loios, que o deixou de calquera maneira. Pobre home, que desgusto ten!

—Pero como se puido confundir desa maneira. Eu ben lle dixen que era Xosé, o do Cobo. Que o limoeiro estaba a carón da terraza. Que nos podara as maceiras no inverno...

—Si, pero segundo me dixo a min, Pepiño tamén ten o limoeiro pegado á chabola e tamén lle acababa de podar as maceiras no inverno.

—Pois menos mal que non lle mandamos cortar tamén as maceiras porque Pepiño debe ter unha ducia delas!-retruquei.

Pasaron máis de seis meses e seguimos sen ter noticias de Xesús. Dende aquela, cando pasa por diante da nosa casa no Cobo, uns metros antes cruza a rúa, seguramente o fai inconscientemente

para non se lembrar do feito, ou precisamente porque non é quen de o esquecer.

Nós xa non temos limoeiro. Fómolo cortando pouco a pouco entre o meu cuñado e mais eu.

A anécdota foise espallando entre os nosos familiares e amigos e durante un tempo a pregunta era inevitábel:

—Que lle pasou ao limoeiro, Pepiño?

Xesús plantoulle un novo limoeiro na finca remediando dalgún xeito o equívoco e o desgusto. O bonito do caso é que cando Pepiño viu a Xesús logo de pasar o mal trago, para tranquilizalo, díxolle:

—Non se preocupe, Xesús, que vinte anos pasan deseguida!

Sen sabelo, posibelmente sen quere-lo, acababa de meterlle a puntilla definitiva.

Axenda 55

PARIS JOEL

Onde está a túa axenda de boas intencións,
todos eses cadáveres de promesas incumpridas,
hai moito que chegaches ó punto de non retorno,
e aínda vas na procesión do autoengano
politicamente correcto na cómplice mansedume
dos xenocidas que xogan ó Risk nun concurso global
sobre os tamaños das súas falocracias.
Colleito con vergoña olladas perdidas,
Sofás quentes de fútbol e cinema,
discursos equidistantes do sangue da infancia,
Dos entullos de Gaza, das sirenas antiaéreas Ukraínas,
do vermello coltán do Congo,
das famentas haimas saharauís,
e do silencio violado na intemperie feminina.
Maldigo os móbiles que inmovilizan,
os segredos que se agachan nas librerías,
o slogan sucio, mal intencionado,
e, sobre todo,
a inacción dos bos e xenerosos,
que apontoan por defecto ós ruins, ós malos.
Onde está a túa axenda de boas intencións,
Eses etílicos desexos de fin de ano,
mira ben ó teu redor,
e reza para que non sexan o teu epitafio.

Miguel e as correntes de auga

RUBÉN ANIDO REGUEIRO

Miguel soñaba case sempre con correntes de auga. Ao comezo de todo, cando foi minimamente consciente desta dimensión líquida da súa interioridade, asustouse: era algo así como un lento pero inevitábel deixarse levar sen poder facer nada para, dalgún xeito, contrarrestalo. Calculou que tería cinco anos de idade, e a partir daquel momento, como se se abrise unha porta que un vento imaxinario impedise pechar, os soños tornáronse recorrentes, e con esta recorrencia fixéronse mesmo obsesivos. Non tivo azos para llo dicir a ninguén. Había algo naquilo que o levaba a asocialo a unha vaga idea de pecado e derrota, tal se as correntes de auga funcionasen como un espeillo que recollese todo aquilo que a Miguel causaba dor e rexeitamento.

Na súa soidade, sobre todo antes de se deitar, Miguel esforzábase en imaxinar páramos infinitos e desertos insondáveis crendo deste xeito que as correntes de auga se irían esvaeendo dos seus soños ou, polo menos, mitigándose dalgunha maneira. Desexaba con todas as súas forzas ver dentro de si ermos dunha infinitude cortante e procelosa que para calquera serían pura desolación e a el levábano directamente á ledicia e a un profundo consolo, sentimentos que, ao cabo, se diluían no medio dunha paisaxe de ríos e torrentes cunha auga case conxelada cando sobreviña o soño. Loitaba e loitaba por asirse a algunha póla, por se suxeitar a algún saínte de calquera rocha, mais sempre era para nada: a forza líquida, con algo dunha intanxíbel e visguenta humidade, acababa arrastrándoo deica un lugar solitario, dun silencio absoluto e ateigado de escuras sombras.

Así chegou aos doce anos. Súa nai, desde había xa moito tempo, estaba preocupada por ver a Miguel sempre tan abaixado e sombrío, cun medo atroz ao se achegar a un río ou ao mar. Foran moitos os médicos aos que levou o rapaz, mais non achou ningún resultado. Dalgún xeito, aqueles soños sentía que a separaban do seu fillo, e no medio da súa calada desesperación tan só procuraba dar palabras de ánimo, ao cabo, inútiles.

–Ti non te preocupes por nada, fillo –dicíalle a cada paso, nerviosa, sen saber onde poñer as mans, fíxese o que fíxese–. Xa verás como achamos unha solución.

Non demorou en se albiscar unha posíbel saída a aquilo, e foi precisamente cando Miguel máis soñaba con ríos, regachos, regueiros e torrentes en tanto suspiraba por desertos e infinitas paraxes de terra baldía. Estevo o Coxo era, con moito, o home máis velleiro do lugar, unha sorte de ancián venerábel con xeitos de bruxo; encerrado entre as catro paredes da súa casopa –un tellado de uralita e unha manchea de taboleiros superpostos– atendía a un público á vez temeroso e desesperado.

Miguel e súa nai chegaron á casa de Estevo o Coxo un venres xa logo no luscofusco; a noite anterior, o rapaz soñara, cunha claridade asombrada, con enormes ríos cheos de peixes de cores que se detiñan ante o precipicio dunha grande ferverza cuxo termo era, simplemente, imposible de divisar. “Todo é cada vez máis grande, e a miña loita contra esas correntes resulta ser, ao cabo, unha tarefa imposible”, pensou nada máis espertar, coa claridade aínda leitosa do novo día a entrar polas físgoas da persiana do seu cuarto.




Ilustración de Carmen Castelo Monteagudo

Ía camiñando da man de súa nai por unha ruela gris e sucia. O vento coábase por aleiros, galerías e arcadas, atravesaba prazas desmanteladas e desembocaba non se sabía moi ben onde, pero tiña algo de sinistro e vagamente atemorizador. Sentía a respiración de súa nai e esa mirada fuxidía tan propia dela cando se atopaba nunha situación da que se teme non poder saír.

–Xa chegamos, fillo. Non te preocupes.

Levaba un pano de cores atado ao pescozo que contrastaba co gris da blusa e coa cor dos seus ollos, sempre apagados. Miguel observou en súa nai un temor antigo, e por un momento pensou nela cun algo de franca tenrura.

A casopa de Estevo o Coxo permanecía nunha escuridade mesta, grisalla, sucia e chea de po. Porén, cando entraron no cuarto onde atendía o público había algo máis de claridade, unha luz de infinidade de velas e cirios que lle imprimían a aquel espazo algo de antiga e case derrubada grandeza, como se un se achase ante as ruínas dun palacio destruído do que, con todo, aínda quedase algún friso ou algunha que outra columna sen calquera obxecto.

–Pasade, pasade sen medo. Esta é a vosa casa –dixo erguéndose dunha especie de butaca medio desventrada e abrindo moito os brazos.

A Miguel aquel home inspirábase algo máis aló do medo, unha sorte de terror esvaído e antigo manifestado nun brillo nos ollos e nun movemento case invisíbel da boca, tras a cal se deixaban ver, como un pequeno exército nocturno, multitude de dentes negros. Tanto súa nai coma el sentaron ante o bruxo, que se preocupou de facer un silencio incómodo moi ben medido. Ela expúxolle o caso con visíbel turbación, e facíao case atragoándose coas súas propias palabras e confundíndose cos seus xestos. A Miguel pareceulle que o tempo se detivera, como se toda a humanidade tivese desaparecido e tan só eles tres permanecesen aínda nun mundo en proceso de disolución.

–Míreme o fillo e cúremo, pídollo por favor –urxiu a nai, cuxo pano de cores pareceulle a Miguel a única cousa de verdadeira luz naquel espazo.

Achegouse o vello a Miguel e escrutou os seus ollos até o máis profundo. O neno, estremecido, descubriu na mirada de Estevo o Coxo mares infinitos de azul e praias desertas cubertas dunha chuvia lenta pero tenaz. Case sen o poder evitar, Miguel mirou dentro de si e achou unha paisaxe similar á de sempre, coas variacións inevitábeis: un río caudaloso con algo de salvaxe arrastraba leños e lambía as rochas que atopaba ao seu paso. Algo dunha luz peneirada polas copas das árbores chegaba a todos os lugares deixando un pouso de estremecida humidade. Miguel sentía como o seu corpo se ía enchendo de auga mentres a mirada se lle enturbaba lixeiramente.

–Dime que sentes, neno.

A voz de Estevo o Coxo reunía á vez un ton case imperativo coa delicadeza dunha luz morna. A Miguel pareceulle até agradábel, aínda que non se lle ocorrería xamais, por algunha razón cuxo principio se lle escapaba, admitir este feito.

Correntes de auga infinitas baixo unha chuvia pertinaz, colorida, traspasada de luz, eran sentidas por un Miguel que se vía a si mesmo na mirada do bruxo, agora con algo de ponte quebradiza, fráxil. A ponte facíase baixo a chuvia, e salvaba as dúas ribeiras do río imaxinado e soñado por Miguel. Era fráxil, pero supoñía un grande alivio, unha escapatória a tanta soidade acumulada.

–Podes ver a ponte, neno? É importante que a vexas, que a sintas, que a toques mesmo.

Miguel asentía calorosamente, deixándose levar pola voz tan chea de luz como de urxencias. Sentiu que debía facer un esforzo.

Aquela construción tendíase ante el como unha difícil promesa de felicidade. Un leve olor a brea chegoulle como unha aberta indefiníbel. Unha brisa morna, lixeiramente salobre, aparecía suspendida no aire, e Miguel, tentando coas mans a varanda da ponte, entendeu que todo se reducía, incluíndoo a el mesmo, ao absurdo da soidade, unha soidade aceirada na que, dalgunha maneira, o pano de cores de súa nai tiña para el algo de invitación ao abandono.

–Empeza a camiñar, neno. Non teñas dúbidas, apresúrate.

A urxencia das palabras de Estevo o Coxo impelían a Miguel a seguir, a non reparar na enorme corrente de auga aos seus pés, tan ameazadora como unha multitude de coitelas. A ponte, de repente, figuróuselle a Miguel como un salvavidas tan enorme como feble. Nel trazábase, sen palabras nin imaxes, unha vaga idea de deserto, tan tenue na súa concepción como o puidese ser unha brevísima esfera de luz ao alcance da man.

–Camiña! Non te deteñas, neno! –case bramou o bruxo como deixándose levar polo impulso do prodixio, da mirada.

Miguel sabía que un ceo de metal lixeiramente brumoso se situaba por enriba da súa cabeza. Mellor non mirar para arriba, mellor encamiñarse pola senda marcada pola ponte, cuxas táboas tremían lixeiramente co peso do seu corpo. Miguel pensou que algo tan real non podía prolongarse demasiado no tempo, e apresurouse. Cada paso del supoñía unha táboa a se estremecer para, a continuación, estar a piques de romper e así até o final. O final? Non era capaz de o avistar, aínda que o intuía vagamente, como unha esperanza de quietude.

–Non te deteñas! Non o fagas, neno!

Ás veces a ponte transformábase, como un lóstrego, no cuarto de Estevo o Coxo para, a continuación, volver ao principio. No medio e medio dela, a Miguel calquera movemento lle pareceu algo simplemente imposible. Na súa cabeza resoaban as palabras do vello, cada vez cun maior grao de apresuramento e, quizais, de desaparición. Veuse a si mesmo como un pobre pusilánime incapaz de loitar, de se abrir camiño, de avanzar por unha ponte cada vez máis menoscabada, talvez a causa da forza do río que discorría, enorme e caudaloso, baixo dela.

Pensou en súa nai por un intre, inconscientemente, e abrigou para si a certeza de se tratar tan só dunha comparsa, da sombra dunha sombra. Por fronte dela, Estevo o Coxo erixíase como

un ser sobrenatural, enorme, aureolado dunha luz tenue, case imperceptíbel pero absolutamente verdadeira.

En ocasións, a Miguel parecíalle que a ponte se esvaía ante os seus ollos. Isto sobreviña xusto antes de que todo mudase de cor até chegar a un espazo indefiníbel –un espazo sen espazo, como algo mental– onde predominaba un reino de transparencias coas correntes de auga sempre presentes. Por enriba de todo estaba o río caudaloso, ás veces con follas a aboiaren na súa superficie de espello de azougue deslucido, velleiro, con algo de madeira quebradiza.

–Avanza, neno. Avanza, non te deteñas.

Sentiu Miguel a voz agora como un murmurio, como unha ladaíña, como o rosario entoado por un coro de vellas nunha anoitecida calquera. Unha ladaíña inspiradora dun profundo respecto. Escura como a noite, acaso máis aínda.

Mais co río sobreveu o verxel, un reflexo de verxel todo de flores de mil cores e árbores de mil anos. Miguel non pensou, non aspirou a un deserto, senón que cifrou a súa saída da maraña de visións na contemplación do verxel, da súa luminosa claridade.

Cando volveu ver a ponte baixo os seus pés, co río correndo a unha distancia tan indefiníbel como certa, Miguel sobresaltouse: sentiu unha bandada de pombas voándolle por dentro do peito, rozando co límite das súas azas o límite mesmo da súa sensibilidade. Foi entón cando todo, case absurdamente, se disipou: á outra beira da ponte non había nada máis alá que os ollos de Estevo o Coxo, fixos nel de moi atemorizadora maneira. Sobra acaso dicir que non volveu Miguel a soñar con correntes de auga, e súa nai desfíxose definitivamente do pano de cores.

MEMORIA DE ACTIVIDADES 06-12|2023

PUBLICACIONES

AREAL. REVISTA CULTURAL DE SADA
Nº 26 [06|2023]

CADERNOS DE ESTUDOS LOCAIS

Nº 39 [12|2023] *Manuel Suárez de Concha. Nota biográfica nos 50 anos da súa primeira exposición en Galicia*

ACTOS

30|06|2022 · CAPELA DE SAN ROQUE

Presentación do nº 26 de *Areal. Revista Cultural de Sada*

02|08|2023 · CAPELA DE SAN ROQUE

Presentación de *La Pardo y los rusos*, coa autora, María Chups, Abel López e actuación de Nova Troula

11|08|2023 · PASEO MARÍTIMO DE SADA

Ofrenda floral ante o monumento ás vítimas da represión franquista en Sada, no aniversario do asasinato de M. Prego, A. Carballeira e X. A. Suárez Picallo

02|10|2023 · LOCAL DA AC ALEXANDRE BÓVEDA (A CORUÑA)

Palestra *Reivindicando o acceso á beleza. Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside*, coorganizada coa AC Alexandre Bóveda, con Carmela Galego, Mercedes Queixas e Manuel Pérez Lorenzo

06|10|2023 · CAPELA DE SAN ROQUE

Presentación de *El tiempo de la sal*, coa autora, María Teresa Pereiro, e Mercedes Leobalde

14|10|2023 · CEMITERIO DO FIUNCHEDO

Ofrenda floral a Ramón Suárez Picallo no aniversario da súa morte e do traslado dos se corpo a Sada

06|12|2021 · SOCIEDAD RCyD DE SADA

Homenaxe a Manuel Suárez de Concha con motivo dos 50 anos da súa primeira exposición en Galicia. Coorganizada co Grupo Esperto

OUTROS

09|2023

A AC irmáns Suárez Picallo presenta alegacións ao expediente que incoa o procedemento para declarar ben de interese cultural o Museo Carlos Maside

11|2023 · CEMITERIO DE TRASANQUELOS

Acompañamos o proceso de localización no cemiterio de Trasanquelos (Oza-Cesuras) dos restos de Rafael Fernández Casas, asasinado en 1936 cando era mestre en Souto (Carnoedo). Os traballos foron coordinados polo grupo de investigación Histagra (USC) a petición da AC Irmáns Suárez Picallo e do fillo de Rafael

19|11|2023 · PAZO DE MEIRÁS-SADA


Colaboramos con Rutas de Historia nunha visita guiada (a cargo de Abel López e Carlos Babío) ao pazo de Meirás e á vila de Sada



FISIOTERAPIA
SADA

☎ 981 623 411 - 618 818 174

✉ fisioterapiasada@gmail.com



PANADEROS
desde 1948



PASTELERÍA - HELADERÍA

CARNOEDO

Chan da Aldea, 14

981 623 225

Fonteculler

Avda. Fonteculler, 27-29

981 650 225

SADA


R/ Pontedeume, 7

981 624 695

A CORUÑA

R/ Juan Flórez, 62

981 912 391



الباقي
Tetería - Bar

Rúa da Obra 6 SADA (A Coruña)



areal

SE QUERES
COLABORAR
CON NÓS, PODES
FACERTE SOCI@
DA A. C. IRMÁNS
SUÁREZ PICALLO
EN AREAL.GAL

SERICUM
graphe

TALLER DE SERIGRAFÍA - DENDE 1979 -

RÚA VENEZUELA 3 - SADA ☎ 677 702 747

📷 SERICUM_GRAPHE INFO@SERICUMGRAPHE.COM

WWW.SERICUMGRAPHE.COM

Panadería M. COBOS



ESPECIALIDADES:
Empanada Gallega - Tortas de Anís
Bollería de todo tipo - Tartas caseras
Torta Roscón

Rosalía de Castro, 4 bajo izqda.
15160 FONTÁN - SADA (A Coruña)
Telf. 981 620 973



PABLO PITA

PELUQUERÍA MASCULINA

AV DA MARIÑA Nº 18-19 | ENTRESUELO B
TELÉFONO PARA CITAS: 722793090
TAMBIÉN CITAS POR WHATSAPP



EL CANALLA

sada

avda. do porto, 30

Roberto Ríos

centro de peluquería
belleza y bienestar

ESCUELA DE DANZA
CARMEN LÓPEZ
Baile peques, jazz, zumba,
ballet adultos, bailes
latinos, GAP-ABP, danza
del vientre, pilates

Síguenos en
facebook

C/Betanzos, 1-bajo. 15160 SADA (A Coruña)
Telf.: 881 872 352

BEBES Y JUGUETES Plaza de la Iglesia, Nº 1
Telf.: 981.62.38.78

BICIS Y JARDÍN Calle Chaburra, Nº 12
Telf.: 981.62.36.05



ciclos Paco



A Nosa Viña

BAR

C/. Obra, nº 12 - 15160 SADA (A Coruña)
Tfno.: 675 648 367

EL ESTANCO de Papi




Avda. Barrié de la Maza, 64.
15160 SADA



Marichelo

Lencería

Avda. Da Mariña, 13 - Telf.:981 620 418
SADA



Taberna A Perla

CARNES Y PESCADOS A LA PIEDRA

RESERVAS
881 943 754 - 658 370 637
Praciña do Conde, 5, SADA - A Coruña

Galerna

CERVECERÍA - MESÓN



Avenida del Puerto, 25 - 2
Telf.: 981 977 020
SADA

MESÓN

Costa da Morte

981 62 19 78

Travesía Delicias, n. 4
15160 Sada



asesoría pérez

Administración de fincas • Seguros
A. Fiscal y Laboral • Inmobiliaria

Avda. República Argentina, 24
Telf. 981 62 02 83 - Fax: 981 62 14 42
Móvil: +34 687 717 098
Email: asesoriaperezweb@gmail.com
15160 SADA (A Coruña)
www.asesoriaperez.es

IC

CENTRO DE FISIOTERAPIA

Inés Calaza Cal Col. N° 990



C/La Laguna 44, baixo 7
15160 Sada (A Coruña)

662 42 85 43
lc.fisioterapeuta@gmail.com

COVAD'ANCA

fontán - sada



alda hotels

BEST PRICE, LOCATION AND SERVICE

COPITEC*d*ixital

www.copitecdixital.com



imprime, copia, escanea, envia

✉ info@copitecdixital.com ☎ 981 77 50 69 ☎ 660 399 765
C/ Rosalía de Castro 14 b 15.00 BETANZOS - A Coruña



TUMBADOIRO

GEAR SOLUTIONS

www.tumbadoiro.com
R/Tumbadoiro 13, 15168
Meirás, Sada (A Coruña)

Tel.: +34 981 62 33 83
Fax: +34 981 62 10 37
Email: tumbadoiro@tumbadoiro.com

CASA DA CULTURA "PINTOR LLORENS"
CAFETERIA



Avenida do Porto, 15160 Sada, A Coruña

ArtBy's

GALERÍA DE ARTE

San Andrés, 122 15003 A Coruña.
981.905.449 680.430.779 Artbys.es

AREAL NON SE RESPONSABILIZA DA OPINIÓN DAS AUTORAS E AUTORES

www.areal.gal

NA VILA DE SADA

ROCK FOR LIGHT

FERMOSAS TATUAXES · EGI-
TAS · POR · PÉREZ · NA · PRI-
MEIRA · TRAVESIA · DA · OBRA
PRA · XENTE · DO · SEU · RUGIRO
OU · PRA · QUEN · AS · QUEIRA
LEVAR · NO · SEU · CORPO

IDEIA NASCIDA:

NA VILA DE VIVEIRO

E MAIS ESCOT-
RAS DE SILÁN



Copy Sada

Centro de impresión digital
Estampación textil
Impresión 3D
Pleteos-Rótulos

Praza da Igrexa Nova, 16
15160 - Sada, A Coruña
Telf: 881.892.983 - 644.633.884
ventas@copysada.com



Opinión e actualidade

[1] A entrevista: Montse Pena Presas

[5] Colectivos de Sada. Eu no club de baloncesto Golfiños de Sada | Xacobe Anido Castro

[7] Os traballos de recuperación dos restos de Rafael Fernández Casas parecen finalizar con éxito | Abel López Soto

[12] Sobre as eleccións presidenciais na República Argentina | José Luis Meirás

Estudos Locais

[15] Sociedade Vigilancia de la Ría. Un recoñecemento pendente | Xabier Brisset Martín

[20] Cerámicas do Castro: o valor cultural dun conxunto que debe ser protexido | Manuel Pérez Lorenzo

Estudos Xerais

[26] A música reservada dos sonetos de Luísa Villalta | Miro Villar

[30] O cárcere coruñés sentenciado ao silencio | Claudia Varela Lourido

[33] A III Exposición de Arte Galega da Coruña de 1923 | Xesús Torres Regueiro

[40] No cincuentenario da súa morte. Catro cartas de Urbano Lugrís a Álvaro Cebreiro | Xesús Torres Regueiro

[46] 50 anos do pasamento de Urbano Lugrís (2ª parte) | Manuel Lugrís Rodríguez

Documentos

[52] A Terraza. 100 anos en Sada

[56] A imaxe comentada | Memoria de Sada

[57] O curruncho da lingua | Mercedes Leobalde

[63] As recomendacións de Sergio Modia

Creación

[64] Miro Villar | Mercedes Rodríguez Bolaño | Sara Ponce Burgos | Alba Vizoso de la Vega | Camila Martínez Franco | J. K. de O. | Xosé Anxo Seoane Cao | Paris Joel | Rubén Anido Regueiro


[78] Memoria de ctividades



edita



patrocinan



CONSULTA TAMÉN A REVISTA ÍNTEGRA NA SÚA EDICIÓN DIXITAL

www.areal.gal